

PROGRAMACIÓN MATEMÁTICAS

E.S.O E BACHARELATO

**I.E.S ALLARIZ
CURSO 2019/20**

DPTO MATEMÁTICAS

Índice

Materia	Página
Matemáticas 1º ESO	1
Matemáticas 2º ESO	27
Matemáticas 3º ESO Académicas	55
Matemáticas 3º ESO Aplicadas	82
Matemáticas 4º ESO Académicas	109
Matemáticas 4º ESO Aplicadas	135
Matemáticas 1º BACH - Matemáticas I	161
Matemáticas 1º BACH - Ciencias Sociais	193
Matemáticas 2º BACH - Matemáticas II	222
Matemáticas 2º BACH - Ciencias Sociais	250
Métodos estadísticos e numéricos	275

Curso: 2019/20	1º ESO
Profesorado:	Estrella Pérez López y Patricia Augusto Rúa (A.E)
Idioma:	Castelán.

1. Obxectivos xerais de Educación Secundaria.
2. Obxectivos da área de Matemáticas 1.º ESO.
3. Descritores.
4. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.
5. Cadro de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
6. Contidos mínimos.
7. Temporalización.
8. Metodoloxía didáctica.
9. Actividades complementarias.
10. Procedementos para a avaliación.
11. Recursos didácticos.
12. Medidas de atención á diversidade e inclusión.
13. Avaliación inicial.
14. Avaliación extraordinaria.
15. Materias pendentes.
16. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas.
18. Concreción dos elementos transversais.

1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do

coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE 1ºESO

A área de Matemáticas de 1.º ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- ✓ Incorporar a terminoloxía matemática á linguaxe habitual co fin de mellorar o rigor e a precisión na comunicación.
- ✓ Identificar e interpretar os elementos matemáticos presentes na información que chega do contorno (medios de comunicación, publicidade...), analizando criticamente o papel que desempeñan.
- ✓ Incorporar os números negativos ao campo numérico coñecido, realizar operacións básicas con números fraccionarios e afondar no coñecemento das operacións con números decimais.
- ✓ Iniciar o estudo das relacións de divisibilidade e de proporcionalidade, incorporando os recursos que ofrecen á resolución de problemas aritméticos.
- ✓ Utilizar con soltura o Sistema Métrico Decimal (lonxitude, peso, capacidade e superficie).
- ✓ Iniciar o alumnado na utilización de formas de pensamento lóxico na resolución de problemas.
- ✓ Formular conxecturas e comprobalas na realización de pequenas investigacións.
- ✓ Utilizar estratexias de elaboración persoal para a análise de situacións concretas e a resolución de problemas.
- ✓ Organizar e relacionar informacións diversas de cara á consecución dun obxectivo ou á resolución dun problema, xa sexa do ámbito das matemáticas ou da vida cotiá.

- ✓ Clasificar aqueles aspectos da realidade que permitan analizala e interpretala, utilizando sinxelas técnicas de recollida, xestión e representación de datos.
- ✓ Recoñecer a realidade como diversa e susceptible de ser interpretada desde distintos puntos de vista e analizada segundo diversos criterios e graos de profundidade.
- ✓ Identificar as formas e as figuras planas, analizando as súas propiedades e as súas relacións xeométricas.
- ✓ Utilizar métodos de experimentación manipulativa e gráfica como medio de investigación en xeometría.
- ✓ Utilizar os recursos tecnolóxicos con sentido crítico, como axuda na aprendizaxe e nas aplicacións instrumentais das matemáticas.
- ✓ Actuar nas actividades matemáticas de acordo con modos propios de matemáticos, como a exploración sistemática de alternativas, a flexibilidade para cambiar de punto de vista, a perseveranza na busca de solucións, o recurso á particularización, á sistematización, etc.
- ✓ Descubrir e apreciar as súas propias capacidades matemáticas para afrontar situacións nas que as necesiten.

3. DESCRITORES

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRITORES
COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.

	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario axeitado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

COMPETENCIA DIXITAL (CD)	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS (CEC)	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.

	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIEP)	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo, superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

APRENDER A APRENDER (CAA)	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica, cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúñas áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse

desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, débennos conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Matemáticas

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida.

Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sostibilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas coa capacidade crítica e coa visión razoada e razoable das persoas.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece arredor nosa.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de xeito individual ou colectivo.

Esta visión da competencia en comunicación lingüística vinculada con prácticas sociais determinadas ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e clara, calquera tipo de información.

- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun contorno dixital.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo persoal e considéralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daqueloutras relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade –entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa–, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación onde intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos contornos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Identificar potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

5. CADRO DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Os contidos da área de Matemáticas agrúpanse en varios bloques. Os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fórmulanse para o primeiro ciclo de Educación Secundaria; aínda que soamente vai aparecer o referente a 1.º ESO.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan interiorizar unha cultura científica; os alumnos e as alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu contorno.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Matemáticas. 1º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas			
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Expresar verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.1.1. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, relato exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, relato exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas. 1º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas as importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.4.2. Formúlase novos problemas a partir dun resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE CSC

Matemáticas. 1º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
individual e en equipo.		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CCEC
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE CSC
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas, e aprender diso para situacións similares futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e apréndeo para situacións futuras similares. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> Recollida ordenada e organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas. 1º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estadísticas, extraer información e elaborar conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios coa ferramenta tecnolóxica axeitada (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, e compárteos para a súa discusión ou difusión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 2. Números e álgebra			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Números negativos: significado e utilización en contextos reais. ▪ B2.2. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora. ▪ B2.3. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Matemáticas. 1º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Números decimais: representación, ordenación e operacións. ▪ B2.5. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións. ▪ B2.6. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións. ▪ B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas. ▪ B2.8. Xerarquía das operacións. ▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Divisibilidade dos números naturais: criterios de divisibilidade. ▪ B2.11. Números primos e compostos. Descomposición dun número en factores. Descomposición en factores primos. ▪ B2.12. Múltiplos e divisores comúns a varios números. Máximo común divisor e mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais. ▪ B2.13. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións. ▪ B2.14. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes. ▪ B2.8. Xerarquía das operacións. ▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.2. Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégaos en exercicios, actividades e problemas contextualizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.3. Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado, e aplicaos a problemas contextualizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.4. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.5. Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro, comprendendo o seu significado e contextualizándoo en problemas da vida real. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.6. Realiza operacións de redondeo e truncamento de números decimais, coñecendo o grao de aproximación, e aplicaos a casos concretos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.7. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Matemáticas. 1º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> MAB2.2.8. Utiliza a notación científica, e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Xerarquía das operacións. B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando diferentes estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.15. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais. B2.16. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directamente proporcionais. Constante de proporcionalidade. B2.17. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou variacións porcentuais. Repartición directamente proporcional. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directamente proporcionais. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaas para resolver problemas en situacións cotiás. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.18. Iniciación á linguaxe alxébrica. B2.19. Tradución de expresións da linguaxe cotiá, que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa. B2.20. Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo: números triangulares, cadrados, pentagonais, etc. B2.21. A linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e as leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB2.6.1. Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB2.6.2. Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaaas mediante a linguaxe alxébrica e utilízaaas para facer predicións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas. 1º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> B2.22. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita (métodos alxébrico e gráfico). Resolución. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro grao, aplicando para a súa resolución métodos alxébricos ou gráficos, e contrastar os resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB2.7.1. Comproba, dada unha ecuación, se un número é solución desta. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB2.7.2. Formula alxébricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro grao, resólvea e interpreta o resultado obtido. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 3. Xeometría			
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Elementos básicos da xeometría do plano. Relacións e propiedades de figuras no plano: paralelismo e perpendicularidade. B3.2. Ángulos e as súas relacións. B3.3. Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz. Propiedades. B3.4. Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais. B3.5. Clasificación de triángulos e cuadriláteros. Propiedades e relacións. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Recoñecer e describir figuras planas, os seus elementos e as súas propiedades características para clasificalas, identificar situacións, describir o contexto físico e abordar problemas da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB3.1.1. Recoñece e describe as propiedades características dos polígonos regulares (ángulos interiores, ángulos centrais, diagonais, apotema, simetrías, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB3.1.2. Define os elementos característicos dos triángulos, trazando estes e coñecendo a propiedade común a cada un deles, e clasifícaos atendendo tanto aos seus lados como aos seus ángulos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB3.1.3. Clasifica os cuadriláteros e os paralelogramos atendendo ao paralelismo entre os seus lados opostos e coñecendo as súas propiedades referentes a ángulos, lados e diagonais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB3.1.4. Identifica as propiedades xeométricas que caracterizan os puntos da circunferencia e o círculo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Medida e cálculo de ángulos de figuras planas. B3.7. Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Cálculo de áreas por descomposición en figuras simples. B3.8. Circunferencia, círculo, arcos e sectores circulares. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Utilizar estratexias, ferramentas tecnolóxicas e técnicas simples da xeometría analítica plana para a resolución de problemas de perímetros, áreas e ángulos de figuras planas, utilizando a linguaxe matemática axeitada, e expresar o procedemento seguido na resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB3.2.1. Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas e as técnicas xeométricas máis apropiadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB3.2.2. Calcula a lonxitude da circunferencia, a área do círculo, a lonxitude dun arco e a área dun sector circular, e aplícaa para resolver problemas xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B3.9. Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos e clasificación. Áreas e volumes. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> MAB3.3.1. Analiza e identifica as características de corpos xeométricos, utilizando a linguaxe xeométrica axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB3.3.2. Constrúe seccións sinxelas dos corpos xeométricos, a partir de cortes con planos, mentalmente e utilizando os medios tecnolóxicos axeitados. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB3.3.3. Identifica os corpos xeométricos a partir dos seus desenvolvementos planos e reciprocamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas. 1º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico. ▪ B3.11. Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Resolver problemas que leven consigo o cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico, utilizando propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.4.1. Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
Bloque 4. Funcións			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coordenadas cartesianas: representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Coñecer, manexar e interpretar o sistema de coordenadas cartesianas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB4.1.1. Localiza puntos no plano a partir das súas coordenadas e nomea puntos do plano escribindo as súas coordenadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación, pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB4.2.1. Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras e elixe a máis adecuada en función do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Comprender o concepto de función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB4.3.1. Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta. ▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecer, representar e analizar as funcións lineais, e utilízalas para resolver problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB4.4.1. Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB4.4.2. Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB4.4.3. Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes e represéntaa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB4.4.4. Estuda situacións reais sinxelas e, apoiándose en recursos tecnolóxicos, identifica o modelo matemático funcional (lineal ou afin) máis axeitado para explicalas, e realiza predicións e simulacións sobre o seu comportamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
Bloque 5. Estatística e probabilidade			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Poboación e individuo. Mostra. Variables estatísticas. ▪ B5.2. Variables cualitativas e cuantitativas. ▪ B5.3. Frecuencias absolutas, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.1.1. Comprende o significado de poboación, mostra e individuo desde o punto de vista da estatística, entende que as mostrase empregan para obter información da poboación cando son representativas, e aplícaos a casos concretos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Matemáticas. 1º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
relativas e acumuladas. ■ B5.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia. ■ B5.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias. ■ B5.6. Medidas de tendencia central.	apropiados e as ferramentas adecuadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos.	■ MAB5.1.2. Recoñece e propón exemplos de distintos tipos de variables estatísticas, tanto cualitativas como cuantitativas.	■ CMCCT
		■ MAB5.1.3. Organiza datos obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas e acumuladas, e represéntaas graficamente.	■ CMCCT
		■ MAB5.1.4. Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano) e a moda (intervalo modal), e emprégaoas para interpretar un conxunto de datos elixindo o máis axeitado, e para resolver problemas.	■ CMCCT
		■ MAB5.1.5. Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.	■ CMCCT
■ B5.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia. ■ B5.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias. ■ B5.6. Medidas de tendencia central. ■ B5.7. Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes.	■ B5.2. Utilizar ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficas estatísticas, calcular parámetros relevantes e comunicar os resultados obtidos que responden ás preguntas formuladas previamente sobre a situación estudada.	■ MAB5.2.1. Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central.	■ CMCCT
		■ MAB5.2.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada.	■ CMCCT
■ B5.8. Fenómenos deterministas e aleatorios. ■ B5.9. Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación. ■ B5.10. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación.	■ B5.3. Diferenciar os fenómenos deterministas dos aleatorios, valorando a posibilidade que ofrecen as matemáticas para analizar e facer predicións razoables acerca do comportamento dos aleatorios a partir das regularidades obtidas ao repetir un número significativo de veces a experiencia aleatoria, ou o cálculo da súa probabilidade.	■ MAB5.3.1. Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas.	■ CMCCT
		■ MAB5.3.2. Calcula a frecuencia relativa dun suceso mediante a experimentación.	■ CMCCT
		■ MAB5.3.3. Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación.	■ CMCCT
■ B5.11. Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables. ■ B5.12. Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos. ■ B5.13. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos.	■ B5.4. Inducir a noción de probabilidade a partir do concepto de frecuencia relativa e como medida de incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a experimentación.	■ MAB5.4.1. Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos.	■ CMCCT
		■ MAB5.4.2. Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.	■ CMCCT
		■ MAB5.4.3. Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción e como porcentaxe.	■ CMCCT

6. CONTIDOS MÍNIMOS.

NÚMEROS E OPERACIÓNS

- Calcular o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo e aplicalo a problemas sinxelos.
- Calcular o produto e o cociente de potencias da mesma base, as potencias de potencias e raíces cadradas exactas.
- Resolver operacións combinadas con números naturais, enteiros, decimais e fraccións aplicando adecuadamente a xerarquía das operacións e os parénteses.
- Resolver problemas sinxelos da vida cotiá cos números naturais, enteiros, decimais e fraccións.
- Resolver problemas sinxelos de proporcionalidade e porcentaxes.

ÁLXEBA

- Expresar enunciados sinxelos en linguaxe alxébrica ou viceversa.
- Realizar operacións básicas con polinomios e calcular valor numérico de expresións alxébricas.
- Resolver ecuacións sinxelas de primeiro grao.

XEOMETRÍA

- Figuras planas elementais. Elementos principais. Teorema de Pitágoras.
- Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas.

FUNCIÓNS I ESTADÍSTICA

- Representar e identificar puntos nun sistema de eixes coordenados.
- Representar unha gráfica a partir dunha táboa de valores.
- Recoller e organizar datos en táboas de frecuencias, elaborar gráficos estatísticos e calcular parámetros de centralización.

7. TEMPORALIZACIÓN.

1º ESO	
1ª AVALIACIÓN	
U.1. Os números naturais.	2 semanas
U.2. Potencias e raíces.	2 semanas
U.3. Divisibilidade.	2 semanas
U.4. Os números enteiros.	3 semanas
U.5. Os números decimais.	2 semanas
U.6. O sistema métrico decimal.	2 semanas
2ª AVALIACIÓN	
U.7. As fraccións.	2 semanas
U.8. Operacións con fraccións.	3 semanas

U.9. Proporcionalidade e porcentaxes.	3 semanas
U.10. Álgebra.	3 semanas
3ª AVALIACIÓN	
U.11. Rectas e ángulos.	2 semanas
U.12. Figuras xeométricas.	2 semanas
U.13. Áreas e perímetros.	2 semanas
U.14. Gráficas de funcións.	2 semanas
U.15. Estatística e probabilidade.	2 semanas

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A ensinanza secuenciarase partindo de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outros máis complexos. Empregaranse estratexias expositivas para ensinar feitos e conceptos que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas. Esta exposición será clara, formulando as interaccións entre contidos propios da materia e os doutras disciplinas, sen esquecer vincular estes con contextos reais.

Faranse actividades relacionadas coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo á súa vez a adquisición de conceptos, dado que poñen ao alumnado en situacións que fomentan a súa reflexión, o emprego das súas ideas e conceptos e o desenvolvemento do razoamento lóxico. Ademais son útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores. Estas actividades traballaranse individualmente ou en pequenos grupos.

Fomentarase a participación de todos os alumnos e de todas as alumnas, dinamizando as sesións co intercambio verbal e colectivo de ideas e tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades e a capacidade de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido, ademais de favorecer o pensamento autónomo, crítico e rigoroso. Neste sentido, logo de traballar cada actividade, un alumno ou unha alumna presentará no encerado a súa resolución e o resto do grupo comprobará se a resolución é correcta, axudando na corrección dos erros que poidan detectar.

Fomentarase a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá. A realización polo alumnado de actividades ou traballos complementarios de aplicación ou indagación, posibilitarán o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe. Neste sentido realizaranse actividades TIC.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

- Visitas a empresas e organismos relacionados cos contidos da materia.
- Asistencia a charlas, exposicións e conferencias de interese.
- Participación en convocatorias de actividades organizadas por institucións públicas ou privadas, que estén relacionadas coas Matemáticas

- Celebración, en colaboración con todos os Departamentos interesados, da **Semana da Ciencia**.

10. PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN.

Os alumnos terán ó menos dúas probas escritas por avaliación. Si ningunha das notas baixa de 2 farase a nota media delas o que suporá o 90% da nota da avaliación. Valorarase ademais o esforzo feito na clase, a presentación dos exercicios, a participación, comportamento, etc... que suporá o 10% restante. Hai que ter en conta ademais que para que a avaliación sexa positiva é imprescindible a presentación do cuaderno de traballo completo.

Haberá recuperacións na primeira e na segunda avaliacións. Si a nota da recuperación sigue sendo menor que 5 a avaliación non queda recuperada e será esta a nota que se terá en conta cara a avaliación final. Si a nota da recuperación é maior que 5 considerarase a avaliación aprobada.

Ó final do curso haberá unha proba de recuperación de avaliacións pendentes, pódese empregar esa proba para facer a recuperación da terceira avaliación ou facer unha proba independente, pero "en ningún caso" se poderá recuperar a asignatura completa nese exame final.

Aqueles alumnos que perderan a escolaridade por faltas de asistencia a clase sen xustificar ou que copiaran nalgún exame terán dereito a presentarse a dita proba, previa entrega do caderno e dos traballos do curso.

Si a nota dalgunha das avaliacións é maior que 4 e non chega a 5 o profesor correspondente pode decidir, según o comportamento e a actitude do alumno ó longo do curso, si este debe repetir esa parte no exame final ou si se compensa co resto das notas.

É obrigatorio presentarse ós exames programados ó longo do curso. Se algún alumno non asiste a algún exame, tanto de avaliación como de recuperación, debe traer un xustificante médico se foi por enfermidade para que teña dereito a que o profesor lle repita o exame. Si a causa non é médica os pais do alumno ou os seus representantes legais deberán poñerse en contacto directamente co profesor da asignatura antes da realización da proba. Considerarase abandono manifesto da asignatura a non presentación do alumno a algunha recuperación extra, sexa tanto a de xuño coma a de setembro.

11. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais e recursos que se empregarán son:

- Libro de Anaya de 1º ESO Matemáticas.
- Caderno de actividades do alumno ou da alumna e material escolar básico.
- Calculadora científica.
- Revistas científicas e xornais.
- Biblioteca do Centro.
- Encerado clásico e encerado dixital.
- Ordenador e páxinas web relacionadas.
- Calquera outro material que o profesor estime oportuno nun momento dado.

12. MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN.

O nivel do alumnado pode non ser homoxéneo. Algúns alumnos ou algunhas alumnas poden necesitar unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, ter dificultades específicas de aprendizaxe, TDHA, altas capacidades intelectuais, incorporarse tarde ao sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar. O profesor ou a profesora fará o posible para todos os alumnos e todas as alumnas acaden o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional e, en todo caso, os obxectivos e competencias establecidas con carácter

xeral para todo o alumnado.

Para formular as medidas de atención á diversidade e inclusión recollerase toda a información posible sobre grupo de alumnos e de alumnas a través da avaliación inicial, directamente no trato con eles e con elas e preguntándolle ao correspondente titor ou á correspondente titora do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...). Debemos ter coñecemento do grupo como conxunto, ademais de información sobre aspectos individuais do alumnado. Identificadas as necesidades e fortalezas que apreciaran, teranse en conta na planificación de estratexias metodolóxicas, na utilización de recursos, nas formas e instrumentos de avaliación e na xestión da aula.

As medidas de reforzo educativo serán elaboradas e levadas a cabo no contexto escolar polo profesor ou pola profesora que imparte a materia e os destinatarios serán aqueles alumnos e aquelas alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensinanza-aprendizaxe. Tamén se terán previstas tarefas para que realicen os alumnos e as alumnas que vaian por diante do grupo nas actividades que estean a realizar.

De ser necesarias, faranse adaptacións curriculares que son modificacións que afectan a elementos prescritivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas adaptacións teñen como destinatarios os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais, con altas capacidades e os que teñen dificultades graves de visión, audición ou motricidade. A realización das adaptacións faraa a profesora ou o profesor que imparta a materia coa colaboración do departamento e os profesionais de orientación psicopedagóxica. Necesítase a orientación da inspección educativa e terá a duración mínima de un curso.

Farase un seguimento continuado dos progresos deste alumnado, avaliando estes progresos ao final de cada avaliación co fin de informar ao titor ou á titora e ao resto de docentes que traballen no grupo nas reunión da xunta de avaliación.

13. AVALIACIÓN INICIAL.

Faráse unha proba escrita inicial sobre os contidos dos últimos cursos de primaria. Se o alumnado amosa habilidades pasarase ao tema 1. Polo contrario, se os resultados desta proba non son satisfactorios, será necesario traballar estes contidos nas primeiras semanas do curso

A avaliación inicial non será só esta proba que se fai ao comezo, senón que estará integrada na metodoloxía diaria. Consistirá nun diálogo inicial cos alumnos e coas alumnas antes de cada explicación nova para detectar as ideas e coñecementos previos. Considérase máis positivo este proceder posto que permite que o profesor ou a profesora poida dirixir o proceso de aprendizaxe partindo dos resultados deste diálogo e corrixir erros que se evidencien. Este diálogo motiva ao alumnado a pensar e participar e serve para que teña curiosidade por contrastar o que eles e elas pensaban que era correcto ou por coñecer aquilo que non coñecen.

14. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

A avaliación extraordinaria de setembro será unha nova convocatoria que consistirá en unha única proba escrita sobre os estándares traballados no curso.

A proba de setembro dará como resultado a cualificación de 0 a 10 que cada alumno ou alumna conseguirá nesta convocatoria.

15. MATERIAS PENDENTES.

Non se aplica neste curso.

16. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Co fin de promover a reflexión docente e a autoavaliación da práctica docente empregaranse ferramentas para a avaliación do proceso de ensino ao rematar cada trimestre para recoller as melloras que se realizarán no seguinte.

Nesta primeira fase de aplicación da LOMCE só faremos un seguimento entre a planificación temporal e a real para coñecer en que medida cumprimos o previsto e se chegamos a traballar todos os estándares. Ademais, será de utilidade analizar as causas das posibles desviacións que se atopen e propoñer medidas para corrixir estas desviacións.

Hai que ter en conta que na análise das causas das desviacións podemos atopar outras cuestións que poden ter afectado e que se engadirán no futuro á ferramenta para a avaliación do proceso de ensino.

ANÁLISE DAS CAUSAS DAS DESVIACIÓNS

MEDIDAS DE CORRECCIÓN

PROPOSTA DE INDICADORES PARA ENGADIR A ESTA AVALIACIÓN

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Ao rematar o curso faremos unha revisión da programación en función dos resultados académicos.

En primeiro lugar, debemos estudar os resultados académicos acadados polo noso alumnado e avalialos con catro niveis de logro. A continuación, analizaremos as causas deses resultados tratando de detectar os puntos da programación que se deben revisar, se fose o caso.

Finalmente, decidiremos as medidas que tomaremos para mellorar eses resultados indicando que aspectos da programación se cambiarán. Pode suceder que as medidas correctoras non afecten á programación didáctica senón á programación de aula, caso no que se indicará e concretará como se vai modificar a práctica docente e a metodoloxía.

Traballaremos este apartado completando a táboa que segue:

	ALUMNADO TOTAL	NÚMERO APROBAN	NÚMERO SUSPENDEN	PORCENTAXE APROBAN
RESULTADOS				
CUALIFICACIÓN DOS RESULTADOS		Nivel 4: Logro excelente		
		Nivel 3: Logro bo		
		Nivel 2: Logro suficiente		
		Nivel 1: Logro insuficiente		
ANÁLISE DE RESULTADOS				
MEDIDAS CORRECTORAS				

16. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Contribución ao plan anual de lectura

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita trabállanse como competencia durante todo o curso. Como contribución ao plan anual de lectura pódese destacar:

- Lectura e comentarios de noticias matemáticas que aparezan nos medios de comunicación para que o alumnado faga un resumo e comentario e, así, poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura.
- Lectura dalgún libro sobre descubrimentos científicos relacionados cas matemáticas.
- Realización de traballos propostos no que as fontes sexan libros ou revistas da biblioteca do centro.

Contribución ao plan de convivencia

Ao tempo que se traballan as competencias traballarase:

- **Educación moral e cívica:** fomentando o respecto polas persoas, sexa cal sexa a súa discapacidade, procedencia, condición social, sexual, racial ou relixiosa, valorando o pluralismo e a diversidade. Valorar a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a democracia, o respecto aos dereitos humanos.
- **Educación para a paz:** promoverase a aprendizaxe da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Traballarase a actitude fronte aos conflitos, véndoos como algo natural que, ben entendidos, axudan á convivencia e a madurez. Fomentarase o rexeitamento da

violencia terrorista, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- **Educación para igualdade de oportunidades de ambos xéneros:** fomentando o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- **Educación medioambiental:** potenciando o aproveitamento e a reciclaxe dos materiais e o aforro enerxético. Compreendendo como os coñecementos adquiridos permiten gozar do medio natural, dándolle o seu xusto valor e participando na súa conservación e mellora.
- **Educación para a saúde:** fomentando a atención e o respecto polas normas de uso de ferramentas, máquinas e aparellos. Contribuíndo ao respecto pola orde e limpeza do posto de traballo. Adquirindo coñecementos sobre o funcionamento do organismo humano para desenvolver e afianzar hábitos de coidado e hixiene corporal e mental.
- **Educación do consumidor:** potenciarase o consumo moderado e responsable de materiais e recursos.
- **Seguridade viaria:** promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes na utilización das vías, en calidade de peóns, de viaxeiros e viaxeiras en bicicletas ou en vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- **Espírito emprendedor:** afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo ou en unha mesma e o sentido crítico.
- **Valores:** fomentaranse na clase mediante a actividade diaria na que se promoverá a cooperación (traballo en grupo), a autoestima (traballo individual), a comunicación (debate de opinións), a adquisición de técnicas para a resolución de conflitos (discusión razoada de casos). Ademais co coñecemento, práctica e aceptación das normas do centro contribuirase á participación democrática na vida do centro.

Contribución ao plan TIC

As actividades TIC de cada un dos temas serven para traballar ademais de outras competencias, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación na pescuda de información en páxinas web e na realización e presentación de traballos empregando as TIC.

Curso: 2019/20	2º ESO
Profesorado:	Estrella Pérez López y Patricia Augusto Rúa (A.E)
Idioma:	Castelán.

1. Obxectivos xerais de Educación Secundaria.
2. Obxectivos da área de Matemáticas 2.º ESO.
3. Descritores.
4. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.
5. Cadro de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
6. Contidos mínimos.
7. Temporalización.
8. Metodoloxía didáctica.
9. Actividades complementarias.
10. Procedementos para a avaliación.
11. Recursos didácticos.
12. Medidas de atención á diversidade e inclusión.
13. Avaliación inicial.
14. Avaliación extraordinaria.
15. Materias pendentes.
16. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas.
18. Concreción dos elementos transversais.

1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a

iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE 2º ESO

A área de Matemáticas de 2º ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Resolver problemas utilizando os recursos e as estratexias necesarios, deixando constancia dos pasos seguidos.
- Xerar, mediante diferentes métodos (dedución, indución...) padróns, regularidades e leis matemáticas en distintos contextos.
- Xerar diferentes problemas a partir doutro xa resolto.
- Aplicar o método científico en diferentes situacións de investigación, achegando informes de resultados e conclusións destes.
- Resolver problemas da vida cotiá aplicando os contidos traballados.
- Descubrir as fortalezas e as debilidades matemáticas persoais.
- Afrontar a toma de decisións como un proceso de crecemento persoal e de orientación cara ao futuro e valorar a súa aplicación en contextos matemáticos.
- Utilizar as TIC en contextos matemáticos como ferramentas para a realización de cálculos, comprobación de resultados, representacións gráficas, simulacións, etc.
- Seleccionar a información necesaria para resolver problemas da vida cotiá con autonomía e sentido crítico.
- Utilizar de forma adecuada os diferentes tipos de números para resolver problemas da vida diaria, aplicando correctamente as súas operacións e a prioridade destas.
- Desenvolver estratexias de cálculo mental que faciliten e axilicen o uso de diferentes tipos de números.
- Aplicar técnicas de cálculo para resolver problemas de proporcionalidade en situacións da vida real.
- Utilizar con destreza a calculadora, programas informáticos, etc., como medio para facilitar os cálculos, comprobar operacións, descubrir padróns, etc.
- Empregar estratexias de análise de datos na resolución de problemas.
- Resolver problemas utilizando ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de ecuacións.

- Utilizar adecuadamente o teorema de Pitágoras para calcular lados descoñecidos en figuras xeométricas.
- Coñecer e aplicar o concepto de semellanza entre figuras xeométricas.
- Coñecer as características principais dos corpos xeométricos (poliedros, corpos de revolución e poliedros regulares).
- Calcular áreas e volumes de figuras xeométricas.
- Representar funcións a partir da súa expresión analítica ou dunha táboa de valores.
- Interpretar e analizar adecuadamente unha función lineal en contextos reais.
- Tabular datos dunha distribución estatística e representalos graficamente.
- Calcular os parámetros estatísticos básicos dunha distribución estatística e interpretalos adecuadamente en cada contexto.
- Resolver situacións nas que interveñan conceptos de aleatoriedade e probabilidade.

3. DESCRITORES

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRITORES
COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA(CMCT)	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.

	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA(CCL)	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.

	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.
COMPETENCIA DIXITAL (CD)	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CEC)	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIEP)	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo, superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.

	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
APRENDER A APRENDER (CAA)	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descriptores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descriptores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica, cada un destes descriptores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descriptores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descriptores máis afíns a ela.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida.

Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e a sostibilidade do benestar social esixen condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas coa capacidade crítica e coa visión razoada e razoable das persoas.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descriptores asociados a esta competencia:

- Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e, a través de textos, en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de xeito individual ou colectivo.

Esta visión da competencia en comunicación lingüística vinculada con prácticas sociais determinadas ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e a participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nun ámbito dixital.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

Conciencia e expresións culturais

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo persoal, e consideralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora, e ao dominio daquelas relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade –entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa–, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións nun nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación onde intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, as destrezas ou as habilidades e as actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a acadar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

Desde a área de Matemáticas traballaremos, fundamentalmente, cos seguintes descritores asociados a esta competencia:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

5. CADRO DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

O currículo da área de Matemáticas agrúpase en varios bloques. Os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fórmulanse para 1.º e 2.º de Educación Secundaria, aínda que nesta programación só aparecerán os seleccionados para 2.º de ESO.

Na súa redacción respectarase a numeración dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe tal e como aparece no Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Expresar verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.1.1. Expresa verbalmente, de forma razoada, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando a súa utilidade e eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc.		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. MAB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas achadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, valorando a súa eficacia e idoneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCEC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. MAB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. MAB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC CMCCT CSIEE

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e en contextos matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC CSIEE
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e buscar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CCEC
		<ul style="list-style-type: none"> MAB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE CSC
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e sinxeleza das ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas axeitadas, de forma autónoma, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para tratar datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais e a realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.3. Usa adecuadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> — Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. — Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e os resultados e as conclusións obtidos. — Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e das ideas matemáticas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 2. Números e álgebra			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. ▪ B2.2. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. Representación, ordenación e operacións. ▪ B2.3. Números decimais: representación, ordenación e operacións. ▪ B2.4. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións. ▪ B2.5. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións. ▪ B2.6. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes. ▪ B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas. ▪ B2.8. Xerarquía das operacións. ▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Utilizar números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, e porcentaxes sinxelas, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información, e resolver problemas relacionados coa vida diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.1.1. Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Números enteiros: representación, ordenación na recta numérica e operacións. Operacións con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. ▪ B2.2. Fraccións en ámbitos cotiáns. Fraccións equivalentes. Comparación de fraccións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>Representación, ordenación e operacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Números decimais: representación, ordenación e operacións. ▪ B2.4. Relación entre fraccións e decimais. Conversión e operacións. ▪ B2.5. Potencias de números enteiros e fraccionarios con expoñente natural: operacións. ▪ B2.6. Potencias de base 10. Utilización da notación científica para representar números grandes. ▪ B2.7. Cadrados perfectos. Raíces cadradas. Estimación e obtención de raíces aproximadas. ▪ B2.8. Xerarquía das operacións. ▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.2.3. Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Xerarquía das operacións. ▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas como síntese da secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións ou estratexias de cálculo mental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.3.1. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Elixir a forma de cálculo apropiada (mental, escrita ou con calculadora), usando estratexias que permitan simplificar as operacións con números enteiros, fraccións, decimais e porcentaxes, e estimando a coherencia e a precisión dos resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.4.1. Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar cálculos exactos ou aproximados, valorando a precisión esixida na operación ou no problema. ▪ MAB2.4.2. Realiza cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, decidindo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais. ▪ B2.11. Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directa e inversamente proporcionais. Constante de proporcionalidade. ▪ B2.12. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou inversa, ou variacións porcentuais. Reparticións directa e inversamente proporcionais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directa ou inversamente proporcionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.5.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaa para resolver problemas en situacións cotiás. ▪ MAB2.5.2. Analiza situacións sinxelas e recoñece que interveñen magnitudes que non son directa nin inversamente proporcionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representen situacións reais, á alxébrica, e viceversa. ▪ B2.14. Significados e propiedades dos números en contextos diferentes ao do cálculo (números triangulares, cadrados, pentagonais, etc.). ▪ B2.15. Linguaxe alxébrica para xeneralizar propiedades e simbolizar relacións. Obtención de fórmulas e termos xerais baseada na observación de pautas e regularidades. Valor numérico dunha expresión alxébrica. ▪ B2.16. Operacións con expresións alxébricas sinxelas. Transformación e equivalencias. Identidades. Operacións con polinomios en casos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Analizar procesos numéricos cambiantes, identificando os patróns e leis xerais que os rexen, utilizando a linguaxe alxébrica para expresalos, comunicalos e realizar predicións sobre o seu comportamento ao modificar as variables, e operar con expresións alxébricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.6.1. Describe situacións ou enunciados que dependen de cantidades variables ou descoñecidas e secuencias lóxicas ou regularidades, mediante expresións alxébricas, e opera con elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.6.2. Identifica propiedades e leis xerais a partir do estudo de procesos numéricos recorrentes ou cambiantes, exprésaaas mediante a linguaxe alxébrica e utilízaaas para facer predicións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.6.3. Utiliza as identidades alxébricas notables e as propiedades das operacións para transformar expresións alxébricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.17. Ecuacións de primeiro grao cunha incógnita e de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. Interpretación das solucións. Ecuacións sen solución. Resolución de problemas. ▪ B2.18. Sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. Métodos alxébricos de resolución e método gráfico. Resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Utilizar a linguaxe alxébrica para simbolizar e resolver problemas mediante a formulación de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de ecuacións, aplicando para a súa resolución métodos alxébricos ou gráficos, e contrastando os resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.7.1. Comproba, dada unha ecuación (ou un sistema), se un número ou uns números é ou son solución desta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB2.7.2. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas de ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
Bloque 3. Xeometría			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Triángulos rectángulos. Teorema de Pitágoras. Xustificación xeométrica e aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer o significado aritmético do teorema de Pitágoras (cadrados de números e ternas pitagóricas) e o significado xeométrico (áreas de cadrados construídos sobre os lados), e empregalo para resolver problemas xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.1.1. Comprende os significados aritmético e xeométrico do teorema de Pitágoras e utilízao para a procura de ternas pitagóricas ou a comprobación do teorema, construíndo outros polígonos sobre os lados do triángulo rectángulo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.1.2. Aplica o teorema de Pitágoras para calcular lonxitudes descoñecidas na resolución de triángulos e áreas de polígonos regulares, en contextos xeométricos ou en contextos reais 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Semellanza: figuras semellantes. Criterios de semellanza. Razón de semellanza e escala. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Analizar e identificar figuras semellantes, calculando a escala ou razón de semellanza e a razón entre lonxitudes, áreas e volumes de corpos semellantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.2.1. Recoñece figuras semellantes e calcula a razón de semellanza e a razón de superficies e volumes de figuras semellantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB3.2.2. Utiliza a escala para resolver problemas da vida cotiá sobre planos, mapas e outros contextos de semellanza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Poliedros e corpos de revolución: elementos característicos; clasificación. Áreas e volumes. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> MAB3.3.1. Analiza e identifica as características de corpos xeométricos utilizando a linguaxe xeométrica axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB3.3.2. Constrúe seccións sinxelas dos corpos xeométricos, a partir de cortes con planos, mentalmente e utilizando os medios tecnolóxicos axeitados. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB3.3.3. Identifica os corpos xeométricos a partir dos seus desenvolvementos planos e reciprocamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. Cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico. B3.5. Uso de ferramentas informáticas para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Resolver problemas que leven consigo o cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico, utilizando propiedades, regularidades e relacións dos poliedros. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB3.4.1. Resolve problemas da realidade mediante o cálculo de áreas e volumes de corpos xeométricos, utilizando as linguaxes xeométrica e alxébrica axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 4. Funcións			
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Concepto de función: variable dependente e independente; formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula); crecemento e decrecemento; continuidade e descontinuidade; cortes cos eixes; máximos e mínimos relativos. Análise e comparación de gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación), pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB4.1.1. Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras, e elixe a máis adecuada en función do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Concepto de función: variable dependente e independente; formas de presentación (linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula); crecemento e decrecemento; continuidade e descontinuidade; cortes cos eixes; máximos e mínimos relativos. Análise e comparación de gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Comprender o concepto de función, e recoñecer, interpretar e analizar as gráficas funcionais. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB4.2.1. Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB4.2.2. Interpreta unha gráfica e analiza, recoñecendo as súas propiedades máis características. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Funcións lineais. Cálculo, interpretación e identificación da pendente da recta. Representacións da recta a partir da ecuación e obtención da ecuación a partir dunha recta. B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Recoñecer, representar e analizar as funcións lineais, e utilízalas para resolver problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB4.3.1. Recoñece e representa unha función lineal a partir da ecuación ou dunha táboa de valores, e obtén a pendente da recta correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB4.3.2. Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB4.3.3. Escribe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes, e represéntaa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> MAB4.3.4. Estuda situacións reais sinxelas e, apoiándose en recursos tecnolóxicos, identifica o modelo matemático funcional (lineal ou afin) máis axeitado para explicalas, e realiza predicións e simulacións sobre o seu comportamento. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 5. Estatística e probabilidade			
<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. B5.2. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia. B5.3. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias; diagramas de caixa e bigotes B5.4. Medidas de tendencia central. B5.5. Medidas de dispersión. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas axeitadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes, e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB5.1.1. Organiza datos, obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas, e acumuladas, e represéntaos graficamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB5.1.2. Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano), a moda (intervalo modal), o rango e os cuartís, elixe o máis axeitado, e emprégao para interpretar un conxunto de datos e para resolver problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB5.1.3. Interpreta gráficos estadísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia. B5.3. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias, diagramas de caixa e bigotes B5.4. Medidas de tendencia central. B5.5. Medidas de dispersión: rango e cuartís, percorrido intercuarílico, varianza e desviación típica. B5.6. Utilización de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para o tratamento de datos, creación e interpretación de gráficos e elaboración de informes. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Utilizar ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficas estadísticas, calcular parámetros relevantes e comunicar os resultados obtidos que respondan ás preguntas formuladas previamente sobre a situación estudada. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB5.2.1. Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estadísticos e calcular as medidas de tendencia central, o rango e os cuartís. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB5.2.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B5.7. Fenómenos deterministas e aleatorios. B5.8. Formulación de conxecturas sobre o comportamento de fenómenos aleatorios sinxelos e deseño de experiencias para a súa comprobación. B5.9. Frecuencia relativa dun suceso e a súa aproximación á probabilidade mediante a simulación ou experimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.3. Diferenciar os fenómenos deterministas dos aleatorios, valorando a posibilidade que ofrecen as matemáticas para analizar e facer predicións razoables acerca do comportamento dos aleatorios a partir das regularidades obtidas ao repetir un número significativo de veces a experiencia aleatoria, ou o cálculo da súa probabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> MAB5.3.1. Identifica os experimentos aleatorios e distíngueos dos deterministas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB5.3.2. Calcula a frecuencia relativa dun suceso mediante a experimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAB5.3.3. Realiza predicións sobre un fenómeno aleatorio a partir do cálculo exacto da súa probabilidade ou a aproximación desta mediante a experimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas. 2º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.10. Sucesos elementais equiprobables e non equiprobables. ▪ B5.11. Espazo mostral en experimentos sinxelos. Táboas e diagramas de árbore sinxelos. ▪ B5.12. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace en experimentos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Inducir a noción de probabilidade a partir do concepto de frecuencia relativa e como medida de incerteza asociada aos fenómenos aleatorios, sexa ou non posible a experimentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.4.1. Describe experimentos aleatorios sinxelos e enumera todos os resultados posibles, apoiándose en táboas, recontos ou diagramas en árbore sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.4.2. Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB5.4.3. Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción e como porcentaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

6. CONTIDOS MÍNIMOS.

NÚMEROS E OPERACIÓNS

- Calcular o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo e aplicalo a problemas sinxelos.
- Realizar operacións con potencias de expoñente natural e base enteira ou racional. Raíces cadradas exactas
- Resolver operacións combinadas con números naturais, enteiros, decimais e fraccións aplicando adecuadamente a xerarquía das operacións e os parénteses.
- Resolver problemas da vida cotiá cos números naturais, enteiros, decimais e fraccións.
- Resolver problemas de proporcionalidade e porcentaxes.

ÁLXEBRA

- Expresar enunciados en linguaxe alxébrica ou viceversa.
- Realizar operacións con polinomios (sumas, multiplicacións, produtos notables, ...) e calcular valor numérico de expresións alxébricas.
- Resolver ecuacións de primeiro e segundo grao. Problemas sinxelos de ecuacións.
- Resolver sistemas de ecuacións sinxelos.

XEOMETRÍA

- Figuras planas elementais. Elementos principais.
- Teorema de Pitágoras.
- Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas.
- Corpos no espazo. Elementos principais.
- Volums de corpos xeométricos sinxelos.

FUNCIONS E ESTATÍSTICA

- Representar e identificar puntos nun sistema de eixes coordenados.
- Interpretar unha gráfica identificando as súas propiedades máis características.
- Representar unha gráfica a partir da ecuación ou dunha táboa de valores.

- Función afín, lineal e constante
- Recoller e organizar datos en táboas de frecuencias, elaborar gráficos estatísticos e calcular
- parámetros de centralización.
- Cálculo de probabilidades en experimentos aleatorios sinxelos

7. TEMPORALIZACIÓN.

2º ESO	
1ª AVALIACIÓN	
U.1. Os números naturais.	2 semanas
U.2. Os números enteiros.	2 semanas
U.3. Os números decimais e as fraccións.	2 semanas
U.4. Operacións con fraccións.	3 semanas
U.5. Proporcionalidade e porcentaxes.	3 semanas
2ª AVALIACIÓN	
U.6. Álgebra.	2 semanas
U.7. Ecuacións.	2 semanas
U.8. Sistemas de ecuacións.	2 semanas
U.9. Teorema de Pitágoras.	2 semanas
U.10. Semellanza.	2 semanas
3ª AVALIACIÓN	
U.11. Corpos xeométricos.	2 semanas
U.12. Medida do volume.	2 semanas
U.13. Funcións.	2 semanas
U.14. Estatística.	2 semanas
U.15. Azar e probabilidade.	2 semanas

<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> MACB1.8.1. Desenvolve actitudes adecuadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE CSC
		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, o esmero e o interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas adecuadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CCEC
		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> MACB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> MACB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades 	<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> MACB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilizaas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD
		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <p>– Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</p> <p>– Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.</p> <p>– Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</p>		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer informacións e elaborar conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes, e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> MACB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información relevante, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD
		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles de seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA
		<ul style="list-style-type: none"> MACB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ficheiros e tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC CSIEE
Bloque 2. Números e álgebra			
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Números racionais. Transformación de fraccións en decimais e viceversa. Números decimais exactos e periódicos. Fracción xeratriz. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Utilizar as propiedades dos números racionais, as raíces e outros números radicais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada, para 	<ul style="list-style-type: none"> MACB2.1.1. Recoñece distintos tipos de números (naturais, enteiros e racionais), indica o criterio utilizado para a súa distinción e utilízalos para representar e interpretar adecuadamente información cuantitativa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Operacións con fraccións e decimais. Cálculo aproximado e redondeo. Cifras significativas. Erro absoluto e relativo. ▪ B2.3. Potencias de números racionais con expoñente enteiro. Significado e uso. ▪ B2.4. Potencias de base 10. Aplicación para a expresión de números moi pequenos. Operacións con números expresados en notación científica. ▪ B2.5. Raíces cadradas. Raíces non exactas. Expresión decimal. Expresións radicais: transformación e operacións. ▪ B2.6. Xerarquía de operacións. 	<p>resolver problemas da vida cotiá, e presentar os resultados coa precisión requirida.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.1.2. Distingue, ao achar o decimal equivalente a unha fracción, entre decimais finitos e decimais infinitos periódicos, e indica neste caso o grupo de decimais que se repiten ou forman período. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.1.3. Acha a fracción xeratriz correspondente a un decimal exacto ou periódico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.1.4. Expresa números moi grandes e moi pequenos en notación científica, opera con eles, con e sen calculadora, e utilízaos en problemas contextualizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.1.5. Distingue e emprega técnicas adecuadas para realizar aproximacións por defecto e por exceso dun número en problemas contextualizados, e xustifica os seus procedementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.1.6. Aplica axeitadamente técnicas de truncamento e redondeo en problemas contextualizados, recoñecendo os erros de aproximación en cada caso para determinar o procedemento máis adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.1.7. Expresa o resultado dun problema utilizando a unidade de medida adecuada, en forma de número decimal, redondeándoo se é necesario coa marxe de erro ou a precisión que se requiran, de acordo coa natureza dos datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.1.8. Calcula o valor de expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.1.9. Emprega números racionais para resolver problemas da vida cotiá e analiza a coherencia da solución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.1.10. Factoriza expresións numéricas sinxelas que conteñan raíces, e opera con elas simplificando os resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Investigación de regularidades, relacións e propiedades que aparecen en conxuntos de números. Expresión usando linguaxe alxébrica. ▪ B2.8. Sucesións numéricas. Sucesións recorrentes. Progresións aritméticas e xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Obter e manipular expresións simbólicas que describan sucesións numéricas, observando regularidades en casos sinxelos que inclúan patróns recursivos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.2.2. Obtén unha lei de formación ou fórmula para o termo xeral dunha sucesión sinxela de números enteiros ou fraccionarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB2.2.3. Identifica progresións aritméticas e xeométricas, expresa o seu termo xeral, calcula a suma dos "n" primeiros termos e emprégaa para resolver problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 		

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> MACB2.2.4. Valora e identifica a presenza recorrente das sucesións na natureza e resolve problemas asociados a estas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Transformación de expresións alxébricas. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios. Factorización de polinomios. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilizar a linguaxe alxébrica para expresar unha propiedade ou relación dada mediante un enunciado, extraendo a información salientable e transformándoa. 	<ul style="list-style-type: none"> MACB2.3.1. Realiza operacións con polinomios e utilízalos en exemplos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACB2.3.2. Coñece e utiliza as identidades notables correspondentes ao cadrado dun binomio e unha suma por diferenza, e aplícaa nun contexto axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACB2.3.3. Factoriza polinomios de grao 4 con raíces enteiras mediante o uso combinado da regra de Ruffini, identidades notables e extracción do factor común. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Transformación de expresións alxébricas. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios. Factorización de polinomios. B2.10. Ecuacións de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. B2.11. Resolución de ecuacións sinxelas de grao superior a dous. B2.12. Resolución de sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas B2.13. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas de ecuacións. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao, ecuacións sinxelas de grao maior que dous e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, aplicando técnicas de manipulación alxébricas, gráficas ou recursos tecnolóxicos, valorando e contrastando os resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> MACB2.4.1. Formula alxebricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións e sistemas de ecuacións, resólveas e interpreta criticamente o resultado obtido. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 3. Xeometría			
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Xeometría do espazo: poliedros e corpos de revolución. B3.2. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Recoñecer e describir os elementos e as propiedades características das figuras planas, os corpos xeométricos elementais e as súas configuracións xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> MACB3.1.1. Coñece as propiedades dos puntos da mediatriz dun segmento e da bisectriz dun ángulo, e utilízalas para resolver problemas xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACB3.1.2. Manexa as relacións entre ángulos definidos por rectas que se cortan ou por paralelas cortadas por unha secante, e resolve problemas xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACB3.1.3. Identifica e describe os elementos e as propiedades das figuras planas, os poliedros e os corpos de revolución principais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Xeometría do plano. B3.4. Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Aplicación á 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Utilizar o teorema de Tales e as fórmulas usuais para realizar medidas indirectas de elementos inaccesibles e para obter as 	<ul style="list-style-type: none"> MACB3.2.1. Calcula o perímetro e a área de polígonos e de figuras circulares en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
resolución de problemas. ■ B3.5. Xeometría do espazo: áreas e volumes.	medidas de lonxitudes, áreas e volumes dos corpos elementais, de exemplos tomados da vida real, representacións artísticas como pintura ou arquitectura, ou da resolución de problemas xeométricos.	■ MACB3.2.2. Divide un segmento en partes proporcionais a outros dados, e establece relacións de proporcionalidade entre os elementos homólogos de dous polígonos semellantes.	■ CMCCT
		■ MACB3.2.3. Recoñece triángulos semellantes e, en situacións de semellanza, utiliza o teorema de Tales para o cálculo indirecto de lonxitudes en contextos diversos.	■ CMCCT
		■ MACB3.2.4. Calcula áreas e volumes de poliedros, cilindros, conos e esferas, e aplícaos para resolver problemas contextualizados.	■ CMCCT
■ B3.4. Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Aplicación á resolución de problemas.	■ B3.3. Calcular (ampliación ou redución) as dimensións reais de figuras dadas en mapas ou planos, coñecendo a escala.	■ MACB3.3.1. Calcula dimensións reais de medidas de lonxitudes e de superficies en situacións de semellanza: planos, mapas, fotos aéreas, etc.	■ CMCCT
■ B3.6. Translacións, xiros e simetrías no plano. ■ B3.2. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.	■ B3.4. Recoñecer as transformacións que levan dunha figura a outra mediante movemento no plano, aplicar eses movementos e analizar deseños cotiáns, obras de arte e configuracións presentes na natureza	■ MACB3.4.1. Identifica os elementos máis característicos dos movementos no plano presentes na natureza, en deseños cotiáns ou en obras de arte.	■ CMCCT ■ CCEC
		■ MACB3.4.2. Xera creacións propias mediante a composición de movementos, empregando ferramentas tecnolóxicas cando sexa necesario.	■ CMCCT ■ CCEC
■ B3.7. Xeometría do espazo. Elementos de simetría nos poliedros e corpos de revolución. ■ B3.2. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas.	■ B3.5. Identificar centros, eixes e planos de simetría de figuras planas, poliedros e corpos de revolución.	■ MACB3.5.1. Identifica os principais poliedros e corpos de revolución, utilizando a linguaxe con propiedade para referirse aos elementos principais.	■ CMCCT
		■ MACB3.5.2. Identifica centros, eixes e planos de simetría en figuras planas, en poliedros, na natureza, na arte e nas construcións humanas.	■ CMCCT ■ CCEC
■ B3.2. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas. ■ B3.8. A esfera. Interseccións de planos e esferas. ■ B3.9. O globo terráqueo. Coordenadas xeográficas e fusos horarios. Latitude e lonxitude dun punto.	■ B3.6. Interpretar o sentido das coordenadas xeográficas e a súa aplicación na localización de puntos.	■ MACB3.6.1. Sitúa sobre o globo terráqueo o Ecuador, os polos, os meridianos e os paralelos, e é capaz de situar un punto sobre o globo terráqueo coñecendo a súa latitude e a súa lonxitude	■ CMCCT
Bloque 4. Funcións			
■ B4.1. Análise e descrición cualitativa de gráficas que representan fenómenos do ámbito cotián e doutras materias.	■ B4.1. Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica.	■ MACB4.1.1. Interpreta o comportamento dunha función dada graficamente e asocia enunciados de problemas contextualizados a gráficas.	■ CMCCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Análise dunha situación a partir do estudo das características locais e globais da gráfica correspondente. ▪ B4.3. Análise e comparación de situacións de dependencia funcional dadas mediante táboas e enunciados. ▪ B4.4. Utilización de calculadoras gráficas e programas de computador para a construción e a interpretación de gráficas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAB B4.1.2. Identifica as características máis salientables dunha gráfica interpretándoas dentro do seu contexto. 	▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB4.1.3. Constrúe unha gráfica a partir dun enunciado contextualizado, describindo o fenómeno exposto. 	▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB4.1.4. Asocia razoadamente expresións analíticas a funcións dadas graficamente. 	▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB4.1.5. Formula conxecturas sobre o comportamento do fenómeno que representa unha gráfica e a súa expresión alxébrica 	▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Utilización de modelos lineais para estudar situacións provenientes de diferentes ámbitos de coñecemento e da vida cotiá, mediante a confección da táboa, a representación gráfica e a obtención da expresión alxébrica. ▪ B4.6. Expresións da ecuación da recta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Identificar relacións da vida cotiá e doutras materias que poden modelizarse mediante unha función lineal, valorando a utilidade da descrición deste modelo e dos seus parámetros, para describir o fenómeno analizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB4.2.1. Determina as formas de expresión da ecuación da recta a partir dunha dada (ecuación punto pendente, xeral, explícita e por dous puntos), identifica puntos de corte e pendente, e representaa graficamente. 	▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB4.2.2. Obtén a expresión analítica da función lineal asociada a un enunciado e representaa. 	▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Funcións cuadráticas. Representación gráfica. Utilización para representar situacións da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Recoñecer situacións de relación funcional que necesitan ser descritas mediante funcións cuadráticas, calculando os seus parámetros e as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB4.3.1. Calcula os elementos característicos dunha función polinómica de grao 2 e representaa graficamente. 	▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB4.3.2. Identifica e describe situacións da vida cotiá que poidan ser modelizadas mediante funcións cuadráticas, estúdaas e representaaas utilizando medios tecnolóxicos cando sexa necesario. 	▪ CMCCT
Bloque 5. Estatística e probabilidade			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Fases e tarefas dun estudo estatístico. Poboación e mostra. Variables estatísticas: cualitativas, discretas e continuas. ▪ B5.2. Métodos de selección dunha mostra estatística. Representatividade dunha mostra. ▪ B5.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Agrupación de datos en intervalos. ▪ B5.4. Gráficas estadísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Elaborar informacións estadísticas para describir un conxunto de datos mediante táboas e gráficas adecuadas á situación analizada, xustificando se as conclusións son representativas para a poboación estudada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.1.1. Distingue poboación e a mostra, e xustifica as diferenzas en problemas contextualizados. 	▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.1.2. Valora a representatividade dunha mostra a través do procedemento de selección, en casos sinxelos. 	▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.1.3. Distingue entre variable cualitativa, cuantitativa discreta e cuantitativa continua, e pon exemplos. 	▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.1.4. Elabora táboas de frecuencias, relaciona os tipos de frecuencias e obtén información da táboa elaborada. 	▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.1.5. Constrúe, coa axuda de ferramentas tecnolóxicas, en caso necesario, gráficos estadísticos adecuados a distintas situacións relacionadas con variables asociadas a problemas sociais, económicos e da vida cotiá. 	▪ CSC

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Parámetros de posición: cálculo, interpretación e propiedades. ▪ B5.6. Parámetros de dispersión: cálculo, interpretación e propiedades. ▪ B5.7. Diagrama de caixa e bigotes. ▪ B5.8. Interpretación conxunta da media e a desviación típica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Calcular e interpretar os parámetros de posición e de dispersión dunha variable estatística para resumir os datos e comparar distribucións estatísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.2.1. Calcula e interpreta as medidas de posición (media, moda, mediana e cuartís) dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.2.2. Calcula e interpreta os parámetros de dispersión (rango, percorrido intercuartílico e desviación típica) dunha variable estatística, utilizando a calculadora e a folla de cálculo, para comparar a representatividade da media e describir os datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística, con interpretación da información e detección de erros e manipulacións. ▪ B5.10. Utilización de calculadora e outros medios tecnolóxicos axeitados para a análise, a elaboración e a presentación de informes e documentos sobre informacións estatísticas nos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Analizar e interpretar a información estatística que aparece nos medios de comunicación, valorando a súa representatividade e a súa fiabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.3.1. Utiliza un vocabulario axeitado para describir, analizar e interpretar información estatística dos medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.3.2. Emprega a calculadora e medios tecnolóxicos para organizar os datos, xerar gráficos estatísticos e calcular parámetros de tendencia central e dispersión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.3.3. Emprega medios tecnolóxicos para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística analizada 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.11. Experiencias aleatorias. Sucesos e espazo mostral. ▪ B5.12. Cálculo de probabilidades mediante a regra de Laplace. Diagramas de árbore sinxelos. Permutacións; factorial dun número. ▪ B5.13. Utilización da probabilidade para tomar decisións fundamentadas en diferentes contextos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Estimar a probabilidade de que aconteza un suceso asociado a un experimento aleatorio sinxelo, calculando a súa probabilidade a partir da súa frecuencia relativa, a regra de Laplace ou os diagramas de árbore, e identificando os elementos asociados ao experimento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.4.1. Identifica os experimentos aleatorios e distingue os deterministas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado para describir e cuantificar situacións relacionadas co azar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.4.3. Asigna probabilidades a sucesos en experimentos aleatorios sinxelos cuxos resultados son equiprobables, mediante a regra de Laplace, enumerando os sucesos elementais, táboas ou árbores, ou outras estratexias persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACB5.4.4. Toma a decisión correcta tendo en conta as probabilidades das distintas opcións en situacións de incerteza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE

6. CONTIDOS MÍNIMOS.

FRACCIÓN E DECIMAS

- Operacións combinadas con números racionais
- Paso de fraccións a decimais e viceversa. Aproximacións. Erros.
- Resolución de problemas aritméticos con números racionais.
- Resolución de problemas de proporcionalidade.
- Cálculo con porcentaxes: aumentos e diminucións porcentuais. Índice de variación.

POTENCIAS E RAÍCES. NOTACIÓN CIENTÍFICA

- Potencias de base racional e expoñente enteiro.
- Operacións con potencias. Notación científica.
- Coñecementos das regras básicas no manexo de radicais (sumas, produtos e cocientes)

PROGRESIÓNS

- Obtención dun termo calquera dunha sucesión definida mediante o seu termo xeral.
- Identificación de progresións aritméticas e xeométricas.
- Obtención dun termo calquera dunha progresión aritmética se se coñece o primeiro termo e a diferenza ou dunha progresión xeométrica se se coñece o primeiro termo e a razón.
- Cálculo da suma de n termos consecutivos dunha progresión aritmética ou xeométrica.

A LINGUAXE ALXÉBRICA

- Tradución, á linguaxe alxébrica, de enunciados e propiedades.
- Identificación de polinomio e os seus elementos. Cálculo do valor numérico dun polinomio.
- Suma, multiplicación e división de polinomios. Desenvolvemento de identidades notables.
- Extracción de factor común.
- Cociente de polinomios. Regra de Ruffini.
- Factorización dun polinomio

ECUACIÓNS E SISTEMAS DE ECUACIÓNS

- Resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao.
- Resolución de ecuacións sinxelas de grao superior a dous.
- Resolución de sistemas polos tres métodos.
- Formulación e resolución de problemas mediante ecuacións ou sistemas de ecuacións.

FUNCIONES

- Recoñecemento das características máis importantes na descrición dunha gráfica.
- Asocia enunciados contextualizados a gráficas.
- Manexo desta función afín, lineal e constante. Representación gráfica e significado dos coeficientes.
- Obtención da ecuación dunha recta cando se coñecen un punto e a pendente, ou ben, dous puntos dela (ecuación punto-pendente).
- Estudo conxunto de dúas funcións lineais.
- Representa e coñece os elementos característicos dunha función cuadrática.

XEOMETRÍA

- Dominio do teorema de Tales en triángulos semellantes. Aplicacións no cálculo de distancias e lonxitudes en problemas contextualizados.
- Dominio absoluto do teorema de Pitágoras.
- Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas.
- Identificación dos corpos básicos co seu desenvolvemento máis intuitivo.
- Cálculo da superficie e do volume a partir do desenvolvemento ou a partir da fórmula.
- Translación, xiros e simetrías no plano.

ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

- Elaboración de táboas e gráficas de todo tipo.
- Cálculo dos parámetros de centralización e de dispersión.
- Calcular con soltura probabilidades elementais de sucesos producidos con instrumentos

aleatorios regulares: dados, ruletas, moedas, bolsas de bolas...

7. TEMPORALIZACIÓN.

3º ESO ACADÉMICAS	
1ª AVALIACIÓN	
U.1. Fraccións e decimais.	2 semanas
U.2. Potencias e raíces. Notación científica.	2 semanas
U.3. Problemas aritméticos.	2 semanas
U.4. Progresións.	3 semanas
U.5. A linguaxe alxébrica.	2 semanas
2ª AVALIACIÓN	
U.6. Ecuacións.	2 semanas
U.7. Sistemas de ecuacións.	2 semanas
U.8. Funcións e gráficas.	2 semanas
U.9. Funcións lineais e cuadráticas.	2 semanas
U.10. Semellanza.	2 semanas
U.11. Xeometría no plano.	2 semanas
3ª AVALIACIÓN	
U.12. Figuras no espazo.	2 semanas
U.13. Movementos no plano. Frisos e mosaicos.	2 semanas
U.14. Táboas e gráficos estatísticos.	2 semanas
U.15. Parámetros estatísticos.	2 semanas
U.16. Azar e probabilidade.	2 semanas

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A ensinanza secuenciarase partindo de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outros máis complexos. Empregaranse estratexias expositivas para ensinar feitos e conceptos que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas. Esta exposición será clara, formulando as interaccións entre contidos propios da materia e os doutras disciplinas, sen esquecer vincular estes con contextos reais.

Faranse actividades relacionadas coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo á súa vez a adquisición de conceptos, dado que poñen ao alumnado en situacións que fomentan a súa reflexión, o emprego das súas ideas e conceptos e o desenvolvemento do razoamento lóxico. Ademais son útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores. Estas actividades traballaranse individualmente ou en pequenos grupos.

Fomentarase a participación de todos os alumnos e de todas as alumnas, dinamizando as sesións co intercambio verbal e colectivo de ideas e tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades e a capacidade de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido, ademais de favorecer o pensamento autónomo, crítico e rigoroso. Neste sentido, logo de traballar cada actividade, un alumno ou unha alumna presentará no encerado a súa resolución e o resto do grupo comprobará se a resolución é correcta, axudando na corrección dos erros que poidan detectar.

Fomentarase a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá. A realización polo alumnado de actividades ou traballos complementarios de aplicación ou indagación, posibilitarán o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe. Neste sentido realizaranse actividades TIC.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

- Visitas a empresas e organismos relacionados cos contidos da materia.
- Asistencia a charlas, exposicións e conferencias de interese.
- Participación en convocatorias de actividades organizadas por institucións públicas ou privadas, que estén relacionadas coas Matemáticas.
- Celebración, en colaboración con todos os Departamentos interesados, da **Semana da Ciencia**.

10. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN.

Os alumnos terán ó menos dúas probas escritas por avaliación. Si ningunha das notas baixa de 2 farase a nota media delas o que suporá o 90% da nota da avaliación. Valorarase ademais o esforzo feito na clase, a presentación dos exercicios, a participación, comportamento, etc... que suporá o 10% restante. Hai que ter en conta ademais que para que a avaliación sexa positiva é imprescindible a presentación do cuaderno de traballo completo.

Haberá recuperacións na primeira e na segunda avaliacións. Si a nota da recuperación sigue sendo menor que 5 a avaliación non queda recuperada e será esta a nota que se terá en conta cara a avaliación final. Si a nota da recuperación é maior que 5 considerarase a avaliación aprobada.

Ó final do curso haberá unha proba de recuperación de avaliacións pendentes, pódese empregar esa proba para facer a recuperación da terceira avaliación ou facer unha proba independente, pero "en ningún caso" se poderá recuperar a asignatura completa nese exame final.

Aqueles alumnos que perderan a escolaridade por faltas de asistencia a clase sen xustificar ou que copiaran nalgún exame terán dereito a presentarse a dita proba, previa entrega do caderno e dos traballos do curso.

Si a nota dalgunha das avaliacións é maior que 4 e non chega a 5 o profesor correspondente pode decidir, según o comportamento e a actitude do alumno ó longo do curso, si este debe repetir esa parte no exame final ou si se compensa co resto das notas.

É obrigatorio presentarse ós exames programados ó longo do curso. Se algún alumno non asiste a algún exame, tanto de avaliación como de recuperación, debe traer un xustificante médico se foi por enfermidade para que teña dereito a que o profesor lle repita o exame. Si a causa non é médica os pais do alumno ou os seus representantes legais deberán poñerse en contacto directamente co profesor da asignatura antes da realización da proba. Considerarase abandono manifesto da asignatura a non presentación do alumno a algunha recuperación extra, sexa tanto a de xuño coma a de setembro.

11. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais e recursos que se empregarán son:

- Libro de anaya de 3º ESO Matemáticas Académicas.
- Caderno de actividades do alumno ou da alumna e material escolar básico.
- Calculadora científica.
- Revistas científicas e xornais.
- Biblioteca do Centro.
- Encerado clásico e encerado dixital.
- Ordenador e páxinas web relacionadas.
- Calquera outro material que o profesor estime oportuno nun momento dado.

12. MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN.

O nivel do alumnado pode non ser homoxéneo. Algúns alumnos ou algunhas alumnas poden necesitar unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, ter dificultades específicas de aprendizaxe, TDHA, altas capacidades intelectuais, incorporarse tarde ao sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar. O profesor ou a profesora fará o posible para todos os alumnos e todas as alumnas acaden o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional e, en todo caso, os obxectivos e competencias establecidas con carácter xeral para todo o alumnado.

Para formular as medidas de atención á diversidade e inclusión recollerase toda a información posible sobre grupo de alumnos e de alumnas a través da avaliación inicial, directamente no trato con eles e con elas e preguntándolle ao correspondente titor ou á correspondente titora do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...). Debemos ter coñecemento do grupo como conxunto, ademais de información sobre aspectos individuais do alumnado. Identificadas as necesidades e fortalezas que apreciaran, teranse en conta na planificación de estratexias metodolóxicas, na utilización de recursos, nas formas e instrumentos de avaliación e na xestión da aula.

As medidas de reforzo educativo serán elaboradas e levadas a cabo no contexto escolar polo profesor ou pola profesora que imparte a materia e os destinatarios serán aqueles alumnos e aquelas alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensinanza-aprendizaxe. Tamén se terán previstas tarefas para que realicen os alumnos e as alumnas que vaian por diante do grupo nas actividades que estean a realizar.

De ser necesarias, faranse adaptacións curriculares que son modificacións que afectan a elementos prescritivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas adaptacións teñen como destinatarios os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais, con altas capacidades e os que teñen dificultades graves de visión, audición ou motricidade. A realización das adaptacións faraa a profesora ou o profesor que imparta a materia coa colaboración do departamento e os profesionais de orientación psicopedagóxica. Necesítase a orientación da inspección educativa e terá a duración mínima de un curso.

Farase un seguimento continuado dos progresos deste alumnado, avaliando estes progresos ao final de cada avaliación co fin de informar ao titor ou á titora e ao resto de docentes que traballen no grupo nas reunión da xunta de avaliación.

13. AVALIACIÓN INICIAL.

Faráse unha proba escrita inicial sobre os contidos de 2º da ESO. Se o alumnado amosa habilidades pasarase ao tema 1. Polo contrario, se os resultados desta proba non son satisfactorios, será necesario traballar estes contidos nas primeiras semanas do curso

A avaliación inicial non será só esta proba que se fai ao comezo, senón que estará integrada na

metodoloxía diaria. Consistirá nun diálogo inicial cos alumnos e coas alumnas antes de cada explicación nova para detectar as ideas e coñecementos previos. Considérase máis positivo este proceder posto que permite que o profesor ou a profesora poida dirixir o proceso de aprendizaxe partindo dos resultados deste diálogo e corrixir erros que se evidencien. Este diálogo motiva ao alumnado a pensar e participar e serve para que teña curiosidade por contrastar o que eles e elas pensaban que era correcto ou por coñecer aquilo que non coñecen.

14. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

A avaliación extraordinaria de setembro será unha nova convocatoria que consistirá en una única proba escrita sobre os estándares traballados no curso.

A proba de setembro dará como resultado a cualificación de 0 a 10 que cada alumno ou alumna conseguirá nesta convocatoria.

15. MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos / as que teñan matemáticas pendentes da ESO, terán dous exámenes, eliminatorios, uno el 15/01/2020, y outro el 01/04/2020. En caso de aprobar os dous exámenes, terán a asignatura pendente aprobada; terán un examen no mes de maio e outro en setembro para recuperar o que no hayan aprobado nesos dous exámenes. Tamén se inclúen clases de reforzo os mércores pola tarde.

16. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Co fin de promover a reflexión docente e a autoavaliación da práctica docente empregaranse ferramentas para a avaliación do proceso de ensino ao rematar cada trimestre para recoller as melloras que se realizarán no seguinte.

Nesta primeira fase de aplicación da LOMCE só faremos un seguimento entre a planificación temporal e a real para coñecer en que medida cumprimos o previsto e se chegamos a traballar todos os estándares. Ademais, será de utilidade analizar as causas das posibles desviacións que se atopen e propoñer medidas para corrixir estas desviacións.

Hai que ter en conta que na análise das causas das desviacións podemos atopar outras cuestións que poden ter afectado e que se engadirán no futuro á ferramenta para a avaliación do proceso de ensino.

ANÁLISE DAS CAUSAS DAS DESVIACIÓNS

ANÁLISE DAS CAUSAS DAS DESVIACIÓNS

MEDIDAS DE CORRECCIÓN

PROPOSTA DE INDICADORES PARA ENGADIR A ESTA AVALIACIÓN

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Ao rematar o curso faremos unha revisión da programación en función dos resultados académicos.

En primeiro lugar, debemos estudar os resultados académicos acadados polo noso alumnado e avalialos con catro niveis de logro. A continuación, analizaremos as causas deses resultados tratando de detectar os puntos da programación que se deben revisar, se fose o caso.

Finalmente, decidiremos as medidas que tomaremos para mellorar eses resultados indicando que aspectos da programación se cambiarán. Pode suceder que as medidas correctoras non afecten á programación didáctica senón á programación de aula, caso no que se indicará e concretará como se vai modificar a práctica docente e a metodoloxía.

Traballaremos este apartado completando a táboa que segue:

	ALUMNADO TOTAL	NÚMERO APROBAN	NÚMERO SUSPENDEN	PORCENTAXE APROBAN
RESULTADOS				
CUALIFICACIÓN DOS RESULTADOS		Nivel 4: Logro excelente		
		Nivel 3: Logro bo		
		Nivel 2: Logro suficiente		
		Nivel 1: Logro insuficiente		
ANÁLISE DE RESULTADOS				
MEDIDAS CORRECTORAS				

18. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Contribución ao plan anual de lectura

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita trabállanse como competencia durante todo o curso. Como contribución ao plan anual de lectura pódese destacar:

- Lectura e comentarios de noticias matemáticas que aparezan nos medios de comunicación para que o alumnado faga un resumo e comentario e, así, poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura.
- Lectura dalgún libro sobre descubrimentos científicos relacionados cas matemáticas.
- Realización de traballos propostos no que as fontes sexan libros ou revistas da biblioteca do centro.

Contribución ao plan de convivencia

Ao tempo que se traballan as competencias traballarase:

- **Educación moral e cívica:** fomentando o respecto polas persoas, sexa cal sexa a súa discapacidade, procedencia, condición social, sexual, racial ou relixiosa, valorando o pluralismo e a diversidade. Valorar a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a democracia, o respecto aos dereitos humanos.
- **Educación para a paz:** promoverase a aprendizaxe da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Traballarase a actitude fronte aos conflitos, véndoos como algo natural que, ben entendidos, axudan á convivencia e a madurez. Fomentarase o rexeitamento da violencia terrorista, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- **Educación para igualdade de oportunidades de ambos xéneros:** fomentando o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- **Educación medioambiental:** potenciando o aproveitamento e a reciclaxe dos materiais e o aforro enerxético. Compreendendo como os coñecementos adquiridos permiten gozar do medio natural, dándolle o seu xusto valor e participando na súa conservación e mellora.
- **Educación para a saúde:** fomentando a atención e o respecto polas normas de uso de ferramentas, máquinas e aparellos. Contribuíndo ao respecto pola orde e limpeza do posto de traballo. Adquirindo coñecementos sobre o funcionamento do organismo humano para desenvolver e afianzar hábitos de coidado e hixiene corporal e mental.
- **Educación do consumidor:** potenciarase o consumo moderado e responsable de materiais e recursos.
- **Seguridade viaria:** promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes na utilización das vías, en calidade de peóns, de viaxeiros e viaxeiras en bicicletas ou en vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- **Espírito emprendedor:** afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo ou en unha mesma e o sentido crítico.
- **Valores:** fomentaranse na clase mediante a actividade diaria na que se promoverá a cooperación (traballo en grupo), a autoestima (traballo individual), a comunicación (debate de opinións), a adquisición de técnicas para a resolución de conflitos (discusión razoada de casos). Ademais co coñecemento, práctica e aceptación das normas do centro contribuirase á participación democrática na vida do centro.

Contribución ao plan TIC

As actividades TIC de cada un dos temas serven para traballar ademais de outras competencias, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación na pescuda de información en páxinas web e na realización e presentación de traballos empregando as TIC.

Curso: 2019/20	3º ESO MATEMÁTICAS APLICADAS
Profesorado:	José Adolfo Reza Carril
Idioma:	Castelán.

1. Obxectivos xerais de Educación Secundaria.
2. Obxectivos da área de Matemáticas 3.º ESO Aplicadas.
3. Descritores.
4. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.
5. Cadro de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
6. Contidos mínimos.
7. Temporalización.
8. Metodoloxía didáctica.
9. Actividades complementarias.
10. Procedementos para a avaliación.
11. Recursos didácticos.
12. Medidas de atención á diversidade e inclusión.
13. Avaliación inicial.
14. Avaliación extraordinaria.
15. Materias pendentas.
16. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas.
18. Concreción dos elementos transversais.

1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE 3º ESO APLICADAS

1. Verbalizar o proceso seguido na resolución de problemas.
2. Realizar as comprobacións e os cálculos necesarios no razoamento e resolución de problemas.
3. Analizar situacións de cambio a través de procedementos matemáticos para establecer hipóteses e predicións.
4. Reformular problemas matemáticos sobre a base doutras situacións e contextos.
5. Realizar procesos de investigación achegando informes de conclusións e resultados.
6. Aplicar as matemáticas a situacións problemáticas cotiás.
7. Desenvolver as habilidades e as actitudes matemáticas.
8. Identificar os bloqueos emocionais ante os bloqueos atopados.
9. Tomar decisións sobre situacións que acontecen na vida cotiá do alumno.
10. Coñecer e utilizar as ferramentas tecnolóxicas pertinentes para realizar cálculos diferentes.
11. Utilizar o cálculo con números racionais para resolver problemas da vida diaria.
12. Manexar o simbolismo para descifrar sucesións numéricas en casos sinxelos.
13. Expresar propiedades ou relacións a través da linguaxe alxébrica.
14. Resolver problemas da vida cotiá utilizando distintas operacións matemáticas, aplicando técnicas alxébricas e valorando e contrastando os resultados.

15. Identificar as características de figuras planas e corpos xeométricos.
16. Manexar o teorema de Tales na aplicación a medicións en exemplos da vida real.
17. Recoñecer os movementos no plano nas transformacións das figuras.
18. Manexar os centros, os eixes e os planos de simetría con figuras planas e poliedros.
19. Aplicar na localización de puntos as coordenadas gráficas.
20. Representar graficamente as funcións e os elementos que interveñen niso.
21. Recoñecer o modelo lineal nas relacións da vida cotiá para describir fenómenos.
22. Identificar relacións funcionais descritas a través dos parámetros e das características das funcións cuadráticas.
23. Utilizar gráficas e táboas na elaboración de informes estatísticos.
24. Resumir e comparar datos estatísticos a través do cálculo e da interpretación de parámetros de posición e dispersión.
25. Analizar a información dos medios de comunicación a través da estatística.
26. Realizar estimacións en experimentos sinxelos calculando probabilidade, frecuencia...

3. DESCRITORES

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRITORES
COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.

	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario axeitado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.

	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.
COMPETENCIA DIXITAL (CD)	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CEC)	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREDEDOR (SIEP)	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo, superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
APRENDER A APRENDER (CAA)	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
--	---	---

4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúñas áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, deberanos conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Matemáticas

Na área de Matemáticas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns a ela.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Esta área posibilita en todos e cada un dos seus aspectos a competencia matemática, a partir do coñecemento dos contidos e a súa variedade de procedementos de cálculo, análise, medida e estimación da realidade que envolve os alumnos como instrumento imprescindible no desenvolvemento do pensamento dos alumnos e compoñente esencial de comprensión.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Manexar os coñecementos sobre *ciencia e tecnoloxía* para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

Para fomentar o seu desenvolvemento desde a área de Matemáticas débese insistir na incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual e á adecuada precisión no seu uso e, por outra parte, nos contidos asociados á descrición verbal dos razoamentos e dos procesos.

Para iso, en cada unidade didáctica, adestraremos polo menos un descriptor de cada un destes indicadores.

Os descritores que priorizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

No caso de centros bilingües ou plurilingües que impartan a materia noutra lingua:

- Manter conversas noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

A lectura e creación de gráficas, a organización da información en forma analítica e comparativa, a modelización da realidade, a introdución á linguaxe gráfica e estatística, o uso de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas e outros procesos matemáticos contribúen ao desenvolvemento desta competencia.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Conciencia e expresións culturais

A achega matemática fai presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a conciencia e a expresión cultural das sociedades. Igualmente o alumno, mediante o traballo matemático poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Polo tanto nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A utilización de estratexias persoais de cálculo e de resolución de problemas facilita aceptar outros puntos de vista, o que é indispensable á hora de realizar un traballo cooperativo e en equipo. Recoñecer e valorar as achegas alleas enriquece o alumno.

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

As estratexias matemáticas como a resolución de problemas, que inclúen a planificación, a xestión do tempo e dos recursos, a valoración dos resultados e a argumentación para defender o proceso e os resultados, axudan ao desenvolvemento desta competencia. Esta axuda será maior na medida que se fomenten actitudes de confianza e de autonomía na resolución de situacións abertas e problemas relacionados coa realidade concreta que vive o alumno.

Os descritores que adestraremos son:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

Aprender a aprender

A autonomía na resolución de problemas en Matemáticas, xunto coa verbalización do proceso de resolución axuda á reflexión sobre o aprendido, favorecendo esta competencia.

Para o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender cómpre tamén incidir desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseveranza, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo.

Os descritores que adestraremos cos alumnos serán os seguintes:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

5. CADRO DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE

APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Os contidos da área de Matemáticas agrúpanse en varios bloques.

O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan obter unha cultura científica; os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu contorno.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas			
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Expresar verbalmente e de xeito razoado o proceso seguido na resolución dun problema. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<p>xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.4.2. Formúlase novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, os resultados e as conclusións obtidas nos procesos de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes: alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE CSC
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CCEC
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>diversas.</p> <p>— Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.</p> <p>— Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</p>		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC CSIEE
Bloque 2. Números e álgebra			
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Potencias de números naturais con expoñente enteiro. Significado e uso. Potencias de base 10. Aplicación para a expresión de números moi pequenos. Operacións con números expresados en notación científica. Aplicación a problemas extraídos do ámbito social e físico. B2.2. Xerarquía de operacións. B2.3. Números decimais e racionais. Transformación de fraccións en decimais e viceversa. Números decimais exactos e periódicos. B2.4. Operacións con fraccións e decimais. Cálculo aproximado e redondeo. Erro cometido. B2.5. Elaboración e utilización de estratexias para o cálculo mental, para o cálculo aproximado e para o cálculo con calculadora ou outros medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Utilizar as propiedades dos números racionais e decimais para operar con eles, utilizando a forma de cálculo e notación adecuada, para resolver problemas, e presentando os resultados coa precisión requirida. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.1. Aplica as propiedades das potencias para simplificar fraccións cuxos numeradores e denominadores son produtos de potencias. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.2. Distingue, ao achar o decimal equivalente a unha fracción, entre decimais finitos e decimais infinitos periódicos, e indica, nese caso, o grupo de decimais que se repiten ou forman período. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.3. Expresa certos números moi grandes e moi pequenos en notación científica, opera con eles, con e sen calculadora, e utilízalos en problemas contextualizados. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.4. Distingue e emprega técnicas adecuadas para realizar aproximacións por defecto e por exceso dun número en problemas contextualizados, e xustifica os seus procedementos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.5. Aplica axeitadamente técnicas de truncamento e redondeo en problemas contextualizados, recoñecendo os erros de aproximación en cada caso para determinar o procedemento máis axeitado. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.6. Expresa o resultado dun problema, utilizando a unidade de medida adecuada, en forma de número decimal, redondeándoo se é necesario coa marxe de erro ou precisión requiridas, de acordo coa natureza dos datos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.7. Calcula o valor de expresións numéricas de números enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de números naturais e expoñente enteiro, aplicando correctamente a xerarquía das operacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.8. Emprega números racionais e decimais para resolver problemas da vida cotiá, e analiza a coherencia da solución. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Investigación de regularidades, relacións e propiedades que aparecen en conxuntos de números. Expresión usando linguaxe alxébrica. B2.7. Sucesións numéricas. Sucesións recorrentes. Progresións aritméticas e xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Obter e manipular expresións simbólicas que describan sucesións numéricas, observando regularidades en casos sinxelos que inclúan patróns recursivos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.2.1. Calcula termos dunha sucesión numérica recorrente usando a lei de formación a partir de termos anteriores. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.2.2. Obtén unha lei de formación ou fórmula para o termo xeral dunha sucesión sinxela de números enteiros ou fraccionarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.2.3. Valora e identifica a presenza recorrente das sucesións na natureza e resolve problemas asociados a estas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Transformación de expresión alxébricas cunha indeterminada. Igualdades notables. Operacións elementais con polinomios. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilizar a linguaxe alxébrica para expresar unha propiedade ou relación dada mediante un enunciado, extraendo a información relevante e transformándoa. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.3.1. Suma, resta e multiplica polinomios, expresa o resultado en forma de polinomio ordenado e aplica a exemplos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.3.2. Coñece e utiliza as identidades notables correspondentes ao cadrado dun binomio e unha suma por diferenza, e aplica a nun contexto adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Ecuacións de segundo grao cunha incógnita. Resolución por distintos métodos. B2.10. Sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas. Resolución. B2.11. Resolución de problemas mediante a utilización de ecuacións e sistemas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Resolver problemas da vida cotiá nos que se precise a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, aplicando técnicas de manipulación alxébricas, gráficas ou recursos tecnolóxicos, e valorar e contrastar os resultados obtidos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.4.1. Resolve ecuacións de segundo grao completas e incompletas mediante procedementos alxébricos e gráficos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.4.2. Resolve sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas mediante procedementos alxébricos ou gráficos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.4.3. Formula alxébricamente unha situación da vida cotiá mediante ecuacións de primeiro e segundo grao, e sistemas lineais de dúas ecuacións con dúas incógnitas, resólveas e interpreta criticamente o resultado obtido. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 3. Xeometría			
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Xeometría do plano: mediatriz dun segmento e bisectriz dun ángulo; ángulos e as súas relacións; perímetros e áreas de polígonos; lonxitude e área de figuras circulares. Propiedades. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Recoñecer e describir os elementos e as propiedades características das figuras planas, os corpos xeométricos elementais e as súas configuracións xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB3.1.1. Coñece as propiedades dos puntos da mediatriz dun segmento e da bisectriz dun ángulo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB3.1.2. Utiliza as propiedades da mediatriz e a bisectriz para resolver problemas xeométricos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Xeometría do espazo: áreas e volumes. ▪ B3.5. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB3.1.3. Manexa as relacións entre ángulos definidos por rectas que se cortan ou por paralelas cortadas por unha secante, e resolve problemas xeométricos sinxelos nos que interveñen ángulos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB3.1.4. Calcula o perímetro de polígonos, a lonxitude de circunferencias e a área de polígonos e de figuras circulares en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB3.1.5. Calcula áreas e volumes de poliedros regulares e corpos de revolución en problemas contextualizados, aplicando fórmulas e técnicas adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Aplicación á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Utilizar o teorema de Tales e as fórmulas usuais para realizar medidas indirectas de elementos inaccesibles e para obter medidas de lonxitudes, de exemplos tomados da vida real, de representacións artísticas como pintura ou arquitectura, ou da resolución de problemas xeométricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB3.2.1. Divide un segmento en partes proporcionais a outros datos e establece relacións de proporcionalidade entre os elementos homólogos de dous polígonos semellantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB3.2.2. Recoñece triángulos semellantes e, en situacións de semellanza, utiliza o teorema de Tales para o cálculo indirecto de lonxitudes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Teorema de Tales. División dun segmento en partes proporcionais. Aplicación á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Calcular (ampliación ou redución) as dimensións reais de figuras dadas en mapas ou planos, coñecendo a escala. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB3.3.1. Calcula dimensións reais de medidas de lonxitudes en situacións de semellanza (planos, mapas, fotos aéreas, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Translacións, xiros e simetrías no plano. ▪ B3.5. Uso de ferramentas pedagóxicas adecuadas, entre elas as tecnolóxicas, para estudar formas, configuracións e relacións xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer as transformacións que levan dunha figura a outra mediante movemento no plano, aplicar os referidos movementos e analizar deseños cotiáns, obras de arte e configuracións presentes na natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB3.4.1. Identifica os elementos máis característicos dos movementos no plano presentes na natureza, en deseños cotiáns ou obras de arte. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB3.4.2. Xera creacións propias mediante a composición de movementos, empregando ferramentas tecnolóxicas cando sexa necesario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. O globo terráqueo. Coordenadas xeográficas. Latitude e lonxitude dun punto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Interpretar o sentido das coordenadas xeográficas e a súa aplicación na localización de puntos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB3.5.1. Sitúa sobre o globo terráqueo o Ecuador, os polos, os meridianos e os paralelos, e é capaz de situar un punto sobre o globo terráqueo coñecendo a súa latitude e a súa lonxitude. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
Bloque 4. Funcións			

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Análise e descrición cualitativa de gráficas que representan fenómenos do ámbito cotián e doutras materias. B4.2. Análise dunha situación a partir do estudo das características locais e globais da gráfica correspondente. B4.3. Análise e comparación de situacións de dependencia funcional dadas mediante táboas e enunciados. B4.7. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Coñecer os elementos que interveñen no estudo das funcións e a súa representación gráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.1.1. Interpreta o comportamento dunha función dada graficamente, e asocia enunciados de problemas contextualizados a gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.1.2. Identifica as características máis salientables dunha gráfica, e interprétaos dentro do seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.1.3. Constrúe unha gráfica a partir dun enunciado contextualizado, e describe o fenómeno exposto. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.1.4. Asocia razoadamente expresións analíticas sinxelas a funcións dadas graficamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Utilización de modelos lineais para estudar situacións provenientes de diferentes ámbitos de coñecemento e da vida cotiá, mediante a confección da táboa, a representación gráfica e a obtención da expresión alxébrica. B4.5. Expresións da ecuación da recta. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.2. Identificar relacións da vida cotiá e doutras materias que poden modelizarse mediante unha función lineal, valorando a utilidade da descrición deste modelo e dos seus parámetros, para describir o fenómeno analizado. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.2.1. Determina as formas de expresión da ecuación da recta a partir dunha dada (ecuación punto-pendente, xeral, explícita e por dous puntos), identifica puntos de corte e pendente, e represéntaa graficamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.2.2. Obtén a expresión analítica da función lineal asociada a un enunciado e represéntaa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Funcións cuadráticas. Representación gráfica. Utilización para representar situacións da vida cotiá. B4.7. Utilización de calculadoras gráficas e software específico para a construción e a interpretación de gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Recoñecer situacións de relación funcional que necesitan ser descritas mediante funcións cuadráticas, calculando os seus parámetros e as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.3.1. Representa graficamente unha función polinómica de grao 2 e describe as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB4.3.2. Identifica e describe situacións da vida cotiá que poidan ser modelizadas mediante funcións cuadráticas, estúdaas e represéntaa utilizando medios tecnolóxicos cando sexa necesario. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 5. Estatística e probabilidade			
<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Fases e tarefas dun estudo estatístico. Poboación e mostra. Variables estatísticas: cualitativas, discretas e continuas. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Elaborar informacións estatísticas para describir un conxunto de datos mediante táboas e gráficas adecuadas á situación analizada, e xustificar se as conclusións son representativas 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB5.1.1. Distingue poboación e mostra, e xustifica as diferenzas en problemas contextualizados. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB5.1.2. Valora a representatividade dunha mostra a través do procedemento de selección, en casos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Métodos de selección dunha mostra estatística. Representatividade dunha mostra. ▪ B5.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Agrupación de datos en intervalos. ▪ B5.4. Gráficas estadísticas: construción e interpretación. 	para a poboación estudada.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.1.3. Distingue entre variable cualitativa, cuantitativa discreta e cuantitativa continua, e pon exemplos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.1.4. Elabora táboas de frecuencias, relaciona os tipos de frecuencias e obtén información da táboa elaborada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.1.5. Constrúe, coa axuda de ferramentas tecnolóxicas, de ser necesario, gráficos estadísticos adecuados a distintas situacións relacionadas con variables asociadas a problemas sociais, económicos e da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.1.6. Planifica o proceso para a elaboración dun estudo estatístico, de xeito individual ou en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Parámetros de posición: media, moda, mediana e cuartís. Cálculo, interpretación e propiedades. ▪ B5.6. Parámetros de dispersión: rango, percorrido intercuartílico e desviación típica. Cálculo e interpretación. ▪ B5.7. Diagrama de caixa e bigotes. ▪ B5.8. Interpretación conxunta da media e a desviación típica. ▪ B5.9. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estatísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Calcular e interpretar os parámetros de posición e de dispersión dunha variable estatística para resumir os datos e comparar distribucións estatísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.2.1. Calcula e interpreta as medidas de posición dunha variable estatística para proporcionar un resumo dos datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.2.2. Calcula os parámetros de dispersión dunha variable estatística (con calculadora e con folla de cálculo) para comparar a representatividade da media e describir os datos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Fases e tarefas dun estudo estatístico. Poboación e mostra. Variables estatísticas: cualitativas, discretas e continuas. ▪ B5.2. Métodos de selección dunha mostra estatística. Representatividade dunha 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Analizar e interpretar a información estatística que aparece nos medios de comunicación, e valorar a súa representatividade e fiabilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.3.1. Utiliza un vocabulario axeitado para describir, analizar e interpretar información estatística nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.3.2. Emprega a calculadora e medios tecnolóxicos para organizar os datos, xerar gráficos estadísticos e calcular parámetros de tendencia central e dispersión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas. 3º de ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>mostra.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Frecuencias absolutas, relativas e acumuladas. Agrupación de datos en intervalos. ▪ B5.4. Gráficas estadísticas: construción e interpretación. ▪ B5.5. Parámetros de posición: media, moda, mediana e cuartís. Cálculo, interpretación e propiedades. ▪ B5.6. Parámetros de dispersión: rango, recorrido intercuartílico e desviación típica. Cálculo e interpretación. ▪ B5.7. Diagrama de caixa e bigotes. ▪ B5.8. Interpretación conxunta da media e a desviación típica. ▪ B5.9. Aplicacións informáticas que faciliten o tratamento de datos estadísticos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB5.3.3. Emprega medios tecnolóxicos para comunicar información resumida e relevante sobre unha variable estatística que analízase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

6. CONTIDOS MÍNIMOS.

NÚMEROS NATURAIS, ENTEIROS E DECIMAI

- Resolver operacións combinadas con números naturais, enteiros e decimais.
- Conceptos e procedementos básicos de divisibilidade.
- Resolver problemas aritméticos con números decimais.
- Realizar aproximacións valorando en cada caso o erro cometido.

AS FRACCIÓNS

- MANEXO DESTRO das fraccións: operacións e problemas.
- Paso de fraccións a decimais e viceversa. Distinguir tipos de decimais.
- Resolución de problemas de proporcionalidade e outros problemas clásicos.
- Cálculo con porcentaxes: aumentos e diminucións porcentuais. Índice de variación.

POTENCIAS

- Operacións con potencias e números en notación científica.
- Resolución de problemas con datos expresados en notación científica.

PROGRESIÓNS

- Identificación de progresións aritméticas e xeométricas.
- Obtención dun termo calquera dunha progresión aritmética se se coñece o primeiro termo e a diferenza ou dunha progresión xeométrica se se coñece o primeiro termo e a razón.
- Cálculo da suma de n termos consecutivos dunha progresión aritmética ou xeométrica.

A LINGUAXE ALXÉBRICA

- Tradución, á linguaxe alxébrica, de enunciados e propiedades.

- Identificación de polinomio e os seus elementos. Cálculo do valor numérico dun polinomio.
- Suma, resta e multiplicación de polinomios. Identidades notables. Extracción de factor común.

ECUACIONES E SISTEMAS DE ECUACIONES

- Resolución de ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de ecuacións.
- Formulación e resolución de problemas mediante ecuacións ou sistemas.

FUNCIONES E GRÁFICAS

- Interpretación de funcións dadas mediante gráficas. Asignación dunha gráfica a un enunciado.
- Recoñecemento das características máis importantes na descrición dunha gráfica: continuidade, descontinuidade, periodicidade, tendencias, ...
- - Asocia enunciados contextualizados a gráficas.
- Manexo destro da función afín, lineal e constante. Representación gráfica e significado dos coeficientes.
- Obtención da ecuación dunha recta a partir dun punto e a pendente, ou ben, dous puntos.
- Resolución de problemas con enunciados nos que se utilicen relacións funcionais lineais.
- Representa e coñece os elementos característicos dunha función cuadrática.

XEOMETRÍA

- Dominio do teorema de Tales en triángulos semellantes. Aplicacións no cálculo de distancias e lonxitudes en problemas contextualizados.
- Dominio absoluto do teorema de Pitágoras.
- Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas.
- Identificación dos corpos básicos co seu desenvolvemento máis intuitivo.
- Cálculo da superficie e do volume a partir do desenvolvemento ou a partir da fórmula.

ESTADÍSTICA

- Coñecemento das distintas fases dun estudo estatístico. Poboación e mostra.
- Interpretación de táboas e gráficas de todo tipo.
- Cálculo de frecuencias absolutas, relativas, porcentuais e acumuladas.
- Confección de gráficas diversas e elección do tipo de gráfica máis adecuada segundo o tipo de variable.
- Cálculo dos parámetros de centralización, dispersión e posición a partir dun conxunto de datos.

7. TEMPORALIZACIÓN.

3º ESO APLICADAS	
1ª AVALIACIÓN	
U.1. Números naturais, enteiros e decimais.	3 semanas
U.2. Fraccións.	3 semanas
U.3. Potencias. Notación científica.	3 semanas
U.4. Secuencias numéricas.	2 semanas
2ª AVALIACIÓN	
U.5. A linguaxe alxébrica.	2 semanas
U.6. Ecuacións de 1º e 2º grao.	2 semanas
U.7. Sistemas de ecuacións.	2 semanas
U.8. Funcións e gráficas.	2 semanas
U.9. Funcións lineais e cuadráticas.	2 semanas

3ª AVALIACIÓN	
U.10. Elementos de xeometría plana.	2 semanas
U.11. Figuras no espazo.	2 semanas
U.12. Semellanza. Movements no plano.	3 semanas
U.13. Táboas e gráficos estatísticos.	3 semanas

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A ensinanza secuenciarase partindo de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outros máis complexos. Empregaranse estratexias expositivas para ensinar feitos e conceptos que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas. Esta exposición será clara, formulando as interaccións entre contidos propios da materia e os doutras disciplinas, sen esquecer vincular estes con contextos reais.

Faranse actividades relacionadas coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo á súa vez a adquisición de conceptos, dado que poñen ao alumnado en situacións que fomentan a súa reflexión, o emprego das súas ideas e conceptos e o desenvolvemento do razoamento lóxico. Ademais son útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores. Estas actividades traballarase individualmente ou en pequenos grupos.

Fomentarase a participación de todos os alumnos e de todas as alumnas, dinamizando as sesións co intercambio verbal e colectivo de ideas e tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades e a capacidade de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido, ademais de favorecer o pensamento autónomo, crítico e rigoroso. Neste sentido, logo de traballar cada actividade, un alumno ou unha alumna presentará no encerado a súa resolución e o resto do grupo comprobará se a resolución é correcta, axudando na corrección dos erros que poidan detectar.

Fomentarase a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá. A realización polo alumnado de actividades ou traballos complementarios de aplicación ou indagación, posibilitarán o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe. Neste sentido realizaranse actividades TIC.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

- Visitas a empresas e organismos relacionados cos contidos da materia.
- Asistencia a charlas, exposicións e conferencias de interese.
- Participación en convocatorias de actividades organizadas por institucións públicas ou privadas, que estén relacionadas coas Matemáticas.
- Celebración, en colaboración con todos os Departamentos interesados, da **Semana da Ciencia**.

10. PROCEDIMENTOS PARA A AVALIACIÓN.

Os alumnos terán ó menos dúas probas escritas por avaliación. Si ningunha das notas baixa de 2 farase a nota media delas o que suporá o 90% da nota da avaliación. Valorarase ademais o esforzo feito na clase, a presentación dos exercicios, a participación, comportamento, etc... que suporá o 10% restante. Hai que ter en conta ademais que para que a avaliación sexa positiva é imprescindible a presentación do cuaderno de traballo completo.

Haberá recuperacións na primeira e na segunda avaliacións. Si a nota da recuperación sigue sendo menor que 5 a avaliación non queda recuperada e será esta a nota que se terá en conta cara a avaliación final. Si a nota da recuperación é maior que 5 considerarase a avaliación aprobada.

Ó final do curso haberá unha proba de recuperación de avaliacións pendentes, pódese empregar esa proba para facer a recuperación da terceira avaliación ou facer unha proba independente, pero "en ningún caso" se poderá recuperar a asignatura completa nese exame final.

Aqueles alumnos que perderan a escolaridade por faltas de asistencia a clase sen xustificar ou que copiaran nalgún exame terán dereito a presentarse a dita proba, previa entrega do caderno e dos traballos do curso.

Si a nota dalgunha das avaliacións é maior que 4 e non chega a 5 o profesor correspondente pode decidir, según o comportamento e a actitude do alumno ó longo do curso, si este debe repetir esa parte no exame final ou si se compensa co resto das notas.

É obrigatorio presentarse ós exames programados ó longo do curso. Se algún alumno non asiste a algún exame, tanto de avaliación como de recuperación, debe traer un xustificante médico se foi por enfermidade para que teña dereito a que o profesor lle repita o exame. Si a causa non é médica os pais do alumno ou os seus representantes legais deberán poñerse en contacto directamente co profesor da asignatura antes da realización da proba. Considerarase abandono manifesto da asignatura a non presentación do alumno a algunha recuperación extra, sexa tanto a de xuño coma a de setembro.

11. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais e recursos que se empregarán son:

- Libro de anaya de 3º ESO Matemáticas Aplicadas.
- Caderno de actividades do alumno ou da alumna e material escolar básico.
- Calculadora científica.
- Revistas científicas e xornais.
- Biblioteca do Centro.
- Encerado clásico e encerado dixital.
- Ordenador e páxinas web relacionadas.
- Calquera outro material que o profesor estime oportuno nun momento dado.

12. MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN.

O nivel do alumnado pode non ser homoxéneo. Algúns alumnos ou algunhas alumnas poden necesitar unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, ter dificultades específicas de aprendizaxe, TDHA, altas capacidades intelectuais, incorporarse tarde ao sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar. O profesor ou a profesora fará o posible para todos os alumnos e todas as alumnas acaden o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional e, en todo caso, os obxectivos e competencias establecidas con carácter xeral para todo o alumnado.

Para formular as medidas de atención á diversidade e inclusión recollerase toda a información posible sobre grupo de alumnos e de alumnas a través da avaliación inicial, directamente no trato con eles e con elas e preguntándolle ao correspondente titor ou á correspondente titora do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...). Debemos ter coñecemento do grupo como conxunto, ademais de

información sobre aspectos individuais do alumnado. Identificadas as necesidades e fortalezas que apreciaran, teranse en conta na planificación de estratexias metodolóxicas, na utilización de recursos, nas formas e instrumentos de avaliación e na xestión da aula.

As medidas de reforzo educativo serán elaboradas e levadas a cabo no contexto escolar polo profesor ou pola profesora que imparte a materia e os destinatarios serán aqueles alumnos e aquelas alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensinanza-aprendizaxe. Tamén se terán previstas tarefas para que realicen os alumnos e as alumnas que vaian por diante do grupo nas actividades que estean a realizar.

De ser necesarias, faranse adaptacións curriculares que son modificacións que afectan a elementos prescritivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas adaptacións teñen como destinatarios os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais, con altas capacidades e os que teñen dificultades graves de visión, audición ou motricidade. A realización das adaptacións faraa a profesora ou o profesor que imparta a materia coa colaboración do departamento e os profesionais de orientación psicopedagóxica. Necesítase a orientación da inspección educativa e terá a duración mínima de un curso.

Farase un seguimento continuado dos progresos deste alumnado, avaliando estes progresos ao final de cada avaliación co fin de informar ao titor ou á titora e ao resto de docentes que traballen no grupo nas reunión da xunta de avaliación.

13. AVALIACIÓN INICIAL.

Faráse unha proba escrita inicial sobre os contidos de 2º da ESO. Se o alumnado amosa habilidades pasarase ao tema 1. Polo contrario, se os resultados desta proba non son satisfactorios, será necesario traballar estes contidos nas primeiras semanas do curso

A avaliación inicial non será só esta proba que se fai ao comezo, senón que estará integrada na metodoloxía diaria. Consistirá nun diálogo inicial cos alumnos e coas alumnas antes de cada explicación nova para detectar as ideas e coñecementos previos. Considérase máis positivo este proceder posto que permite que o profesor ou a profesora poida dirixir o proceso de aprendizaxe partindo dos resultados deste diálogo e corrixir erros que se evidencien. Este diálogo motiva ao alumnado a pensar e participar e serve para que teña curiosidade por contrastar o que eles e elas pensaban que era correcto ou por coñecer aquilo que non coñecen.

14. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

A avaliación extraordinaria de setembro será unha nova convocatoria que consistirá en unha única proba escrita sobre os estándares traballados no curso.

A proba de setembro dará como resultado a cualificación de 0 a 10 que cada alumno ou alumna conseguirá nesta convocatoria.

15. MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos/as que teñan matemáticas pendentes da ESO, terán dous exámenes, eliminatorios, uno el 15/01/2020, y otro 01/04/2020. En caso de aprobar os dous exámenes, terán a asignatura pendente aprobada; terán un examen no mes de maio e outro en setembro para recuperar o que no hayan aprobado nesos dous exámenes. Tamén se inclúen clases de reforzo os mércores pola tarde.

16. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Co fin de promover a reflexión docente e a autoavaliación da práctica docente empregaranse ferramentas para a avaliación do proceso de ensino ao rematar cada trimestre para recoller as melloras que se realizarán no seguinte.

Nesta primeira fase de aplicación da LOMCE só faremos un seguimento entre a planificación temporal e a real para coñecer en que medida cumprimos o previsto e se chegamos a traballar todos os estándares. Ademais, será de utilidade analizar as causas das posibles desviacións que se atopen e propoñer medidas para corrixir estas desviacións.

Hai que ter en conta que na análise das causas das desviacións podemos atopar outras cuestións que poden ter afectado e que se engadirán no futuro á ferramenta para a avaliación do proceso de ensino.

ANÁLISE DAS CAUSAS DAS DESVIACIÓNS

MEDIDAS DE CORRECCIÓN

PROPOSTA DE INDICADORES PARA ENGADIR A ESTA AVALIACIÓN

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS.

Ao rematar o curso faremos unha revisión da programación en función dos resultados académicos.

En primeiro lugar, debemos estudar os resultados académicos acadados polo noso alumnado e avalialos con catro niveis de logro. A continuación, analizaremos as causas deses resultados tratando de detectar os puntos da programación que se deben revisar, se fose o caso.

Finalmente, decidiremos as medidas que tomaremos para mellorar eses resultados indicando que aspectos da programación se cambiarán. Pode suceder que as medidas correctoras non afecten á

programación didáctica senón á programación de aula, caso no que se indicará e concretará como se vai modificar a práctica docente e a metodoloxía.

Traballaremos este apartado completando a táboa que segue:

	ALUMNADO TOTAL	NÚMERO APROBAN	NÚMERO SUSPENDEN	PORCENTAXE APROBAN
RESULTADOS				
CUALIFICACIÓN DOS RESULTADOS	Nivel 4: Logro excelente			
	Nivel 3: Logro bo			
	Nivel 2: Logro suficiente			
	Nivel 1: Logro insuficiente			
ANÁLISE DE RESULTADOS				
MEDIDAS CORRECTORAS				

18. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Contribución ao plan anual de lectura

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita trabállanse como competencia durante todo o curso. Como contribución ao plan anual de lectura pódese destacar:

- Lectura e comentarios de noticias matemáticas que aparezan nos medios de comunicación para que o alumnado faga un resumo e comentario e, así, poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura.
- Lectura dalgún libro sobre descubrimentos científicos relacionados cas matemáticas.
- Realización de traballos propostos no que as fontes sexan libros ou revistas da biblioteca do centro.

Contribución ao plan de convivencia

Ao tempo que se traballan as competencias traballarase:

- **Educación moral e cívica:** fomentando o respecto polas persoas, sexa cal sexa a súa discapacidade, procedencia, condición social, sexual, racial ou relixiosa, valorando o pluralismo e a diversidade. Valorar a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a democracia, o respecto aos dereitos humanos.

- **Educación para a paz:** promoverase a aprendizaxe da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Traballarase a actitude fronte aos conflitos, véndoos como algo natural que, ben entendidos, axudan á convivencia e a madurez. Fomentarase o rexeitamento da violencia terrorista, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- **Educación para igualdade de oportunidades de ambos xéneros:** fomentando o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- **Educación medioambiental:** potenciando o aproveitamento e a reciclaxe dos materiais e o aforro enerxético. Compreendendo como os coñecementos adquiridos permiten gozar do medio natural, dándolle o seu xusto valor e participando na súa conservación e mellora.
- **Educación para a saúde:** fomentando a atención e o respecto polas normas de uso de ferramentas, máquinas e aparellos. Contribuíndo ao respecto pola orde e limpeza do posto de traballo. Adquirindo coñecementos sobre o funcionamento do organismo humano para desenvolver e afianzar hábitos de coidado e hixiene corporal e mental.
- **Educación do consumidor:** potenciarase o consumo moderado e responsable de materiais e recursos.
- **Seguridade viaria:** promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes na utilización das vías, en calidade de peóns, de viaxeiros e viaxeiras en bicicletas ou en vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- **Espírito emprendedor:** afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo ou en unha mesma e o sentido crítico.
- **Valores:** fomentaranse na clase mediante a actividade diaria na que se promoverá a cooperación (traballo en grupo), a autoestima (traballo individual), a comunicación (debate de opinións), a adquisición de técnicas para a resolución de conflitos (discusión razoada de casos). Ademais co coñecemento, práctica e aceptación das normas do centro contribuirase á participación democrática na vida do centro.

Contribución ao plan TIC

As actividades TIC de cada un dos temas serven para traballar ademais de outras competencias, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación na pescuda de información en páxinas web e na realización e presentación de traballos empregando as TIC.

Curso: 2019/20	4º ESO MATEMÁTICAS ACADÉMICAS
Profesorado:	Mª Xosé Tato Santos e José Adolfo Reza Carril
Idioma:	Castelán.

1. Obxectivos xerais de Educación Secundaria.
2. Obxectivos da área de Matemáticas 4º ESO Académicas.
3. Descritores.
4. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.
5. Cadro de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
6. Contidos mínimos.
7. Temporalización.
8. Metodoloxía didáctica.
9. Actividades complementarias.
10. Procedementos para a avaliación.
11. Recursos didácticos.
12. Medidas de atención á diversidade e inclusión.
13. Avaliación inicial.
14. Avaliación extraordinaria.
15. Materias pendentes.
16. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas.
18. Concreción dos elementos transversais.

1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE 4º ESO ACADÉMICAS

A área de Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas de 4.º ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e alumnas as capacidades que lles permitan:

- Resolver problemas utilizando os recursos e as estratexias necesarios para iso, e indicando o proceso seguido en cada caso.
- Facer predicións utilizando padróns, regularidades e leis matemáticas en distintos contextos matemáticos.
- Xerar variacións nos problemas xa resoltos co fin de afondar neles.
- Realizar procesos de investigación achegando informes de resultados e conclusións.
- Aplicar as matemáticas á vida cotiá.
- Utilizar diferentes estratexias na resolución de problemas da vida cotiá.
- Descubrir as fortalezas e as debilidades matemáticas persoais.
- Desenvolver a resiliencia na resolución de situacións novas.
- Afrontar a toma de decisións como un proceso de crecemento persoal e de orientación cara ao futuro, e valorar a súa aplicación en contextos matemáticos.
- Utilizar con destreza a calculadora, programas informáticos, etc., como medio para facilitar os cálculos, comprobar operacións, descubrir padróns, etc.
- Seleccionar a información necesaria para resolver problemas da vida cotiá con autonomía e sentido crítico.
- Utilizar de forma adecuada os diferentes tipos de números para resolver problemas da vida cotiá, aplicando correctamente as súas operacións e a prioridade destas.
- Traducir eficazmente enunciados de problemas relacionados coa vida cotiá á linguaxe alxébrica.
- Dominar o manexo razoado de polinomios e fraccións alxébricas.
- Utilizar ecuacións, inecuacións e sistemas para resolver problemas matemáticos en contextos da vida real.
- Representar relacións cuantitativas e cualitativas a través de diferentes tipos de funcións e interpretar os resultados obtidos a partir de táboas, gráficas...
- Coñecer os conceptos básicos da semellanza e aplicalos á resolución de problemas.

- Resolver problemas trigonométricos utilizando as razóns trigonométricas fundamentais e as súas relacións.
- Afondar no coñecemento de configuracións xeométricas sinxelas a través da xeometría analítica plana.
- Analizar e interpretar datos estatísticos extraídos a partir dos diferentes medios de comunicación.
- Utilizar diferentes medios de representación estatística en distribucións unidimensionais.
- Coñecer e utilizar algunhas estratexias combinatorias básicas, e utilízalas para resolver problemas.
- Resolver problemas de probabilidade simple e composta utilizando adecuadamente a lei de Laplace, táboas de continxencia, diagramas de árbore...

3. DESCRITORES

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRITORES
COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)	Coidado do ámbito ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.

	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.

	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.
COMPETENCIA DIXITAL(CD)	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURALS (CSC)	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIEP)	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo, superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.

	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
APRENDER A APRENDER (CAA)	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; lembremos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descriptores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descriptores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descriptores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descriptores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, deberanos conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas

Na área de Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Académicas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descriptores máis afíns a ela.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Esta área posibilita en todos e cada un dos seus aspectos a competencia matemática, a partir do coñecemento dos contidos e a súa variedade de procedementos de cálculo, análise, medida e estimación da realidade que envolve os alumnos e as alumnas como instrumento imprescindible no desenvolvemento do seu pensamento e compoñente esencial de comprensión.

Así, ademais dos descriptores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece a noso redor e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

Para fomentar o seu desenvolvemento desde a área de Matemáticas débese insistir na incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual e a adecuada precisión no seu uso. Por outra

parte, trabállase especificamente nos contidos asociados á descrición verbal dos razoamentos e dos procesos.

Destacamos os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

A lectura e a creación de gráficas, a organización da información en forma analítica e comparativa, a modelización da realidade, a introdución á linguaxe gráfica e estatística, o uso de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas e outros procesos matemáticos, contribúen ao desenvolvemento desta competencia.

Nesta área traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Conciencia e expresións culturais

A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a conciencia e a expresión cultural das sociedades. Igualmente, o alumnado, mediante o traballo matemático, poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Nesta área traballaremos os seguintes descritores:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade, e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A utilización de estratexias persoais de cálculo e de resolución de problemas facilita compartir estas para aceptar outros puntos de vista, o que é indispensable á hora de realizar un traballo cooperativo e en equipo. Recoñecer e valorar as achegas alleas enriquece o estudante.

Adestraremos os seguintes descritores:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

As estratexias matemáticas como a resolución de problemas, que inclúen a planificación, a xestión do tempo e dos recursos, a valoración dos resultados e a argumentación para defender o proceso e os resultados, axudan ao desenvolvemento desta competencia. Esta axuda será maior na medida que se

fomenten actitudes de confianza e de autonomía na resolución de situacións abertas e problemas relacionados coa realidade concreta que vive o alumnado.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.
- Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.

Aprender a aprender

A autonomía na resolución de problemas en Matemáticas, xunto coa verbalización do proceso de resolución, axuda á reflexión sobre o aprendido, favorecendo esta competencia.

- **Educación para a paz:** promoverase a aprendizaxe da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Traballarase a actitude fronte aos conflitos, véndoos como algo natural que, ben entendidos, axudan á convivencia e a madurez. Fomentarase o rexeitamento da violencia terrorista, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- **Educación para igualdade de oportunidades de ambos xéneros:** fomentando o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- **Educación medioambiental:** potenciando o aproveitamento e a reciclaxe dos materiais e o aforro enerxético. Compreendendo como os coñecementos adquiridos permiten gozar do medio natural, dándolle o seu xusto valor e participando na súa conservación e mellora.
- **Educación para a saúde:** fomentando a atención e o respecto polas normas de uso de ferramentas, máquinas e aparellos. Contribuíndo ao respecto pola orde e limpeza do posto de traballo. Adquirindo coñecementos sobre o funcionamento do organismo humano para desenvolver e afianzar hábitos de coidado e hixiene corporal e mental.
- **Educación do consumidor:** potenciarase o consumo moderado e responsable de materiais e recursos.
- **Seguridade viaria:** promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes na utilización das vías, en calidade de peóns, de viaxeiros e viaxeiras en bicicletas ou en vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

- **Espírito emprendedor:** afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo ou en unha mesma e o sentido crítico.
- **Valores:** fomentaranse na clase mediante a actividade diaria na que se promoverá a cooperación (traballo en grupo), a autoestima (traballo individual), a comunicación (debate de opinións), a adquisición de técnicas para a resolución de conflitos (discusión razoada de casos). Ademais co coñecemento, práctica e aceptación das normas do centro contribuirase á participación democrática na vida do centro.

Contribución ao plan TIC

As actividades TIC de cada un dos temas serven para traballar ademais de outras competencias, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación na pescuda de información en páxinas web e na realización e presentación de traballos empregando as TIC.

Curso: 2019/20	4º ESO MATEMÁTICAS APLICADAS
Profesorado:	Patricia Augusto Rúa
Idioma:	Castelán.

1. Obxectivos xerais de Educación Secundaria.
2. Obxectivos da área de Matemáticas 4º ESO Aplicadas.
3. Descritores.
4. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.
5. Cadro de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
6. Contidos mínimos.
7. Temporalización.
8. Metodoloxía didáctica.
9. Actividades complementarias.
10. Procedementos para a avaliación.
11. Recursos didácticos.
12. Medidas de atención á diversidade e inclusión.
13. Avaliación inicial.
14. Avaliación extraordinaria.
15. Materias pendentes.
16. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas.
18. Concreción dos elementos transversais.

1. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e na galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE 4º ESO APLICADAS

A área de Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas de 4.º ESO contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- Resolver problemas utilizando os recursos e as estratexias necesarios para iso, e indicar o proceso seguido en cada caso.
- Facer predicións utilizando padróns, regularidades e leis matemáticas en distintos contextos matemáticos.
- Xerar variacións nos problemas xa resoltos co fin de afondar neles.
- Realizar procesos de investigación achegando informes de resultados e conclusións.
- Aplicar as matemáticas á vida cotiá.
- Descubrir as fortalezas e as debilidades matemáticas persoais.
- Desenvolver a resiliencia na resolución de situacións novas.
- Afrontar a toma de decisións como un proceso de crecemento persoal e de orientación cara ao futuro, e valorar a súa aplicación en contextos matemáticos.
- Utilizar con destreza a calculadora, programas informáticos, etc., como medio para facilitar os cálculos, comprobar operacións, descubrir padróns, etc.
- Seleccionar a información necesaria para resolver problemas da vida cotiá con autonomía e sentido crítico.
- Utilizar de forma adecuada os diferentes tipos de números para resolver problemas da vida cotiá, aplicando correctamente as súas operacións e a prioridade destas.
- Utilizar as magnitudes e as unidades de medida adecuadas en cada situación ao enfrontarse a un problema matemático.
- Dispoñer de recursos para analizar e manexar situacións problemáticas e aplicar procedementos específicos para resolvelas.
- Traducir eficazmente enunciados de problemas relacionados coa vida cotiá á linguaxe alxébrica.
- Manexar razoadamente polinomios e fraccións alxébricas.

- Utilizar ecuacións e sistemas para resolver problemas en contextos da vida real.
- Representar relacións cuantitativas e cualitativas a través de diferentes tipos de funcións e interpretar os resultados obtidos a partir de táboas, gráficas...
- Coñecer os conceptos básicos sobre semellanza, teorema de Pitágoras, áreas de figuras planas e áreas e volumes de corpos xeométricos, e aplicarlos á resolución de problemas.
- Describir, utilizando un vocabulario adecuado, situacións extraídas de contextos comunicativos da realidade sobre o manexo do azar e a estatística.
- Analizar e interpretar datos estatísticos extraídos de diferentes medios de comunicación.
- Utilizar diferentes medios de representación estatística en distribucións unidimensionais.
- Coñecer as distribucións bidimensionais, representalas e valorar a correlación.
- Resolver problemas de probabilidade simple e composta utilizando adecuadamente a Lei de Laplace, táboas de dobre entrada, diagramas de árbore...

3. DESCRITORES

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	DESCRITORES
COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)	Coidado do contorno ambiental e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.

	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.

	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.
COMPETENCIA DIXITAL (CD)	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS(CEC)	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS(CSC)	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR (SIEP)	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo, superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontrar posibilidades no contorno que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
APRENDER A APRENDER (CAA)	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
--	---	---

4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Descrición do modelo competencial

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento atoparemos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo.

En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, deberasnos conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas

Na área de Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns a ela.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Esta área posibilita en todos e cada un dos seus aspectos a competencia matemática, a partir do coñecemento dos contidos e a súa variedade de procedementos de cálculo, análise, medida e estimación da realidade que envolve os alumnos e as alumnas, como instrumento imprescindible no desenvolvemento do seu pensamento e compoñente esencial de comprensión.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Comprometese co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

Para fomentar o seu desenvolvemento desde a área de Matemáticas débese insistir na incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual e a adecuada precisión no seu uso. Por outra parte, trabállase especificamente nos contidos asociados á descrición verbal dos razoamentos e dos procesos.

Destacamos os descritores seguintes:

- Compoñer creativamente distintos tipos de textos con sentido literario.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia, para un mellor uso desta.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

A lectura e a creación de gráficas, a organización da información en forma analítica e comparativa, a modelización da realidade, a introdución á linguaxe gráfica e estatística, o uso de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas e outros procesos matemáticos, contribúen ao desenvolvemento desta competencia.

Nesta área traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Conciencia e expresións culturais

A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas e as súas estratexias e procesos mentais fomentan a conciencia e a expresión cultural das sociedades. Igualmente, o alumnado, mediante o traballo matemático, poderá comprender diversas manifestacións artísticas e será capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Nesta área traballaremos os seguintes descritores:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A utilización de estratexias persoais de cálculo e de resolución de problemas facilita compartir estas para aceptar outros puntos de vista, o que é indispensable á hora de realizar un traballo cooperativo e en equipo. Recoñecer e valorar as achegas alleas enriquece o estudante.

Adestraremos os seguintes descritores:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

As estratexias matemáticas como a resolución de problemas, que inclúen a planificación, a xestión do tempo e dos recursos, a valoración dos resultados e a argumentación para defender o proceso e os resultados, axudan ao desenvolvemento desta competencia. Esta axuda será maior na medida que se fomenten actitudes de confianza e de autonomía na resolución de situacións abertas e problemas relacionados coa realidade concreta que vive o alumnado.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Atopar posibilidades no contorno que outros non aprecian.

Aprender a aprender

- A autonomía na resolución de problemas en Matemáticas, xunto coa verbalización do proceso de resolución, axuda á reflexión sobre o aprendido, favorecendo esta competencia.
- Para o desenvolvemento da competencia de aprender a aprender é tamén necesario incidir desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseveranza, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo.
- Traballaremos os seguintes descritores de xeito prioritario:
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se deben realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

5. CADRO DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

O currículo da área de Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas agrúpase en varios bloques. Os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fórmulanse para 4.º de Educación Secundaria.

Na súa redacción respectarase a numeración dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe tal e como aparece no Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas			
B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas.	B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado o proceso seguido na resolución dun problema.	MAPB1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido	CCL CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, relato exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc. ▪ B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.2.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.2.2. Valora a información dun enunciado e relaciónaa co número de solucións do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.2.3. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpra resolver, valorando a súa utilidade e a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.2.4. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: uso da linguaxe apropiada (gráfica, numérica, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Describir e analizar situacións de cambio, para atopar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.3.1. Identifica patróns, regularidades e leis matemáticas en situacións de cambio, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>alxébrica, etc.), reformulación do problema, resolución de subproblemas, reconto exhaustivo, comezo por casos particulares sinxelos, procura de regularidades e leis, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<p>xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, valorando a súa utilidade para facer predicións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.3.2. Utiliza as leis matemáticas atopadas para realizar simulacións e predicións sobre os resultados esperables, e valora a súa eficacia e a súa idoneidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Reflexión sobre os resultados: revisión das operacións utilizadas, asignación de unidades aos resultados, comprobación e interpretación das solucións no contexto da situación, procura doutras formas de resolución, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Afondar en problemas resoltos formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, outros contextos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.4.1. Afonda nos problemas logo de resolvelos, revisando o proceso de resolución e os pasos e as ideas importantes, analizando a coherencia da solución ou procurando outras formas de resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.4.2. Formúlanse novos problemas, a partir de un resolto, variando os datos, propondo novas preguntas, resolvendo outros problemas parecidos, formulando casos particulares ou máis xerais de interese, e establecendo conexións entre o problema e a realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Elaborar e presentar informes sobre o proceso, resultados e conclusións obtidas nos procesos de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes: alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de situacións problemáticas da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.6.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.6.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.6.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.6.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.6.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.7.1. Reflexiona sobre o proceso, obtén conclusións sobre el e os seus resultados, valorando outras opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Práctica dos procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade e matemáticos, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.8.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE CSC
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.8.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.8.3. Distingue entre problemas e exercicios, e adopta a actitude axeitada para cada caso. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.8.4. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas, e procurar respostas axeitadas, tanto no estudo dos conceptos como na resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CCEC
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.8.5. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.9.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación e de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Reflexionar sobre as decisións tomadas e aprender diso para situacións similares futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.10.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando a potencia e a sinxeleza das ideas clave, e aprende para situacións futuras similares. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º ESO			
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. – Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. – Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.11.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.11.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.11.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.11.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.11.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> – Recollida ordenada e a organización de datos. – Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. – Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. – Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, procurando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.12.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.12.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MAPB1.12.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>diversas.</p> <p>— Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.</p> <p>— Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</p>		<ul style="list-style-type: none"> MAPB1.12.4. Emprega ferramentas tecnolóxicas para compartir ideas e tarefas. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC CSIEE
Bloque 2. Números e álgebra			
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Recoñecemento de números que non poden expresarse en forma de fracción. Números irracionais. B2.2. Diferenciación de números racionais e irracionais. Expresión decimal e representación na recta real. B2.3. Xerarquía das operacións. B2.4. Interpretación e utilización dos números reais e as operacións en diferentes contextos, elixindo a notación e precisión máis axeitadas en cada caso. B2.5. Utilización da calculadora e ferramentas informáticas para realizar operacións con calquera tipo de expresión numérica. Cálculos aproximados. B2.6. Intervalos. Significado e diferentes formas de expresión. B2.7. Proporcionalidade directa e inversa. Aplicación á resolución de problemas da vida cotiá. B2.8. Porcentaxes na economía. Aumentos e diminucións porcentuais. Porcentaxes sucesivas. Interese simple e composto. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Coñecer e utilizar os tipos de números e operacións, xunto coas súas propiedades e aproximacións, para resolver problemas relacionados coa vida diaria e outras materias do ámbito educativo, recollendo, transformando e intercambiando información. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.1. Recoñece os tipos de números (naturais, enteiros, racionais e irracionais), indica o criterio seguido para a súa identificación, e utilízalos para representar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.2. Realiza os cálculos con eficacia, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou ferramentas informáticas, e utiliza a notación máis axeitada para as operacións de suma, resta, produto, división e potenciación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.3. Realiza estimacións e xulga se os resultados obtidos son razoables. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.4. Utiliza a notación científica para representar e operar (produtos e divisións) con números moi grandes ou moi pequenos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.5. Compara, ordena, clasifica e representa os tipos de números reais, intervalos e semirectas, sobre a recta numérica. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.6. Aplica porcentaxes á resolución de problemas cotiáns e financeiros, e valora o emprego de medios tecnolóxicos cando a complexidade dos datos o requira. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.1.7. Resolve problemas da vida cotiá nos que interveñen magnitudes directa e inversamente proporcionais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Polinomios: raíces e factorización. Utilización de identidades notables. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Utilizar con destreza a linguaxe alxébrica, as súas operacións e as súas propiedades.
<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.2.2. Realiza operacións de suma, resta, produto e división de polinomios, e utiliza identidades notables. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 		

Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas 4º ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.2.3. Obtén as raíces dun polinomio e factorizaio, mediante a aplicación da regra de Ruffini. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B2.10. Resolución de ecuacións e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas. B2.11. Resolución de problemas cotiáns mediante ecuacións e sistemas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Representar e analizar situacións e estruturas matemáticas, utilizando ecuacións de distintos tipos para resolver problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB2.3.1. Formula alxebricamente unha situación da vida real mediante ecuacións de primeiro e segundo grao e sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas, resólveas e interpreta o resultado obtido. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 3. Xeometría			
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Figuras semellantes. B3.2. Teoremas de Tales e Pitágoras. Aplicación da semellanza para a obtención indirecta de medidas. B3.3. Razón entre lonxitudes, áreas e volumes de figuras e corpos semellantes. B3.4. Resolución de problemas xeométricos no mundo físico: medida e cálculo de lonxitudes, áreas e volumes de diferentes corpos. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuados, e aplicando a unidade de medida máis acorde coa situación descrita. 	<ul style="list-style-type: none"> MAPB3.1.1. Utiliza instrumentos, fórmulas e técnicas apropiados para medir ángulos, lonxitudes, áreas e volumes de corpos e de figuras xeométricas, interpretando as escalas de medidas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB3.1.2. Emprega as propiedades das figuras e dos corpos (simetrías, descomposición en figuras máis coñecidas, etc.) e aplica o teorema de Tales, para estimar ou calcular medidas indirectas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB3.1.3. Utiliza as fórmulas para calcular perímetros, áreas e volumes de triángulos, rectángulos, círculos, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas, e aplícaa para resolver problemas xeométricos, asignando as unidades correctas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MAPB3.1.4. Calcula medidas indirectas de lonxitude, área e volume mediante a aplicación do teorema de Pitágoras e a semellanza de triángulos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
A materia de Matemáticas I utiliza unha terminoloxía formal que permitirá ao alumnado incorporar esta linguaxe ao seu vocabulario, e utilízalo nos momentos axeitados con propiedade abunda. Así mesmo, a comunicación dos resultados das actividades e/ou problemas e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**.

A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** son as competencias fundamentais da materia. Para desenvolver esta competencia, o alumnado aplicará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Estas competencias son, xa que logo, as máis traballadas na materia.

A **competencia dixital** fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, recadar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo das matemáticas que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

A adquisición da **competencia de aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma. Ademais, ao ser unha materia progresiva, o alumnado adquire a capacidade de relacionar os contidos aprendidos durante anteriores etapas co que vai ver no presente curso e no próximo.

Esta materia favorece o traballo en grupo, onde se fomenta o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos posibles riscos da ciencia e da tecnoloxía e permite formar unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre o avance científico e tecnolóxico.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** é básico á hora de levar a cabo o método científico de forma rigorosa e eficaz, seguindo a consecución de pasos desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións. É necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a **conciencia e expresión cultural** das sociedades. Igualmente, o alumno, mediante o traballo matemático poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras

5. CADRO DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

U.1. Números reais.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>Distintos tipos de números</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os números enteiros, racionais e irracionais. - O papel dos números irracionais no proceso de ampliación da recta numérica. <p>Recta real</p> <ul style="list-style-type: none"> - Correspondencia de cada número real cun punto da recta, e viceversa. - Representación sobre a recta de números racionais, dalgúns radicais e, aproximadamente, de calquera número dado pola súa expresión decimal. - Intervalos e semirectas. Representación. <p>Radicais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Forma exponencial dun radical. - Propiedades dos radicais. <p>Logaritmos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Definición e propiedades. - Utilización das propiedades dos logaritmos para realizar cálculos e para simplificar expresións. <p>Notación científica</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manexo destro da notación científica. <p>Factoriais e números combinatorios</p> <ul style="list-style-type: none"> - Definición e propiedades. - Utilización das propiedades dos números combinatorios para realizar recontos. - Binomio de Newton. <p>Calculadora</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utilización da calculadora para diversos tipos de tarefas aritméticas, xuntando a destreza do seu manexo coa 	<p>1. Coñecer os conceptos básicos do campo numérico (recta real, potencias, raíces, logaritmos, factoriais e números combinatorios).</p>	<p>1.1. Dados varios números, clasifícaos nos distintos campos numéricos.</p> <p>1.2. Interpreta raíces e relacións coa súa notación exponencial.</p> <p>1.3. Coñece a definición de logaritmo e interprétaa en casos concretos.</p> <p>1.4. Coñece a definición de factoriais e números combinatorios e utilízaa para cálculos concretos.</p>	<p>CCL,</p> <p>CMCT,</p> <p>CAA,</p> <p>SIEP,</p> <p>CEC</p>
	<p>2. Dominar as técnicas básicas do cálculo no campo dos números reais.</p>	<p>2.1. Expresa cun intervalo un conxunto numérico no que intervén unha desigualdade con valor absoluto.</p> <p>2.2. Opera correctamente con radicais.</p> <p>2.3. Opera con números “moi grandes” ou “moi pequenos” valéndose da notación científica e acoutando o erro cometido.</p> <p>2.4. Aplica as propiedades dos logaritmos en contextos variados.</p> <p>2.5. Opera con expresións que inclúen factoriais e números combinatorios e utiliza as súas propiedades.</p> <p>2.6. Resolve exercicios nos que aparece o binomio de Newton.</p> <p>2.7. Utiliza a calculadora para obter potencias, raíces, factoriais, números combinatorios, resultados de operacións con números en notación científica e logaritmos.</p>	<p>CCL,</p> <p>CMCT,</p> <p>CD,</p> <p>CAA,</p> <p>CSC,</p> <p>SIEP,</p> <p>CEC</p>

comprensión das propiedades que se utilizan.			
--	--	--	--

U.2. Sucesións.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
Sucesión - Termo xeral. - Sucesión recorrente. - Algunhas sucesións interesantes. Progresión aritmética - Diferenza dunha progresión aritmética. - Obtención do termo xeral dunha progresión aritmética dada mediante algúns dos seus elementos. - Cálculo da suma de n termos. Progresión xeométrica - Razón. - Obtención do termo xeral dunha progresión xeométrica dada mediante algúns dos seus elementos. - Cálculo da suma de n termos. - Cálculo da suma dos infinitos termos nos casos nos que $ r < 1$. Sucesións de potencias - Cálculo da suma dos cadrados ou dos cubos de n números naturais consecutivos. Límite dunha sucesión - Sucesións que tenden a a , $+\infty$, $-\infty$ ou que oscilan. - Obtención do límite dunha sucesión mediante o estudo do seu comportamento para termos avanzados: - Coa axuda da calculadora. - Reflexionando sobre as peculiaridades da expresión aritmética do seu termo xeral. - Algúns límites interesantes: $(1 + 1/n)^n$ - Cociente de dous termos consecutivos da sucesión de Fibonacci.	1. Descubrir e describir o criterio polo que foi formada certa sucesión.	1.1. Obtén termos xerais de progresións. 1.2. Obtén termos xerais doutros tipos de sucesións. 1.3. Dá o criterio de formación dunha sucesión recorrente.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSYC, SIEP, CEC
	2. Calcular a suma dos termos dalgúns tipos de sucesións.	2.1. Calcula o valor da suma de termos de progresións.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSYC, SIEP, CEC
	3. Estudar o comportamento dunha sucesión para termos avanzados e decidir o seu límite.	3.1. Descubre o límite dunha sucesión ou xustifica que carece del.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSYC, SIEP, CEC

U.3. Álgebra.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
Factorización de polinomios - Factorización dun polinomio a partir da identificación das súas	1. Dominar o manexo das fraccións alxébricas e das súas operacións.	1.1. Simplifica fraccións alxébricas. 1.2. Opera con fraccións	CCL, CMCT,

<p>raíces enteiras.</p> <p>Fraccións alxébricas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operacións con fraccións alxébricas. Simplificación. - Manexo destro das técnicas alxébricas básicas. <p>Ecuacións</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ecuacións de segundo grao. - Ecuacións bicadradas. - Ecuacións con fraccións alxébricas. - Ecuacións con radicais. - Ecuacións exponenciais. - Ecuacións logarítmicas. <p>Sistema de ecuacións</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de sistemas de ecuacións de calquera tipo que poidan desembocar en ecuacións das nomeadas. - Método de Gauss para resolver sistemas lineais 3 3.x <p>Inecuacións</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de inecuacións e sistemas de inecuacións cunha incógnita. - Resolución de sistemas de inecuacións lineais con dúas incógnitas. <p>Resolución de problemas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tradución á linguaxe alxébrica de problemas dados mediante enunciado. - Formulación e resolución de problemas mediante ecuacións e sistemas de ecuacións. 		alxébricas.	CAA, SIEP
	2. Resolver con destreza ecuacións de distintos tipos e aplicarlas á resolución de problemas.	<p>2.1. Calcula o valor da suma de termos de progresións.</p> <p>2.2. Resolve ecuacións con radicais e coa incógnita no denominador.</p> <p>2.3. Válese da factorización como recurso para resolver ecuacións.</p> <p>2.4. Resolve ecuacións exponenciais e logarítmicas.</p> <p>2.5. Formula e resolve problemas mediante ecuacións.</p>	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP
	3. Resolver con destreza sistemas de ecuacións e aplicarlos á resolución de problemas.	<p>3.1. Resolve sistemas con ecuacións de primeiro e segundo graos e interprétaos graficamente.</p> <p>3.2. Resolve sistemas de ecuacións con radicais e fraccións alxébricas (sinxelos).</p> <p>3.3. Resolve sistemas de ecuacións con expresións exponenciais e logarítmicas.</p> <p>3.4. Resolve sistemas lineais de tres ecuacións con tres incógnitas mediante o método de Gauss.</p> <p>3.5. Formula e resolve problemas mediante sistemas de ecuacións.</p>	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP
	4. Interpretar e resolver inecuacións e sistemas de inecuacións.	<p>4.1. Resolve e interpreta graficamente inecuacións e sistemas de inecuacións cunha incógnita.</p> <p>4.2. Resolve sistemas de inecuacións lineais con dúas incógnitas.</p>	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC

U.4. Resolución de triángulos

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>Razóns trigonométricas dun ángulo agudo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Definición de seno, coseno e tanxente dun ángulo agudo nun triángulo rectángulo. - Relación entre as razóns 	1. Coñecer o significado das razóns trigonométricas de ángulos agudos, aplicarlas á resolución de triángulos rectángulos e relacionalas coas razóns trigonométricas	<p>1.1. Resolve triángulos rectángulos.</p> <p>1.2. Calcula unha razón trigonométrica a partir doutra.</p> <p>1.3. Válese de dous triángulos rectángulos para resolver un</p>	CCL, CMCT, CD,

<p>trigonómicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo dunha razón a partir doutra dada. - Obtención coa calculadora das razóns trigonométricas dun ángulo e do que corresponde a unha razón trigonométrica. <p>Razóns trigonométricas de ángulos calquera</p> <ul style="list-style-type: none"> - Circunferencia goniométrica. - Representación dun ángulo, visualización e cálculo das súas razóns trigonométricas na circunferencia goniométrica. - Relacións das razóns trigonométricas dun ángulo calquera cun do primeiro cuadrante. - Representación de ángulos coñecendo unha razón trigonométrica. - Utilización da calculadora con ángulos calquera. 	<p>de ángulos calquera.</p>	<p>oblicuángulo (estratexia da altura).</p> <p>1.4. Obtén as razóns trigonométricas dun ángulo calquera relacionándoo cun do primeiro cuadrante.</p>	<p>CAA, CSYC, SIEP, CEC</p>
<p>Resolución de triángulos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de triángulos rectángulos. - Aplicación da estratexia da altura para resolver triángulos non rectángulos. - Teoremas dos senos e do coseno. - Aplicación dos teoremas dos senos e do coseno á resolución de triángulos. 	<p>2. Coñecer o teorema dos senos e o do coseno e aplicalos á resolución de triángulos calquera.</p>	<p>2.1. Resolve un triángulo oblicuángulo do que se coñecen elementos que o definen (dous lados e un ángulo, dous ángulos e un lado, tres lados...).</p> <p>2.2. Resolve un triángulo oblicuángulo definido mediante un debuxo.</p> <p>2.3. A partir dun enunciado, debuxa o triángulo que describe a situación e resólveo.</p> <p>2.4. Ao resolver un triángulo, recoñece se non existe solución, se a solución é única, ou se pode haber dúas solucións.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSYC, SIEP, CEC</p>

U.5. Funcións e fórmulas trigonométricas.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
<p>Fórmulas trigonométricas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Razóns trigonométricas do ángulo suma, da diferenza de dous ángulos, do ángulo dobre e do ángulo metade. - Sumas e diferenzas de senos e cosenos. - Simplificación de expresións trigonométricas mediante transformacións en produtos. <p>Ecuacións trigonométricas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de ecuacións trigonométricas. <p>O radián</p> <ul style="list-style-type: none"> - Relación entre graos e radiáns. - Utilización da calculadora en modo RAD. 	<p>1. Coñecer as fórmulas trigonométricas fundamentais (suma e resta de ángulos, ángulo dobre, ángulo metade e suma e diferenza de senos e cosenos) e aplicalas a cálculos diversos.</p> <p>2. Coñecer a definición de radián e utilízalo para describir as funcións trigonométricas.</p>	<p>1.1. Utiliza as fórmulas trigonométricas (suma, resta, ángulo dobre...) para obter as razóns trigonométricas dalgúns ángulos a partir doutros.</p> <p>1.2. Simplifica expresións con fórmulas trigonométricas.</p> <p>1.3. Demuestra identidades trigonométricas.</p> <p>1.4. Resolve ecuacións trigonométricas.</p> <p>2.1. Transforma en radiáns un ángulo dado en graos, e viceversa.</p> <p>2.2. Recoñece as funcións trigonométricas dadas mediante as</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CEC</p> <p>CCL, CMCT, CD,</p>

<p>- Paso de graos a radiáns, e viceversa.</p> <p>As funcións trigonométricas</p> <p>- Identificación das funcións trigonométricas seno, coseno e tanxente.</p> <p>- Representación das funcións seno, coseno e tanxente.</p>		<p>súas gráficas.</p> <p>2.3. Representa calquera das funcións trigonométricas (seno, coseno ou tanxente) sobre uns eixes coordenados, en cuxo eixe de abscisas se sinalaron as medidas, en radiáns, dos ángulos máis relevantes.</p>	<p>CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
--	--	---	--

U.6. Números complexos.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Números complexos</p> <p>- Unidade imaxinaria. Números complexos en forma binómica.</p> <p>- Representación gráfica de números complexos.</p> <p>- Operacións con números complexos en forma binómica.</p> <p>- Propiedades das operacións con números complexos.</p> <p>Números complexos en forma polar</p> <p>- Módulo e argumento.</p> <p>- Paso de forma binómica a forma polar e viceversa.</p> <p>- Produto e cociente de complexos en forma polar.</p> <p>- Potencia dun complexo.</p> <p>- Fórmula de Moivre.</p> <p>- Aplicación da fórmula de Moivre en trigonometría.</p> <p>Radicación de números complexos</p> <p>- Obtención das raíces n-ésimas dun número complexo.</p> <p>Representación gráfica.</p> <p>Ecuacións no campo dos complexos</p> <p>- Resolución de ecuacións en \mathbb{C}.</p> <p>Aplicación dos números complexos á resolución de problemas xeométricos</p>	<p>1. Coñecer os números complexos, as súas representacións gráficas, os seus elementos e as súas operacións.</p>	<p>1.1. Realiza operacións combinadas de números complexos postos en forma binómica e representa graficamente a solución.</p> <p>1.2. Pasa un número complexo de forma binómica a polar, ou viceversa, represéntao e obtén o seu oposto e o seu conxugado.</p> <p>1.3. Resolve problemas nos que deba realizar operacións aritméticas con complexos e para o cal deba dilucidar se se expresan en forma binómica ou polar. Válese da representación gráfica nalgún dos pasos.</p> <p>1.4. Calcula raíces de números complexos e interprétaas graficamente.</p> <p>1.5. Resolve ecuacións no campo dos números complexos.</p> <p>1.6. Interpreta e representa graficamente igualdades e desigualdades ente números complexos.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>

U.7. Vectores

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Vectores. Operacións</p> <p>- Definición de vector: módulo, dirección e sentido.</p>	<p>1. Coñecer os vectores e as súas operacións e utilízalos para a resolución de</p>	<p>1.1. Efectúa combinacións lineais de vectores graficamente e</p>	<p>CCL,</p>

<p>Representación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produto dun vector por un número. - Suma e resta de vectores. - Obtención gráfica do produto dun número por un vector, do vector suma e do vector diferenza. <p>Combinación lineal de vectores</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión dun vector como combinación lineal doutros. <p>Concepto de base</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coordenadas dun vector respecto dunha base. - Representación dun vector dado polas súas coordenadas en certa base. - Recoñecemento das coordenadas dun vector representado en certa base. - Operacións con vectores dados graficamente ou polas súas coordenadas. 	<p>problemas xeométricos.</p>	<p>mediante as súas coordenadas.</p> <p>1.2. Expresa un vector como combinación lineal doutros dous, graficamente e mediante as súas coordenadas.</p> <p>1.3. Coñece e aplica o significado do produto escalar de dous vectores, as súas propiedades e a súa expresión analítica nunha base ortonormal.</p> <p>1.4. Calcula módulos e ángulos de vectores dadas as súas coordenadas nunha base ortonormal e aplícao en situacións diversas.</p> <p>1.5. Aplica o produto escalar para identificar vectores perpendiculares, dadas as súas coordenadas nunha base ortonormal.</p>	<p>CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>
<p>Produto escalar de dous vectores</p> <ul style="list-style-type: none"> - Propiedades. - Expresión analítica do produto escalar nunha base ortonormal. - Aplicacións: módulo dun vector, ángulo de dous vectores, ortogonalidade. - Cálculo da proxección dun vector sobre outro. - Obtención de vectores unitarios coa dirección dun vector dado. - Cálculo do ángulo que forman dous vectores. - Obtención de vectores ortogonais a un vector dado. - Obtención dun vector coñecendo o seu módulo e o ángulo que forma con outro. 			

U.8. Xeometría analítica.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>Sistema de referencia no plano</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coordenadas dun punto. <p>Aplicacións dos vectores a problemas xeométricos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coordenadas dun vector que une dous puntos, punto medio dun segmento... <p>Ecuacións da recta</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vectorial, paramétricas e xeral. - Paso dun tipo de ecuación a 	<p>1. Coñecer e dominar as técnicas da xeometría analítica plana.</p>	<p>1.1. Acha o punto medio dun segmento e o simétrico dun punto respecto doutro.</p> <p>1.2. Utiliza os vectores e as súas relacións para obter un punto a partir doutros (baricentro dun triángulo, cuarto vértice dun paralelogramo, punto que divide un segmento nunha proporción dada...).</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP,</p>

<p>outro.</p> <p>Aplicacións dos vectores a problemas métricos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vector normal. - Obtención do ángulo de dúas rectas a partir das súas pendentes. - Obtención da distancia entre dous puntos ou entre un punto e unha recta. - Recoñecemento da perpendicularidade. <p>Posicións relativas de rectas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obtención do punto de corte de dúas rectas. - Ecuación explícita da recta. Pendente. - Forma punto-pendente dunha recta. - Obtención da pendente dunha recta. Recta que pasa por dous puntos. - Relación entre as pendentes de rectas paralelas ou perpendiculares. - Obtención dunha recta paralela (ou perpendicular) a outra que pasa por un punto. - Feixe de rectas. 		<p>1.3. Obtén distintos tipos de ecuacións dunha recta a partir dalgúns dos seus elementos (dous puntos, punto e pendente, punto e vector dirección...) ou doutras ecuacións.</p> <p>1.4. Estuda a posición relativa de dúas rectas e, de ser o caso, acha o seu punto de corte (dadas con diferentes tipos de ecuacións).</p> <p>1.5. Dadas dúas rectas (expresadas con diferentes tipos de ecuacións) establece relacións de paralelismo ou perpendicularidade e calcula o ángulo que forman.</p> <p>1.6. Calcula o ángulo entre dúas rectas (dadas con diferentes tipos de ecuacións).</p> <p>1.7. Calcula a distancia entre dous puntos ou dun punto a unha recta.</p> <p>1.8. Resolve exercicios relacionados cun feixe de rectas.</p> <p>1.9. Resolve problemas xeométricos utilizando ferramentas analíticas.</p>	CEC
---	--	--	-----

U.9. Lugares xeométricos. Cónicas.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Estudo analítico dos lugares xeométricos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de problemas de lugares xeométricos, identificando a figura resultante. <p>Ecuación da circunferencia</p> <ul style="list-style-type: none"> - Características dunha ecuación cuadrática en x e y para que sexa unha circunferencia. - Obtención da ecuación dunha circunferencia a partir do seu centro e o seu raio. - Obtención do centro e do raio dunha circunferencia a partir da súa ecuación. - Estudo da posición relativa dunha recta e unha circunferencia. - Potencia dun punto a unha circunferencia. <p>Estudo analítico das cónicas como lugares xeométricos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elementos característicos (eixes, focos, excentricidade). 	<p>1. Obter analiticamente lugares xeométricos.</p> <p>2. Resolver problemas para os que se requira dominar a fondo a ecuación da circunferencia.</p>	<p>1.1. Obtén a expresión analítica dun lugar xeométrico plano definido por algunha propiedade, e identifica a figura de que se trata.</p> <p>2.1. Escribe a ecuación dunha circunferencia determinada por algúns dos seus elementos ou obtén os elementos (centro e raio) dunha circunferencia dada pola súa ecuación.</p> <p>2.2. Acha a posición relativa dunha recta e unha circunferencia.</p> <p>2.3. Resolve exercicios nos que teña que utilizar o concepto de potencia dun punto respecto a unha circunferencia ou de eixe radical.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CEC</p> <p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>

<p>- Ecuacións reducidas.</p> <p>Obtención da ecuación reducida dunha cónica</p> <p>- Identificación do tipo de cónica e dos seus elementos a partir da súa ecuación reducida.</p>	<p>3. Coñecer os elementos característicos de cada unha das outras tres cónicas (elipse, hipérbola, parábola): eixes, focos, excentricidade..., e relacionalos coa súa correspondente ecuación reducida.</p>	<p>3.1. Representa unha cónica a partir da súa ecuación reducida (eixes paralelos aos eixes coordenados) e obtén novos elementos dela.</p> <p>3.2. Describe unha cónica a partir da súa ecuación non reducida e represéntaa.</p> <p>3.3. Escribe a ecuación dunha cónica dada mediante a súa representación gráfica e obtén algúns dos seus elementos característicos.</p> <p>3.4. Escribe a ecuación dunha cónica dados algúns dos seus elementos.</p>	<p>CCL,</p> <p>CMCT,</p> <p>CD,</p> <p>CAA,</p> <p>CSC,</p> <p>SIEP,</p> <p>CEC</p>
---	--	---	---

U.10. Funciones elementais.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
<p>Funcións elementais. Composición e función inversa</p> <p>- Dominio de definición dunha función.</p> <p>- Obtención do dominio de definición dunha función dada pola súa expresión analítica.</p> <p>- Representación de funcións definidas «a anacos».</p> <p>- Funcións cuadráticas. Características.</p> <p>- Representación de funcións cuadráticas, e obtención da súa expresión analítica.</p> <p>- Funcións de proporcionalidade inversa. Características.</p> <p>- Representación de funcións de proporcionalidade inversa, e obtención da súa expresión analítica.</p> <p>- Funcións radicais. Características.</p> <p>- Representación de funcións radicais, e obtención da súa expresión analítica.</p> <p>- Funcións exponenciais. Características.</p> <p>- Representación de funcións exponenciais, e recoñecemento como exponencial dalgunha</p>	<p>1. Coñecer o concepto de dominio de definición dunha función e obtelo a partir da súa expresión analítica.</p> <p>2. Coñecer as familias de funcións elementais e asociar as súas expresións analíticas coas formas das súas gráficas.</p> <p>3. Dominar o manexo de funcións elementais, así como das funcións definidas «a anacos».</p>	<p>1.1. Obtén o dominio de definición dunha función dada pola súa expresión analítica.</p> <p>1.2. Recoñece e expresa con corrección o dominio dunha función dada graficamente.</p> <p>1.3. Determina o dominio dunha función tendo en conta o contexto real do enunciado.</p> <p>2.1. Asocia a gráfica dunha función lineal ou cuadrática á súa expresión analítica.</p> <p>2.2. Asocia a gráfica dunha función radical ou de proporcionalidade inversa á súa expresión analítica.</p> <p>2.3. Asocia a gráfica dunha función exponencial ou logarítmica á súa expresión analítica.</p> <p>2.4. Asocia a gráfica dunha función elemental á súa expresión analítica.</p> <p>3.1. Obtén a expresión dunha función lineal a partir da súa gráfica ou dalgúns elementos.</p> <p>3.2. A partir dunha función cuadrática dada, recoñece a súa forma e a súa posición e represéntaa.</p> <p>3.3. Representa unha función exponencial e unha función logarítmica dadas pola súa expresión analítica.</p>	<p>CCL,</p> <p>CMCT,</p> <p>CD,</p> <p>CAA</p> <p>CCL,</p> <p>CMCT,</p> <p>CD,</p> <p>CAA,</p> <p>CSC,</p> <p>CEC</p> <p>CCL,</p> <p>CMCT,</p> <p>CD,</p> <p>CAA,</p> <p>CSYC,</p>

función dada pola gráfica. - Funcións logarítmicas. Características. - Representación de funcións logarítmicas, e recoñecemento como logarítmica dalgunha función dada pola súa gráfica. - Funcións arco. Características. - Relación entre as funcións arco e as trigonométricas. - Composición de funcións. - Obtención da función composta doutras dúas dadas. Descomposición dunha función nos seus compoñentes. - Función inversa ou recíproca doutra. - Trazado da gráfica dunha función coñecida a da súa inversa. - Obtención da expresión analítica de $f^{-1}(x)$, coñecida $f(x)$. Transformacións de funcións - Coñecendo a representación gráfica de $f(x)$, obtención das de $y=f(x)+k$, $y=k f(x)$, $y=f(x+a)$, $y=f(-x)$, $y= f(x) $.		3.4. Obtén a expresión analítica dunha función cuadrática ou exponencial a partir da súa gráfica ou dalgúns dos seus elementos. 3.5. Representa funcións definidas «a anacos» (só lineais e cuadráticas). 3.6. Obtén a expresión analítica dunha función dada por un enunciado (lineais, cuadráticas e exponenciais).	CEC
	4. Recoñecer as transformacións que se producen nas gráficas como consecuencia dalgunhas modificacións nas súas expresións analíticas.	4.1. Representa $y=f(x) \pm k$, $y=f(x \pm a)$ e $y=-f(x)$ a partir de la gráfica de $y=f(x)$. 4.2. Representa $y= f(x) $ a partir da gráfica de $y=f(x)$. 4.3. Obtén a expresión de $y= ax+b $ identificando as ecuacións das rectas que a forman.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSYC, CEC
	5. Coñecer a composición de funcións e as relacións analíticas e gráficas que existen entre unha función e a súa inversa ou recíproca.	5.1. Compón dúas ou máis funcións. 5.2. Recoñece unha función como composta doutras dúas, en casos sinxelos. 5.3. Dada a gráfica dunha función, representa a da súa inversa e obtén valores dunha a partir dos da outra. 5.4. Obtén a expresión analítica da inversa dunha función en casos sinxelos.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSYC, SIEP, CEC

U.11. Límites de funcións. Continuidade e ramas infinitas

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
Continuidade. Descontinuidades - Dominio de definición dunha función. - Recoñecemento sobre a gráfica da causa da descontinuidade dunha función nun punto. - Decisión sobre a continuidade ou descontinuidade dunha función. Límite dunha función nun punto - Representación gráfica das distintas posibilidades de límites	1. Coñecer o significado analítico e gráfico dos distintos tipos de límites e identificalos sobre unha gráfica.	1.1. Dada a gráfica dunha función recoñece o valor dos límites cando $x \rightarrow +\infty$, $x \rightarrow -\infty$, $x \rightarrow a^-$, $x \rightarrow a^+$, $x \rightarrow a$. 1.2. Interpreta graficamente expresións do tipo $\lim_{x \rightarrow a} f(x) = b$ ($a \in \mathbb{R}$ son $+\infty$, $-\infty$ o un número), así como os límites laterais.	CCL, CMCT, CD, CAA, CEC
	2. Adquirir certo dominio do cálculo de límites sabendo interpretar o significado gráfico	2.1. Calcula o límite nun punto dunha función continua. 2.2. Calcula o límite nun punto dunha	CCL,

<p>nun punto. - Cálculo de límites nun punto: De funcións continuas no punto. De funcións definidas a anacos. De cociente de polinomios. Límite dunha función en $+\infty$ ou en $-\infty$</p> <p>- Representación gráfica das distintas posibilidades de límites cando $x \rightarrow +\infty$ cando $x \rightarrow -\infty$. - Cálculo de límites: De funcións polinómicas. De funcións inversas de polinómicas. De funcións racionais.</p> <p>Ramas infinitas asíntotas - Obtención das ramas infinitas dunha función polinómica cando $x \rightarrow \pm\infty$. - Obtención das ramas infinitas dunha función racional cando $x \rightarrow c^-$, $x \rightarrow c^+$, $x \rightarrow +\infty$ e $x \rightarrow -\infty$.</p>	<p>dos resultados obtidos.</p>	<p>función racional na que se anula o denominador e non o numerador e distingue o comportamento pola esquerda e pola dereita.</p> <p>2.3. Calcula o límite nun punto dunha función racional na que se anulan numerador e denominador.</p> <p>2.4. Calcula os límites cando $x \rightarrow +\infty$ ou $x \rightarrow -\infty$ de funcións polinómicas.</p> <p>2.5. Calcula os límites cando $x \rightarrow +\infty$ ou $x \rightarrow -\infty$ de funcións racionais.</p> <p>2.6. Calcula o límite de funcións definidas «a anacos», nun punto calquera ou cando $x \rightarrow +\infty$ ou $x \rightarrow -\infty$.</p>	<p>CMCT, CD, CAA, CEC</p>
	<p>3. Coñecer o concepto de función continua e identificar a continuidade ou a descontinuidade dunha función nun punto.</p>	<p>3.1. Dada a gráfica dunha función reconece se en certo punto é continua ou descontinua e neste último caso identifica a causa da descontinuidade. 3.2. Estuda a continuidade dunha función dada «a anacos». 3.3. Estuda a continuidade de funcións racionais dadas pola súa expresión analítica.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CEC</p>
	<p>4. Coñecer os distintos tipos de ramas infinitas (ramas parabólicas e ramas que se cinguen a asíntotas verticais horizontais e oblicuas) e dominar a súa obtención en funcións polinómicas e racionais.</p>	<p>4.1. Acha as asíntotas verticais dunha función racional e representa a posición da curva respecto a elas. 4.2. Estuda e representa as ramas infinitas dunha función polinómica. 4.3. Estuda e representa o comportamento dunha función racional cando $x \rightarrow +\infty$ e $x \rightarrow -\infty$ (Resultado: ramas parabólicas). 4.4. Estuda e representa o comportamento dunha función racional cando $x \rightarrow +\infty$ e $x \rightarrow -\infty$. (Resultado: asíntota horizontal). 4.5. Estuda e representa o comportamento dunha función racional cando $x \rightarrow +\infty$ e $x \rightarrow -\infty$ (Resultado: asíntota oblicua). 4.6. Acha as ramas infinitas dunha función racional e representa a posición da curva respecto a elas. 4.7. Estuda e representa as ramas infinitas en funcións trigonométricas, exponenciais e logarítmicas sinxelas.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSYC, SIEP, CEC</p>

U.12. Iniciación ao cálculo de derivadas. Aplicacións

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Taxa de variación media</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo da TVM dunha función para distintos intervalos. - Cálculo da TVM dunha función para intervalos moi pequenos e asimilación do resultado á variación nese punto. <p>Derivada dunha función nun punto</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obtención da variación nun punto mediante o cálculo da TVM da función para un intervalo variable h e obtención do límite da expresión correspondente cando $h \rightarrow 0$. <p>Función derivada doutras.</p> <p>Regras de derivación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación das regras de derivación para achar a derivada de funcións. <p>Aplicacións das derivadas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acha o valor dunha función nun punto concreto. - Obtención da recta tanxente a unha curva nun punto. - Cálculo dos puntos de tanxente horizontal dunha función. <p>Representación de funcións</p> <ul style="list-style-type: none"> - Representación de funcións polinómicas de grao superior a dous. - Representación de funcións racionais. 	<p>1. Coñecer a definición de derivada dunha función nun punto, interpretala graficamente e aplicala para o cálculo de casos concretos.</p>	<p>1.1. Acha a taxa de variación media dunha función nun intervalo e interprétaa.</p> <p>1.2. Calcula a derivada dunha función nun punto a partir da definición.</p> <p>1.3. Aplicando a definición de derivada acha a función derivada doutra.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CEC</p>
	<p>2. Coñecer as regras de derivación e utilízalas para achar a función derivada doutra.</p>	<p>2.1. Acha a derivada dunha función sinxela.</p> <p>2.2. Acha a derivada dunha función na que interveñen potencias non enteiras, produtos e cocientes.</p> <p>2.3. Acha a derivada dunha función composta.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA</p>
	<p>3. Utiliza a derivación para achar a recta tanxente a unha curva nun punto, os máximos e os mínimos dunha función, os intervalos de crecemento...</p>	<p>3.1. Acha a ecuación da recta tanxente a unha curva.</p> <p>3.2. Localiza os puntos singulares dunha función polinómica ou racional e represéntaos.</p> <p>3.3. Determina os tramos onde unha función crece ou decrece.</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA</p>
	<p>4. Coñecer o papel que desempeñan as ferramentas básicas da análise (límites, derivadas...) na representación de funcións e dominar a representación sistemática de funcións polinómicas e racionais.</p>	<p>4.1. Representa unha función da que se coñecen os datos máis relevantes (ramas infinitas e puntos singulares).</p> <p>4.2. Describe con corrección todos os datos relevantes dunha función dada graficamente.</p> <p>4.3. Representa unha función polinómica de grao superior a dous.</p> <p>4.4. Representa unha función racional con denominador de primeiro grao e unha rama asíntótica.</p> <p>4.5. Representa unha función racional con denominador de primeiro grao e unha rama parabólica.</p> <p>4.6. Representa unha función racional con denominador de segundo grao e unha asíntota horizontal.</p> <p>4.7. Representa unha función racional con denominador de segundo grao e unha asíntota</p>	<p>CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, SIEP, CEC</p>

		oblicua. 4.8. Representa unha función racional con denominador de segundo grao e unha rama parabólica.	
--	--	---	--

U.13. Distribucións bidimensionais.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Dependencia estatística e dependencia funcional</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estudo de exemplos. <p>Distribucións bidimensionais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Representación dunha distribución bidimensional mediante unha nube de puntos. Visualización do grao de relación que hai entre as dúas variables. <p>Correlación. Recta de regresión</p> <ul style="list-style-type: none"> - Significado das dúas rectas de regresión. - Cálculo do coeficiente de correlación e obtención da recta de regresión dunha distribución bidimensional. - Utilización da calculadora en modo <i>LR</i> para o tratamento de distribucións bidimensionais. - Utilización das distribucións bidimensionais para o estudo e interpretación de problemas sociolóxicos científicos ou da vida cotiá. <p>Táboas de dobre entrada</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interpretación. Representación gráfica. - Tratamento coa calculadora. 	1. Coñecer as distribucións bidimensionais representalas e analízalas mediante o seu coeficiente de correlación. Saber valerse da calculadora para almacenar datos e calcular estes parámetros.	1.1. Representa mediante unha nube de puntos unha distribución bidimensional e avalía o grao e o signo da correlación que hai entre as variables. Interpreta nubes de puntos. 1.2. Coñece (con ou sen calculadora), calcula e interpreta a covarianza e o coeficiente de correlación dunha distribución bidimensional.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSYC, SIEP, CEC
	2. Coñecer e obter as ecuacións (con e sen calculadora) das rectas de regresión dunha distribución bidimensional e utilízalas para realizar estimacións.	2.1. Obtén (con ou sen calculadora) a ecuación, a recta de regresión de <i>Y</i> sobre <i>X</i> e válese dela para realizar estimacións, tendo en conta a fiabilidade dos resultados. 2.2. Coñece a existencia de dúas rectas de regresión, obténas e representa, e relaciona o ángulo entrabam as dúas co valor da correlación.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSYC, SIEP, CEC
	3. Resolver problemas nos que os datos veñen dados en táboas de dobre entrada.	3.1. Resolve problemas nos que os datos veñen dados en táboas de dobre entrada.	CCL, CMCT, CD, CAA, CSYC, SIEP

6. CONTIDOS MÍNIMOS.**Resolución de problemas**

- Algúns consellos para resolver problemas.

- Etapas na resolución de problemas.
- Análise dalgunhas estratexias para resolver problemas.

I. ARITMÉTICA E ÁLXEBA

Números reais

- Linguaxe matemática: conxuntos e símbolos.
- Os números racionais.
- Os números irracionais.
- Os números reais. A recta real.
- Valor absoluto dun número real.
- Intervalos e semirrectas.
- Radicais. Propiedades.
- Logaritmos. Propiedades.
- Expresión decimal dos números reais.
- Aproximación. Cotas de erro.
- Notación científica.
- Factoriais e números combinatorios.
- Binomio de Newton.

Sucesións

- Concepto de sucesión.
- Algunhas sucesións importantes.
- Límite dunha sucesión.
- Algúns límites importantes.

Álgebra

- Factorización de polinomios.
- Fraccións alxébricas.
- Ecuacións de segundo grao e bicadradas.
- Ecuacións con fraccións alxébricas.
- Ecuacións con radicais.
- Ecuacións exponenciais e logarítmicas.
- Sistemas de ecuacións.
- Método de Gauss para sistemas lineais.
- Inecuacións e sistemas de inecuacións cunha incógnita, lineais e cadráticas.
- Inecuacións e sistemas de inecuacións lineais con dúas incógnitas.

II. TRIGONOMETRÍA E NÚMEROS COMPLEXOS

Resolución de triángulos

- Razóns trigonométricas dun ángulo agudo.
- Razóns trigonométricas de ángulos calquera.
- Ángulos fóra do intervalo 0° a 360° .
- Trigonometría con calculadora.
- Relacións entre as razóns trigonométricas dalgúns ángulos.
- Resolución de triángulos rectángulos.

- Estratexia da altura para resolver triángulos oblicuángulos.
- Resolución de triángulos calquera. Teorema dos senos e teorema do coseno.

Funcións e fórmulas trigonométricas

- Fórmulas trigonométricas.
- Ecuacións trigonométricas.
- Unha nova unidade para medir ángulos: o radián.
- Funcións trigonométricas ou circulares.

Números complexos

- En que consisten os números complexos? Representación gráfica.
- Operacións con números complexos en forma binómica.
- Propiedades das operacións con números complexos.
- Números complexos en forma polar.
- Paso de forma polar a binómica, e viceversa.
- Operacións con números complexos en forma polar.
- Fórmula de Moivre.
- Radicación de números complexos.
- Descricións gráficas con números complexos.

III. XEOMETRÍA ANALÍTICA PLANA

Xeometría analítica

- Ecuacións dunha recta: explícita, implícita.
- Paralelismo e perpendicularidade.
- Posicións relativas de dúas rectas.
- Ángulo de dúas rectas.
- Cálculo de distancias: entre dous puntos, dun punto a unha recta.

Lugares xeométricos. Cónicas

- Lugares xeométricos.
- Estudo da circunferencia.
- Posicións relativas dunha recta e unha circunferencia.
- Potencia dun punto a unha circunferencia.
- Eixe radical de dúas circunferencias.
- As cónicas como lugares xeométricos.
- Estudo da elipse (elementos, excentricidade, ecuación reducida).
- Estudo da hipérbola (elementos, excentricidade, ecuación reducida).
- Estudo da parábola (elementos, ecuación reducida).
- Tanxentes ás cónicas.

IV. ANÁLISE

Funcións elementais

- As funcións describen fenómenos reais.
- Concepto de función, dominio e percorrido.

- Familias de funcións elementais: lineais, cadráticas, raíz, proporcionalidade inversa, exponenciais, logarítmicas.
- Funcións definidas “a anacos”.
- Funcións interesantes: “parte enteira”, “parte decimal”, “valor absoluto”.
- Composición de funcións.
- Función inversa ou recíproca doutra.

Límites de funcións. Continuidade e ramas infinitas

- Continuidade. Tipos de discontinuidades.
- Límite dunha función nun punto. Continuidade.
- Cálculo do límite dunha función nun punto.
- Comportamento dunha función cando $x \rightarrow +\infty$.
- Cálculo do límite dunha función cando $x \rightarrow +\infty$.
- Comportamento dunha función cando $x \rightarrow -\infty$.
- Ramas infinitas. Asíntotas.
- Ramas infinitas nas funcións racionais.
- Ramas infinitas nas funcións trigonométricas, exponenciais e logarítmicas.

Derivadas

- Crecemento dunha función nun intervalo.
- Crecemento dunha función nun punto.
- Derivada.
- Obtención da derivada a partir da expresión analítica.
- Función derivada doutra.
- Regras para obter as derivadas dalgunhas funcións sinxelas (constante, identidade, potencia).
- Regras para obter as derivadas de funcións trigonométricas e as súas recíprocas, exponenciais e logarítmicas.
- Regras para obter as derivadas de resultados operativos (constante por función, suma, produto, cociente).
- Regra da cadea.
- Utilidade da función derivada (puntos singulares, optimización, a derivada aplicada ao cálculo de límites).
- Representación de funcións polinómicas.
- Representación de funcións racionais.

Integrais

- Primitiva dunha función. Propiedades elementais. Integrais indefinidas inmediatas.
- Integral definida. Regra de Barrow. Cálculo de áreas de rexións planas.

V. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

Distribucións bidimensionais

- Nubes de puntos.
- Correlación. Regresión.
- Correlación lineal.
- Parámetros asociados a unha distribución bidimensional: centro de gravidade, covarianza, coeficiente de correlación.
- Recta de regresión. Método dos mínimos cadrados.

- Hai dúas rectas de regresión.
- Táboas de continxencia.

Probabilidade

- Probabilidade. Sucesos. Sucesos dependentes e independentes. Frecuencias. Idea intuitiva de probabilidade. Regra de Laplace.
- Probabilidade condicionada, regra do produto, da probabilidade total e de Bayes.

Distribucións de probabilidade

- Variables aleatorias discretas e continuas. Función de distribución dunha variable aleatoria: función de masa de probabilidade e función de densidade.
- Distribucións de probabilidade binomial e normal. Características. Emprego de táboas.

7. SECUENCIACIÓN.

1º BACH – CC
1ª AVALIACIÓN
I. ARITMÉTICA E ÁLXEBA Números reais. Sucesións. Álgebra.
2ª AVALIACIÓN
II. TRIGONOMETRÍA E NÚMEROS COMPLEXOS Resolución de triángulos. Funcións e fórmulas trigonométricas. Números complexos.
III. XEOMETRÍA ANALÍTICA PLANA Xeometría analítica. Lugares xeométricos. Cónicas.
3ª AVALIACIÓN
IV. ANÁLISE Funcións elementais. Límites de funcións. Continuidade e ramas infinitas. Derivadas. Integrais.
V. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE Distribucións bidimensionais. Probabilidade. Distribucións de probabilidade.

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

Os materiais que se presentan como base para o texto de Matemáticas do curso 1.º de Bacharelato de *Ciencias e Tecnoloxía* están realizados a partir da experiencia dos autores en clases con alumnos e alumnas de esas idades e desde o coñecemento do novo currículo oficial de Matemáticas.

A extensión do programa deste curso obriga a prestar unha atención moi coidadosa ao equilibrio entre as súas distintas partes:

- breves introducións que centran e dan sentido e apoio intuitivo ao que se fai,

- desenvolvementos concisos,
- procedementos moi claros,
- unha gran cantidade de exercicios ben elixidos, secuenciados e clasificados.

As dificultades encadéanse coidadosamente, procurando arrancar “do que o alumno xa sabe”. A redacción é clara e sinxela, e inclúense uns “problemas complementarios” que lles permitirán enfrontarse por si mesmos ás dificultades.

Factores que inspiran este proxecto

Toda programación didáctica trata de ter en conta diversos factores para responder a determinadas concepcións da ensinanza e a aprendizaxe.

Destacamos, a continuación, os factores que inspiran a nosa programación:

a) O nivel de coñecementos dos alumnos e as alumnas ao terminar o segundo ciclo da Ensinanza Secundaria Obrigatoria

Na actualidade, está unanimemente estendida entre a comunidade de educadores a premisa de que toda ensinanza que pretenda ser significativa debe partir dos coñecementos previos dos alumnos e as alumnas. Dese xeito, partindo do que xa saben, poderemos construír novas aprendizaxes que conectarán cos que xa teñen de cursos anteriores ou de o que aprenden fóra da aula, ampliándoos en cantidade e, sobre todo, en calidade.

b) Ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna

Cada persoa aprende a un ritmo diferente. Os contidos deben estar explicados de tal xeito que permitan extensións e gradación para a súa adaptabilidade.

c) Preparación básica para un alumnado de Ciencias ou Enxeñería

Os alumnos e as alumnas destes bacharelatos requiren unha formación conceptual e procedemental básica para un estudante de Ciencias: unha boa bagaxe de procedementos e técnicas matemáticas, unha sólida estrutura conceptual e unha razoable tendencia a buscar certo rigor no que se sabe, en como se aprende e en como se expresa.

d) Atención ás necesidades doutras materias

O papel instrumental das Matemáticas obriga a ter en conta o uso que delas se pode necesitar noutras materias. Concretamente, as necesidades da Física impoñen que os temas de derivadas e integrais se traten con algo máis de profundidade do que se faría de non darse ese requirimento.

Unha concepción construtivista da aprendizaxe

Desde a perspectiva construtivista da aprendizaxe en que se basea o noso currículo oficial e, consecuentemente, este proxecto, a realidade só adquire significado na medida en que a construímos. A construción do significado implica un proceso activo de formulación interna de hipóteses e a realización de numerosas experiencias para contrastalas coas hipóteses. Se hai acordo entre estas e os resultados das experiencias, “comprendemos”; se non o hai, formulamos novas hipóteses ou abandonamos. As bases sobre as que se asenta esta concepción das aprendizaxes están demostrando que:

1. Os conceptos non están illados, senón que forman parte de redes conceptuais con certa coherencia interna.
2. Os alumnos e as alumnas non saben manifestar, a maioría das veces, as súas ideas.
3. As ideas previas e os erros conceptuais déronse e seguen a darse, frecuentemente, en alumnos da mesma idade noutros lugares.
4. Os esquemas conceptuais que traen os estudantes son persistentes, e non é fácil modificalos.

Todo isto ten como consecuencias, que deben ser tomadas en consideración polo profesorado, cando menos, as seguintes:

- Que o alumnado sexa consciente de cal é a súa posición de partida.
- Que se lle faga sentir a necesidade de cambiar algunhas das súas ideas de partida.
- Que se propicie un proceso de reflexión sobre o que se vai aprendendo e unha autoavaliación para

que sexa consciente dos progresos que vai realizando.

Así pois, o noso modelo de aprendizaxe, que se basea no construtivismo, ten en conta os coñecementos previos dos estudantes, o campo de experiencias no que se moven e as estratexias interactivas entre eles e co profesorado.

Contidos do proxecto e aspectos metodolóxicos

- **Valores:** fomentaranse na clase mediante a actividade diaria na que se promoverá a cooperación (traballo en grupo), a autoestima (traballo individual), a comunicación (debate de opinións), a adquisición de técnicas para a resolución de conflitos (discusión razoada de casos). Ademais co coñecemento, práctica e aceptación das normas do centro contribuirase á participación democrática na vida do centro.

Contribución ao plan TIC

As actividades TIC de cada un dos temas serven para traballar ademais de outras competencias, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación na pescuda de información en páxinas web e na realización e presentación de traballos empregando as TIC.

Curso: 2019/20	2º BACH – MATEMÁTICAS II
Profesorado:	Mª José Tato Santos
Idioma:	Castelán.

1. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a galega.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE MATEMÁTICAS II

As matemáticas constitúen un conxunto amplo de coñecementos baseados no estudo de padróns e relacións inherentes a estruturas abstractas. Aínda que se desenvolvan con independencia da realidade física, teñen a súa orixe nela e son de suma utilidade para representala. Nacen da necesidade de resolver problemas prácticos e susténtanse pola súa capacidade para tratar, explicar, predicir e modelar situacións reais e dar rigor aos coñecementos científicos. A súa estrutura áchase en continua evolución, tanto pola incorporación de novos coñecementos como pola súa constante interrelación con outras áreas, especialmente no ámbito da ciencia e a técnica.

Participar na adquisición do coñecemento matemático consiste no dominio da súa “forma de facer”. Este “saber facer matemáticas” é un proceso laborioso que comeza por unha intensa actividade sobre elementos concretos, co obxecto de crear intuicións previas necesarias para a formalización. Con frecuencia os aspectos conceptuais non son máis que medios para a práctica de estratexias, para incitar á exploración, a formulación de conxecturas, o intercambio de ideas e a renovación dos conceptos xa adquiridos.

Os contidos de Matemáticas, como materia de modalidade no Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía, xiran sobre dous eixes fundamentais: a xeometría e a análise. Estes contan co necesario apoio instrumental da aritmética, a álgebra e as estratexias propias da resolución de problemas. En Matemáticas I, os contidos relacionados coas propiedades xerais dos números e a súa relación coas operacións, máis que nun momento predeterminado, deben ser traballados en función das necesidades que xurdan en cada momento concreto. Á súa vez, estes contidos complementáanse con novas ferramentas para o estudo da estatística e a probabilidade, culminando así todos os campos introducidos na Educación Secundaria Obrigatoria. A introdución de matrices e integrais en Matemáticas II achegará novas e potentes ferramentas para a resolución de problemas xeométricos e funcionais.

Estes contidos proporcionan técnicas básicas, tanto para estudos posteriores como para a actividade profesional. Non se trata de que os estudantes posúan moitas ferramentas matemáticas, senón de que teñan as estritamente necesarias e que as manexen con destreza e oportunidade, facilitándolles as novas fórmulas e identidades para a súa elección e uso. Nada hai máis afastado de “pensar matematicamente” que unha memorización de igualdades cuxo significado se descoñece, mesmo aínda que se apliquen adecuadamente en exercicios de cálculo.

Nesta etapa aparecen novas funcións dunha variable. Preténdese que os alumnos sexan capaces de distinguir as características das familias de funcións a partir da súa representación gráfica, así como as variacións que sofre a gráfica dunha función ao compoñela con outra ou ao modificar de forma continua algún coeficiente na súa expresión alxébrica. Coa introdución da noción intuitiva de límite e xeométrica de derivada, establécense as bases do cálculo infinitesimal en Matemáticas I, que dotará de precisión a análise do comportamento da función nas Matemáticas II. Así mesmo, preténdese que os estudantes apliquen estes coñecementos á interpretación do fenómeno.

As matemáticas contribúen á adquisición de aptitudes e conexións mentais cuxo alcance transcende o ámbito desta materia; forman na resolución de problemas xenuínos —aqueles onde a dificultade está en encadralos e encontrar unha estratexia de resolución—, xeran hábitos de investigación e proporcionan técnicas útiles para enfrontarse a situacións novas. Estas destrezas, xa iniciadas nos niveis previos, deberán ampliarse agora que aparecen novas ferramentas, enriquecendo o abano de problemas abordables e o afondamento nos conceptos implicados.

As ferramentas tecnolóxicas, en particular o uso de calculadoras e aplicacións informáticas como sistemas de álgebra computacional ou de xeometría dinámica, poden servir de axuda tanto para a mellor comprensión de conceptos e a resolución de problemas complexos coma para o procesamento de cálculos pesados, sen deixar de traballar a fluidez e a precisión no cálculo manual simple, onde os estudantes adoitan cometer frecuentes erros que lles poden levar a falsos resultados ou inducir a confusión nas súas conclusións.

A resolución de problemas ten carácter transversal e será obxecto de estudo relacionado e integrado no resto dos contidos. As estratexias que se desenvolven constitúen unha parte esencial da educación

matemática e activan as competencias necesarias para aplicar os coñecementos e habilidades adquiridas en contextos reais. A resolución de problemas debe servir para que o alumnado desenvolva unha visión ampla e científica da realidade, para estimular a creatividade e a valoración das ideas alleas, a habilidade para expresar as ideas propias con argumentos adecuados e o recoñecemento dos posibles erros cometidos.

As definicións formais, as demostracións (redución ao absurdo, contraexemplos) e os encadeamentos lóxicos (implicación, equivalencia) dan validez ás intuicións e confiren solidez ás técnicas aplicadas. Non obstante, este é o primeiro momento en que o alumno se enfrenta con certa seriedade á linguaxe formal, polo que a aprendizaxe debe ser equilibrada e gradual. O simbolismo non debe desfigurar a esencia das ideas fundamentais, o proceso de investigación necesario para alcanzalas, ou o rigor dos razoamentos que as sustentan. Deberá valorarse a capacidade para comunicar con eficacia esas ideas aínda que sexa de xeito non formal.

O importante é que o estudante encontre nalgúns exemplos a necesidade da existencia desta linguaxe para dotar as definicións e demostracións matemáticas de universalidade, independendizándoas da linguaxe natural.

Por último, é importante presentar a matemática como unha ciencia viva e non como unha colección de regras fixas e inmutables. Detrás dos contidos que se estudan hai un longo camiño conceptual, un construto intelectual de enorme magnitude, que foi evolucionando a través da historia ata chegar ás formulacións que agora manexamos.

O desenvolvemento desta materia contribuirá a que as alumnas e os alumnos adquiren as seguintes capacidades:

- Comprender e aplicar os conceptos e procedementos matemáticos a situacións diversas que permitan avanzar no estudo das propias matemáticas e doutras ciencias, así como na resolución razoada de problemas procedentes de actividades cotiás e diferentes ámbitos do saber.
- Considerar as argumentacións razoadas e a existencia de demostracións rigorosas sobre as que se basea o avance da ciencia e a tecnoloxía, mostrando unha actitude flexible, aberta e crítica ante outros xuízos e razoamentos.
- Utilizar as estratexias características da investigación científica e as destrezas propias das matemáticas (proposta de problemas, planificación e ensaio, experimentación, aplicación da indución e dedución, formulación e aceptación ou rexeitamento das conxecturas, comprobación dos resultados obtidos) para realizar investigacións e en xeral explorar situacións e fenómenos novos.
- Apreciar o desenvolvemento das matemáticas como un proceso cambiante e dinámico, con abundantes conexións internas e intimamente relacionado co doutras áreas do saber.
- Empregar os recursos achegados polas tecnoloxías actuais para obter e procesar información, facilitar a comprensión de fenómenos dinámicos, aforrar tempo nos cálculos e servir como ferramenta na resolución de problemas.
- Utilizar o discurso racional para formular acertadamente os problemas, xustificar procedementos, encadear coherentemente os argumentos, comunicarse con eficacia e precisión, detectar incorreccións lóxicas e cuestionar aseveracións carentes de rigor científico.
- Mostrar actitudes asociadas ao traballo científico e á investigación matemática, como a visión crítica, a necesidade de verificación, a valoración da precisión, o interese polo traballo cooperativo e os distintos tipos de razoamento, o cuestionamento das apreciacións intuitivas e a apertura a novas ideas.
- Expresarse verbalmente e por escrito en situacións susceptibles de ser tratadas matematicamente, comprendendo e manexando representacións matemáticas.

3. DESCRITORES

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
-------------	-------------	-------------

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA(CMCT)	Coidado do ámbito natural e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA(CCL)	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.

	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
COMPETENCIA DIXITAL (CD)	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e facer publicidade de información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CEC)	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (SIEP)	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Darlle prioridade á consecución de obxectivos de grupo sobre intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

APRENDER A APRENDER(CAA)	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

No proxecto de Matemáticas II, tal e como suxire a lei, potenciouse o desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; ademais, para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, incluíronse actividades de aprendizaxe integradas que permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para valoralos, utilizaranse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, como elementos de maior concreción, observables e medibles, poñíreanse en relación coas competencias clave, permitindo graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

A materia de Matemáticas II utiliza unha terminoloxía formal que permitirá ao alumnado incorporar esta linguaxe ao seu vocabulario, e utilízalo nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos resultados das actividades e/ou problemas e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**.

A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** son as competencias fundamentais da materia. Para desenvolver esta competencia, o alumnado aplicará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Estas competencias son, polo tanto, as máis traballadas na materia.

A **competencia dixital** fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo das matemáticas que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

A adquisición da **competencia para aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma. Ademais, ao ser unha materia progresiva, o alumnado adquire a capacidade de relacionar os contidos aprendidos durante anteriores etapas co que vai ver no presente curso e no próximo.

Esta materia favorece o traballo en grupo, onde se fomenta o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos posibles riscos da ciencia e a tecnoloxía e permite formarse unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre o avance científico e tecnolóxico.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** é básico á hora de levar a cabo o método científico de forma rigorosa e eficaz, seguindo a consecución de pasos desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións. É necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a **conciencia e expresión cultural** das sociedades. Igualmente o alumno, mediante o traballo matemático poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

5. CADRO DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEP) e conciencia e expresións culturais (CEC).

U.1 Álgebra de matrices

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
Matrices - Conceptos básicos: vector fila, vector columna, dimensión, matriz cadrada, trasposta, simétrica, triangular... Operacións con matrices	1. Coñecer e utilizar eficazmente as matrices, as súas operacións e as súas propiedades.	1.1. Realiza operacións combinadas con matrices.	CMCT, CAA
	2. Coñecer o significado de rango dunha matriz e	2.1. Calcula o rango dunha matriz numérica.	CMCT,

<ul style="list-style-type: none"> - Suma, produto por un número, produto. Propiedades. <p>Matrices cadradas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Matriz unidade. - Matriz inversa doutra. - Obtención da inversa dunha matriz polo método de Gauss. - Resolución de ecuacións matriciais. <p>n-uplas de números reais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dependencia e independencia lineal. Propiedade fundamental. - Obtención dunha n-upla combinación lineal doutras. - Constatación de se un conxunto de n-uplas é LD ou LI. <p>Rango dunha matriz</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obtención do rango dunha matriz por observación dos seus elementos (en casos evidentes). - Cálculo do rango dunha matriz polo método de Gauss. - Discusión do rango dunha matriz dependente dun parámetro. 	<p>calculalo mediante o método de Gauss.</p>	<p>2.2. Relaciona o rango dunha matriz coa dependencia lineal das súas filas ou as súas columnas.</p>	<p>CAA, CSIEE</p>
	<p>3. Resolver problemas alxébricos mediante matrices e as súas operacións.</p>	<p>3.1. Expresa un enunciado mediante unha relación matricial, resólveo e interpreta a solución dentro do contexto do enunciado.</p>	<p>CCL, CMCT, CD</p>

U.2 Determinantes

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC	
<p>Determinantes de ordens dous e tres</p> <ul style="list-style-type: none"> - Determinantes de orde dous. Propiedades. - Determinantes de orde tres. Propiedades. - Cálculo de determinantes de orde tres pola regra de Sarrus. <p>Determinantes de orde n</p> <ul style="list-style-type: none"> - Menor dunha matriz. Menor complementario e adxunto dun elemento dunha matriz cadrada. Propiedades. - Desenvolvemento dun determinante polos elementos dunha liña. - Cálculo dun determinante "facendo ceros" nunha das súas liñas. - Aplicacións das propiedades dos determinantes no cálculo destes e na comprobación de identidades. <p>Rango dunha matriz mediante determinantes</p> <ul style="list-style-type: none"> - O rango dunha matriz como a máxima orde dos seus menores non nulos. - Determinación do rango dunha matriz a partir dos seus menores. 	<p>1. Dominar o automatismo para o cálculo de determinantes.</p>	<p>1.1. Calcula o valor numérico dun determinante ou obtén a expresión dun determinante 3×3 con algunha letra.</p>	<p>CMCT, CD</p>	
	<p>2. Coñecer as propiedades dos determinantes e aplicalas para o cálculo destes.</p>	<p>2.1. Obtén o desenvolvemento (ou o valor) dun determinante no que interveñen letras, facendo uso razoado das propiedades dos determinantes.</p>	<p>2.2. Recoñece as propiedades que se utilizan nas igualdades entre determinantes.</p>	<p>CCL, CMCT</p>
	<p>3. Coñecer a caracterización do rango dunha matriz pola orde dos seus menores, e aplicala a casos concretos.</p>	<p>3.1. Acha o rango dunha matriz numérica mediante determinantes.</p>		
	<p>4. Calcular a inversa dunha matriz</p>	<p>4.1. Recoñece a existencia ou non da inversa dunha</p>	<p>3.2. Discute o valor do rango dunha matriz na que interveñen un parámetro.</p>	<p>CMCT, CAA</p>

Cálculo da inversa dunha matriz - Expresión da inversa dunha matriz a partir dos adxuntos dos seus elementos. - Cálculo da inversa dunha matriz mediante determinantes.	mediante determinantes.	matriz e calcúlala no seu caso.	
--	-------------------------	---------------------------------	--

U.3 Sistemas de ecuacións

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
Sistemas de ecuacións lineais - Sistemas equivalentes. - Transformacións que manteñen a equivalencia. - Sistema compatible, incompatible, determinado, indeterminado. - Interpretación xeométrica dun sistema de ecuacións con dous ou tres incógnitas segundo sexa compatible ou incompatible, determinado ou indeterminado.	1. Dominar os conceptos e a nomenclatura asociados aos sistemas de ecuacións e as súas solucións (compatible, incompatible, determinado, indeterminado), e interpretalos xeometricamente para 2 e 3 incógnitas.	1.1. Coñece o que significa que un sistema sexa incompatible ou compatible, determinado ou indeterminado, e aplica este coñecemento para formar un sistema de certo tipo ou para recoñecelo.	CMCT, CCL
		1.2. Interpreta xeometricamente sistemas lineais de 2, 3 ou 4 ecuacións con 2 ou 3 incógnitas.	
Método de Gauss - Estudo e resolución de sistemas polo método de Gauss.	2. Coñecer e aplicar o método de Gauss para estudar e resolver sistemas de ecuacións lineais.	2.1. Resolve sistemas de ecuacións lineais polo método de Gauss.	CMCT, CEC
Teorema de Rouché - Aplicación do teorema de Rouché á discusión de sistemas de ecuacións. Regra de Cramer - Aplicación da regra de Cramer á resolución de sistemas. Sistemas homoxéneos - Resolución de sistemas homoxéneos. Discusión de sistemas - Aplicación do teorema de Rouché e da regra de Cramer á discusión e a resolución de sistemas dependentes dun ou máis parámetros. Expresión matricial dun sistema de ecuacións - Resolución de sistemas de ecuacións dados en forma matricial.	3. Coñecer o teorema de Rouché e a regra de Cramer e utilízalos para a discusión e a resolución de sistemas de ecuacións.	3.1. Aplica o teorema de Rouché para dilucidar como é un sistema de ecuacións lineais con coeficientes numéricos.	CMCT, SIEE
		3.2. Aplica a regra de Cramer para resolver un sistema de ecuacións lineais, 2×2 ou 3×3 , con solución única.	
		3.3. Cataloga como é (teorema de Rouché) e resolve, se é o caso, un sistema de ecuacións lineais con coeficientes numéricos.	
		3.4. Discute e resolve un sistema de ecuacións dependente dun parámetro.	
Resolución de problemas mediante ecuacións - Tradución a sistema de ecuacións dun problema, resolución e interpretación da solución.	4. Resolver matricialmente sistemas $n \times n$ mediante a obtención da inversa da matriz dos coeficientes.	4.1. Expresa matricialmente un sistema de ecuacións e, se é posible, resólveo achando a inversa da matriz dos coeficientes.	CMCT, CAA
	5. Resolver problemas	5.1. Expresa alxebricamente un	CMCT,

	alxébricos mediante sistemas de ecuacións.	enunciado mediante un sistema de ecuacións, resólveo e interpreta a solución dentro do contexto do enunciado.	CCL
--	--	---	-----

U.4 Vectores no espazo

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Vectores no espazo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operacións. Interpretación gráfica. - Combinación lineal. - Dependencia e independencia lineal. - Base. Coordenadas. <p>Produto escalar de vectores</p> <ul style="list-style-type: none"> - Propiedades. - Expresión analítica. - Cálculo do módulo dun vector. - Obtención dun vector coa dirección doutro e módulo predeterminado. - Obtención do ángulo formado por dous vectores. - Identificación da perpendicularidade de dous vectores. - Cálculo do vector e proxección dun vector sobre a dirección doutro. <p>Produto vectorial de vectores</p> <ul style="list-style-type: none"> - Propiedades. - Expresión analítica. - Obtención dun vector perpendicular a outros dous. - Cálculo da área do paralelogramo determinado por dous vectores. <p>Produto mixto de tres vectores</p> <ul style="list-style-type: none"> - Propiedades. - Expresión analítica. - Cálculo do volume dun paralelepípedo determinado por tres vectores. - Identificación de se tres vectores son linealmente independentes mediante o produto mixto. 	<p>1. Coñecer os vectores do espazo tridimensional e as súas operacións, e utilízalos para a resolución de problemas xeométricos.</p>	<p>1.1. Realiza operacións elementais (suma e produto por un número) con vectores, dados mediante as súas coordenadas, comprendendo e manexando correctamente os conceptos de dependencia e independencia lineal, así como o de base.</p> <p>1.2. Domina o produto escalar de dous vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as súas propiedades, e aplícao á resolución de problemas xeométricos (módulo dun vector, ángulo de dous vectores, vector proxección dun vector sobre outro e perpendicularidade de vectores).</p> <p>1.3. Domina o produto vectorial de dous vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as súas propiedades, e aplícao á resolución de problemas xeométricos (vector perpendicular a outros dous, área do paralelogramo determinado por dous vectores).</p> <p>1.4. Domina o produto mixto de tres vectores, o seu significado xeométrico, a súa expresión analítica e as súas propiedades, e aplícao á resolución de problemas xeométricos (volume do paralelepípedo determinado por tres vectores, decisión de se tres vectores son linealmente independentes).</p>	<p>CCL, CAA, CMCT</p>

U.5 Puntos, rectas e planos no espazo

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
----------	-------------------------	--------------------------------------	----

<p>Sistema de referencia no espazo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coordenadas dun punto. - Representación de puntos nun sistema de referencia ortonormal. <p>Aplicación dos vectores a problemas xeométricos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Punto que divide a un segmento nunha razón dada. - Simétrico dun punto respecto a outro. - Comprobación de se tres ou máis puntos están aliñados. <p>Ecuacións dunha recta</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ecuacións vectorial, paramétricas, continua e implícita da recta. - Estudo das posicións relativas de dúas rectas. <p>Ecuacións dun plano</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ecuacións vectorial, paramétricas e implícita dun plano. Vector normal. - Estudo da posición relativa de dous ou máis planos. - Estudo da posición relativa dun plano e unha recta. 	1. Utilizar un sistema de referencia ortonormal no espazo e, nel, resolver problemas xeométricos facendo uso dos vectores cando conveña.	1.1. Representa puntos de coordenadas sinxelas nun sistema de referencia ortonormal.	CMCT, CAA	
		1.2. Utiliza os vectores para resolver algúns problemas xeométricos: puntos de división dun segmento en partes iguais, comprobación de puntos aliñados, simétrico dun punto respecto a outro...		
		2. Dominar as distintas formas de ecuacións de rectas e de planos, e utilízalas para resolver problemas afíns: pertenza de puntos a rectas ou a planos, posicións relativas de dúas rectas, de recta e plano, de dous planos...	2.1. Resolve problemas afíns entre rectas (pertenza de puntos, paralelismo, posicións relativas) utilizando calquera das expresións (paramétricas, implícita, continua...).	CCL, CMCT
			2.2. Resolve problemas afíns entre planos (pertenza de puntos, paralelismo...) utilizando calquera das súas expresións (implícita ou paramétricas).	
		2.3. Resolve problemas afíns entre rectas e planos.		

⑩

U.6 Problemas métricos

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Ángulos entre rectas e planos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vector dirección dunha recta e vector normal a un plano. - Obtención do ángulo entre dúas rectas, entre dous planos ou entre recta e plano. <p>Distancia entre puntos, rectas e planos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo da distancia entre dous puntos. - Cálculo da distancia dun punto a unha recta por diversos procedementos. - Distancia dun punto a un plano mediante a fórmula. - Cálculo da distancia entre dúas rectas por diversos procedementos. <p>Área dun triángulo e volume dun tetraedro</p>	1. Obter o ángulo que forman dúas rectas, unha recta e un plano ou dous planos.	1.1. Calcula os ángulos entre rectas e planos. Obtén unha recta ou un plano coñecendo, como un dos datos, o ángulo que forma con outra figura (recta ou plano).	CMCT, CCL
	2. Achar a distancia entre dous puntos, dun punto a unha recta, dun punto a un plano ou entre dúas rectas que se cruzan.	2.1. Acha a distancia entre dous puntos ou dun punto a un plano.	
			2.2. Acha a distancia dun punto a unha recta mediante o plano perpendicular á recta que pasa polo punto, ou ben facendo uso do produto vectorial.
		2.3. Acha a distancia entre dúas rectas que se cruzan, xustificando o proceso seguido.	

<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo da área dun paralelogramo e dun triángulo. - Cálculo do volume dun paralelepípedo e dun tetraedro. <p>Lugares xeométricos no espazo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Plano mediador dun segmento. - Plano bisector dun ángulo diedro. - Algunhas cuádricas (esfera, elipsoide, hiperboloide, paraboloides) como lugares xeométricos. - Obtención do centro e do raio dunha esfera dada mediante a súa ecuación. 	3. Achar áreas e volumes utilizando o produto vectorial ou o produto mixto de vectores.	3.1. Acha a área dun paralelogramo ou dun triángulo.	CMCT, CAA
		3.2. Acha o volume dun paralelepípedo ou dun tetraedro.	
	4. Resolver problemas métricos variados.	4.1. Acha o simétrico dun punto respecto dunha recta ou dun plano.	CMCT, CCEC
		4.2. Resolve problemas xeométricos nos que interveñan perpendicularidades, distancias, ángulos, incidencia, paralelismo...	
	5. Obter analiticamente lugares xeométricos.	5.1. Obtén a expresión analítica dun lugar xeométrico espacial definido por algunha propiedade, e identifica a figura de que se trata.	CMCT, CSIEE
		5.2. Escribe a ecuación dunha esfera a partir do seu centro e o seu raio, e recoñece o centro e o raio dunha esfera dada pola súa ecuación.	
5.3. Relaciona a ecuación dun elipsoide, hiperboloide ou paraboloides coa súa representación gráfica.			

U.7 Límites de funcións. Continuidade

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Límite dunha función</p> <ul style="list-style-type: none"> - Límite dunha función $x \rightarrow a$, $x \rightarrow \infty$ ou $x \rightarrow -\infty$. Representación gráfica. - Límites laterais. - Operacións con límites finitos. <p>Expresións infinitas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Infinitos da mesma orde. - Infinito de orde superior a outro. - Operacións con expresións infinitas. <p>Cálculo de límites</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo de límites inmediatos (operacións con límites finitos evidentes ou comparación de infinitos de distinta orde). 	1. Dominar o concepto de límite nas súas distintas versións, coñecendo a súa interpretación gráfica e o seu enunciado preciso.	1.1. A partir dunha expresión do tipo $f(x) = \frac{p(x)}{q(x)}$ [p pode ser $ax^2 + bx + c$, $-ax$, a^- , a^+ ou a ; e q pode ser $ax + b$, $-ax$ ou 1] represéntaa graficamente e describe correctamente a propiedade que o caracteriza (dado un $\epsilon > 0$ existe un $\delta > 0$..., ou ben, dado k existe h...).	CCL, CMCT
	2. Calcular límites de todo tipo.	2.1. Calcula límites inmediatos que só requiran coñecer os resultados operativos e comparar infinitos.	
	2.2. Calcula límites ($\lim_{x \rightarrow a} \frac{p(x)}{q(x)}$ ou $\lim_{x \rightarrow a} (p(x) - q(x))$) de cocientes ou de diferenzas.		
	2.3. Calcula límites ($\lim_{x \rightarrow a} x^k$ ou $\lim_{x \rightarrow a} \frac{1}{x^k}$) de potencias.		

<ul style="list-style-type: none"> - Indeterminación. Expresións indeterminadas. - Cálculo de límites cando $x \rightarrow \infty$ ou $x \rightarrow -\infty$: - Cociente de polinomios ou doutras expresións infinitas. - Diferenza de expresións infinitas. - Potencia. Número e. - Cálculo de límites cando $x \rightarrow a^-$, $x \rightarrow a^+$, $x \rightarrow a$: - Cocientes. - Diferenzas. - Potencias. <p>Regra de L'Hôpital</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo de límites mediante a regra de L'Hôpital. <p>Continuidade.</p> <p>Descontinuidades</p> <ul style="list-style-type: none"> - Continuidade nun punto. Tipos de descontinuidade. <p>Continuidade nun intervalo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Teoremas de Bolzano, Darboux e Weierstrass. - Aplicación do teorema de Bolzano para detectar a existencia de raíces e para separalas. 		<p>2.4. Calcula límites ($x \rightarrow c$) de cocientes, distinguindo, se o caso o esixe, cando $x \rightarrow c^+$ e cando $x \rightarrow c^-$.</p>	
		2.5. Calcula límites ($x \rightarrow c$) de potencias.	
	3. Coñecer o concepto de continuidade nun punto e os distintos tipos de descontinuidades.	3.1. Recoñece se unha función é continua nun punto ou o tipo de descontinuidade que presenta nel.	CMCT, CSIEE
		3.2. Determina o valor dun parámetro (ou dous parámetros) para que unha función definida "a anacos" sexa continua no "punto (ou puntos) de empalme".	
	4. Coñecer a regra de L'Hôpital e aplícala ao cálculo de límites.	4.1. Calcula límites aplicando a regra de L'Hôpital.	CCL, CMCT, CAA
5. Coñecer o teorema de Bolzano e aplícalo para probar a existencia de raíces dunha función.	5.1. Enuncia o teorema de Bolzano nun caso concreto e aplícao á separación de raíces dunha función.	CCL, CMCT, CSIEE	

10

U.8 Derivadas

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Derivada dunha función nun punto</p> <ul style="list-style-type: none"> - Taxa de variación media. - Derivada dunha función nun punto. Interpretación. Derivadas laterais. - Obtención da derivada dunha función nun punto a partir da definición. <p>Función derivada</p> <ul style="list-style-type: none"> - Derivadas sucesivas. - Representación gráfica aproximada da función derivada doutra dada pola súa gráfica. - Estudo da derivabilidade dunha función nun punto estudando as derivadas laterais. <p>Regras de derivación</p>	1. Dominar os conceptos asociados á derivada dunha función: derivada nun punto, derivadas laterais, función derivada...	1.1. Asocia a gráfica dunha función á da súa función derivada.	CCL, CMCT, CAA, CD
		1.2. Acha a derivada dunha función nun punto a partir da definición.	
		1.3. Estuda a derivabilidade dunha función definida "a anacos", recorrendo ás derivadas laterais no "punto de empalme".	
	2. Coñecer as regras de derivación e utilízalas para achar a función derivada doutra.	2.1. Acha as derivadas de funcións non triviais.	CCL, CMCT, CAA, CSIEE, CD
		2.2. Utiliza a derivación logarítmica para achar a derivada dunha función que o requira.	

<ul style="list-style-type: none"> - Regras de derivación das funcións elementais e dos resultados operativos. - Derivada da función inversa doutra. - Derivada dunha función implícita. - Derivación logarítmica. Diferencial dunha función <ul style="list-style-type: none"> - Concepto de diferencial dunha función. - Aplicacións. 		2.3. Acha a derivada dunha función coñecendo a da súa inversa.	
		2.4. Acha a derivada dunha función implícita.	

U.9 Aplicacións das derivadas

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
Aplicacións da primeira derivada <ul style="list-style-type: none"> - Obtención da tanxente a unha curva nun dos seus puntos. - Identificación de puntos ou intervalos nos que a función é crecente ou decrecente. - Obtención de máximos e mínimos relativos. - Resolución de problemas de optimización. Aplicacións da segunda derivada <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de puntos ou intervalos nos que a función é cóncava ou convexa. - Obtención de puntos de inflexión. Teoremas de Rolle e do valor medio <ul style="list-style-type: none"> - Constatación de se unha función cumpre ou non as hipóteses do teorema do valor medio ou do teorema de Rolle e obtención do punto onde cumpre (se é o caso) a tese. - Aplicación do teorema do valor medio á demostración de diversas propiedades. Teorema de Cauchy e regra de L'Hôpital <ul style="list-style-type: none"> - O teorema de Cauchy como xeneralización do teorema do valor medio. - Enfoque teórico da regra de L'Hôpital e a súa xustificación a partir do teorema de Cauchy. 	1. Achar a ecuación da recta tanxente a unha curva nun dos seus puntos.	1.1. Dada unha función, explícita ou implícita, acha a ecuación da recta tanxente nun dos seus puntos.	CCL, CMCT, CAA
	2. Coñecer as propiedades que permiten estudar crecementos, decrecementos, máximos e mínimos relativos, tipo de curvatura, etc., e sabelas aplicar en casos concretos.	2.1. Dada unha función, sabe decidir se é crecente ou decrecente, cóncava ou convexa, obtén os seus máximos e mínimos relativos e os seus puntos de inflexión.	CCL, CMCT, CAA, CD
	3. Dominar as estratexias necesarias para optimizar unha función.	3.1. Dada unha función, mediante a súa expresión analítica ou mediante un enunciado, encontra en que caso presenta un máximo ou un mínimo.	CCL, CMCT, CSIEE, CD
	4. Coñecer os teoremas de Rolle e do valor medio, e aplicarlos a casos concretos.	4.1. Aplica o teorema de Rolle ou o do valor medio a funcións concretas, probando se cumpre ou non as hipóteses e descubriendo, se é o caso, onde se cumpre a tese.	CCL, CMCT, CAA

U.10 Representación de funcións

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
----------	-------------------------	--------------------------------------	----

Ferramentas básicas para a construción de curvas - Dominio de definición, simetrías, periodicidade. - Ramas infinitas: asíntotas e ramas parabólicas. - Puntos singulares, puntos de inflexión, cortes cos eixes... Representación de funcións - Representación de funcións polinómicas. - Representación de funcións racionais. - Representación de funcións cualesquiera.	1. Coñecer o papel que desempeñan as ferramentas básicas da análise (límites, derivadas...) na representación de funcións e dominar a representación sistemática de funcións polinómicas, racionais, trigonométricas, con radicais, exponenciais, logarítmicas...	1.1. Representa funcións polinómicas.	CCL, CAA, CCEC, CD, CMCT
		1.2. Representa funcións racionais.	
		1.3. Representa funcións trigonométricas.	
		1.4. Representa funcións exponenciais.	
		1.5. Representa funcións nas que interveña o valor absoluto.	
		1.6. Representa outros tipos de funcións.	

U.11 Cálculo de primitivas

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
Primitiva dunha función - Obtención de primitivas de funcións elementais. - Simplificación de expresións para facilitar a súa integración: - - Expresión dun radical como produto dun número por unha potencia de x. - Simplificacións trigonométricas. Cambio de variables baixo o signo integral - Obtención de primitivas mediante cambio de variables: integración por substitución. Integración “por partes” - Cálculo de integrais “por partes”. Descomposición dunha función racional - Cálculo da integral dunha función racional descompoñéndoa en fraccións elementais.	1. Coñecer o concepto de primitiva dunha función e obter primitivas das funcións elementais.	1.1. Acha a primitiva dunha función elemental ou dunha función que, mediante simplificacións adecuadas, se transforma en elemental desde a óptica da integración.	CMCT, CAA
	2. Dominar os métodos básicos para a obtención de primitivas de funcións: substitución, “por partes”, integración de funcións racionais.	2.1. Acha a primitiva dunha función utilizando o método de substitución.	CCL, CMCT, CSIEE
		2.2. Acha a primitiva dunha función mediante a integración “por partes”.	
		2.3. Acha a primitiva dunha función racional cuxo denominador non teña raíces imaxinarias.	

U.12 A integral definida

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliados	CC
Integral definida - Concepto de integral definida. Propiedades.	1. Coñecer o concepto, a terminoloxía, as propiedades e a interpretación xeométrica	1.1. Acha a integral dunha función, recoñecendo o recinto definido entre $y = f(x)$,	CCL, CMCT, CAA

<ul style="list-style-type: none"> - Expresión da área dunha figura plana coñecida mediante unha integral. <p>Relación da integral coa derivada</p> <ul style="list-style-type: none"> - Teorema fundamental do cálculo. - Regra de Barrow. <p>Cálculo de áreas e volumes mediante integrais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo da área entre unha curva e o eixe X. - Cálculo da área delimitada entre dúas curvas. - Cálculo do volume do corpo de revolución que se obtén ao xirar un arco de curva arredor do eixe X. - Interpretación e cálculo dalgunhas integrais impropias. 	da integral definida.	$x \in]a, x \in]b$, achando as súas dimensións e calculando a súa área mediante procedementos xeométricos elementais.	
	2. Comprender o teorema fundamental do cálculo e a súa importancia para relacionar a área baixo unha curva cunha primitiva da función correspondente.	2.1. Responde a problemas teóricos relacionados co teorema fundamental do cálculo.	CMCT, CSIEE
	3. Coñecer e aplicar a regra de Barrow para o cálculo de áreas.	3.1. Calcula a área baixo unha curva entre dúas abscisas.	CCL, CMCT, CCEC
		3.2. Calcula a área entre dúas curvas.	
	4. Coñecer e aplicar a fórmula para achar o volume dun corpo de revolución.	4.1. Acha o volume do corpo que se obtén ao xirar un arco de curva arredor do eixe X .	CCL, CMCT, CD
5. Utilizar o cálculo integral para achar áreas ou volumes de figuras ou corpos coñecidos a partir das súas dimensións, ou ben para deducir as fórmulas correspondentes.	5.1. Acha a área dunha figura plana coñecida obtendo a expresión analítica da curva que a determina e integrando entre os límites adecuados. Ou ben, deduce a fórmula da área mediante o mesmo procedemento.	CCL, CMCT, CSC	
	5.2. Acha o volume dun corpo de revolución coñecido obtendo a expresión analítica dun arco de curva $y = f(x)$ cuxa rotación arredor do eixe X determina o corpo, e calcula.		

U.13 Azar e probabilidade

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	CC
<p>Sucesos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Operacións e propiedades. - Recoñecemento e obtención de sucesos complementarios incompatibles, unión de sucesos, intersección de sucesos... - Propiedades das operacións con sucesos. Leis de Morgan. 	1. Coñecer e aplicar a linguaxe dos sucesos e a probabilidade asociada a eles, así como as súas operacións e propiedades.	1.1. Expresa mediante operacións con sucesos un enunciado.	CCL, CCA, CMCT, CD
		1.2. Aplica as leis da probabilidade para obter a probabilidade dun suceso a partir das probabilidades doutros.	
<p>Lei dos grandes números</p> <ul style="list-style-type: none"> - Frecuencia absoluta e frecuencia relativa dun suceso. - Frecuencia e probabilidade. Lei dos grandes números. - Propiedades da probabilidade. 	2. Coñecer os conceptos de probabilidade condicionada, dependencia e independencia de sucesos, probabilidade	2.1. Aplica os conceptos de probabilidade condicionada e independencia de sucesos para achar relacións teóricas entre	CCL, CCA, CMCT, CD

<ul style="list-style-type: none"> - Xustificación das propiedades da probabilidade. <p>Lei de Laplace</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación da lei de Laplace para o cálculo de probabilidades sinxelas. - Recoñecemento de experiencias nas que non se pode aplicar a lei de Laplace. <p>Probabilidade condicionada</p> <ul style="list-style-type: none"> - Dependencia e independencia de dous sucesos. - Cálculo de probabilidades condicionadas. <p>Fórmula da probabilidade total</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo de probabilidades totais. <p>Fórmula de Bayes</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo de probabilidades “a posteriori”. <p>Táboas de continxencia</p> <ul style="list-style-type: none"> - Posibilidade de visualizar graficamente procesos e relacións probabilísticos: táboas de continxencia. - Manexo e interpretación das táboas de continxencia para formular e resolver algúns tipos de problemas de probabilidade. <p>Diagrama en árbore</p> <ul style="list-style-type: none"> - Posibilidade de visualizar graficamente procesos e relacións probabilísticos. - Utilización do diagrama en árbore para describir o proceso de resolución de problemas con experiencias compostas. Cálculo de probabilidades totais e probabilidades “a posteriori”. 	<p>total e probabilidade “a posteriori”, e utilízalos para calcular probabilidades.</p>	<p>eles.</p>	
		<p>2.2. Calcula probabilidades formuladas mediante enunciados que poden dar lugar a unha táboa de continxencia.</p>	
		<p>2.3. Calcula probabilidades totais ou “a posteriori” utilizando un diagrama en árbore ou as fórmulas correspondentes.</p>	

U. 14 Distribucións de probabilidade

Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	CC
<p>Distribucións estatísticas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tipos de variable. Representación gráfica e cálculo de parámetros. - Interpretación de táboas e gráficas estatísticas. - Obtención da media e da desviación típica dunha distribución estatística. <p>Distribución de probabilidade de variable discreta</p> <ul style="list-style-type: none"> - Significado dos parámetros μ e σ. 	<p>1. Coñecer as distribucións de probabilidade de variable discreta e obter os seus parámetros.</p>	<p>1.1. Constrúe a táboa dunha distribución de probabilidade de variable discreta e calcula os seus parámetros \square e \square.</p>	<p>CCL, CMCT, CAA</p>
	<p>2. Coñecer a distribución binomial, utilízala para calcular probabilidades e obter os seus parámetros.</p>	<p>2.1. Recoñece se certa experiencia aleatoria pode ser descrita ou non mediante unha distribución binomial identificar nela n e p.</p>	<p>CCL, CMCT, CSIEE</p>

<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo dos parámetros μ e σ en distribucións de probabilidade de variable discreta dadas mediante unha táboa ou por un enunciado. <p>Distribución binomial</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento de distribucións binomiais, cálculo de probabilidades e obtención dos seus parámetros. <p>Distribución de probabilidade de variable continua</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprensión das súas peculiaridades. - Función de densidade. - Recoñecemento de distribucións de variable continua. - Cálculo de probabilidades a partir da función de densidade. <p>Distribución normal</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo de probabilidades utilizando as táboas da $N(0, 1)$. - Aproximación da distribución binomial á normal. - Identificación de distribucións binomiais que se poidan considerar razoablemente próximas a distribucións normais e cálculo de probabilidades nelas por paso á normal correspondente. 		2.2. Calcula probabilidades nunha distribución binomial e acha os seus parámetros.	
	3. Coñecer as distribucións de probabilidade de variable continua.	3.1. Interpreta a función de probabilidade (ou función de densidade) dunha distribución de variable continua e calcula ou estima probabilidades a partir dela.	CMCT, CSC, CSIEE
	4. Coñecer a distribución normal, interpretar os seus parámetros e utilízala para calcular probabilidades.	4.1. Manexa con destreza a táboa da $N(0, 1)$ e utilízala para calcular probabilidades.	CMCT, CAA, CSIEE
		4.2. Coñece a relación que existe entre as distintas curvas normais e utiliza a tipificación da variable para calcular probabilidades nunha distribución $N(\mu, \sigma)$.	
		4.3. Obtén un intervalo centrado na media ao que corresponda unha probabilidade previamente determinada.	
5. Coñecer a posibilidade de utilizar a distribución normal para calcular probabilidades dalgúns distribucións binomiais e utilízala eficazmente.	5.1. Dada unha distribución binomial recoñece a posibilidade de aproximala por unha normal, obtén os seus parámetros e calcula probabilidades a partir dela.	CMCT, CAA, CD, CSIEE	

6. CONTIDOS MÍNIMOS.

Resolución de problemas

- Algúns consellos para resolver problemas.
- Etapas na resolución de problemas.
- Análise dalgúns estratexias para resolver problemas.

I. ÁLXEBA

Álgebra de matrices

- Nomenclatura. Definicións.
- Operacións con matrices.
- Propiedades das operacións con matrices.
- Matrices cadradas.

- Complementos teóricos para o estudo de matrices.
- Rango dunha matriz.

Determinantes

- Determinantes de orde dous.
- Determinantes de orde tres.
- Determinantes de orde calquera.
- Menor complementario e adxunto.
- Desenvolvemento dun determinante polos elementos dunha liña.
- Método para calcular determinantes de orde calquera.
- O rango dunha matriz a partir dos seus menores.
- Outro método para obter a inversa dunha matriz.

Sistemas de ecuacións

- Sistemas de ecuacións lineais.
- Posibles solucións dun sistema de ecuacións lineais.
- Sistemas graduados.
- Método de Gauss.
- Discusión de sistemas de ecuacións.
- Un novo criterio para saber se un sistema é compatible.
- Regra de Cramer.
- Aplicación da regra de Cramer a sistemas calquera.
- Sistemas homoxéneos.
- Discusión de sistemas mediante determinantes.
- Forma matricial dun sistema de ecuacións.

II. XEOMETRÍA

Vectores no espazo

- Operacións con vectores.
- Expresión analítica dun vector.
- Produto escalar de vectores.
- Produto vectorial.
- Produto mixto de tres vectores.

Puntos, rectas e planos no espazo

- Sistema de referencia no espazo.
- Aplicacións dos vectores a problemas xeométricos.
- Ecuacións da recta.
- Posicións relativas de dúas rectas.
- Ecuacións do plano.
- Posicións relativas de planos e rectas.
- A linguaxe das ecuacións: variables, parámetros,...

Problemas métricos

- Direccións de rectas e planos.
- Medida de ángulos entre rectas e planos.
- Distancias entre puntos, rectas e planos.

- Medidas de áreas e volumes.
- Lugares xeométricos no espazo.

III. ANÁLISE

Límites de funcións. Continuidade

- Idea gráfica dos límites de funcións.
- Un pouco de teoría: aprendamos a definir os límites.
- Sinxelas operacións con límites.
- Indeterminacións.
- Comparación de infinitos. Aplicación aos límites cando $x \rightarrow \pm\infty$.
- Cálculo de límites cando $x \rightarrow +\infty$.
- Cálculo de límites cando $x \rightarrow -\infty$.
- Límite dunha función nun punto. Continuidade.
- Cálculo de límites cando $x \rightarrow c$.
- Unha potente ferramenta para o cálculo de límites.
- Continuidade nun intervalo.

Derivadas

- Derivada dunha función nun punto.
- Función derivada.
- Regras de derivación.
- Derivada dunha función coñecendo a da súa inversa.
- Derivada dunha función implícita.
- Derivación logarítmica.
- Obtención razoada das fórmulas de derivación.
- Diferencial dunha función.

Aplicacións das derivadas

- Recta tanxente a unha curva.
- Crecemento e decrecemento dunha función nun punto.
- Máximos e mínimos relativos dunha función.
- Información extraída da segunda derivada.
- Optimización de funcións.
- Dous importantes teoremas.
- Aplicacións teóricas do teorema do valor medio.
- Teorema de Cauchy e regra de L'Hôpital.

Representación de funcións

- Elementos fundamentais para a construción de curvas.
- O valor absoluto na representación de funcións.
- Representación de funcións polinómicas.
- Representación de funcións racionais.
- Representación doutros tipos de funcións.

Cálculo de primitivas

- Primitivas. Regras básicas para o seu cálculo.

- Expresión composta de integrais inmediatas.
- Integración “por partes”.
- Integración de funcións racionais.

A integral definida

- Área baixo unha curva.
- Unha condición para que unha función sexa integrable na, $[b]$.
- Propiedades da integral.
- A integral e a súa relación coa derivada.
- Regra de Barrow.
- Cálculo de áreas mediante integrais.
- Volume dun corpo de revolución.

IV. PROBABILIDADE

Azar e probabilidade

- Experiencias aleatorias. Sucesos.
- Frecuencia e probabilidade.
- Lei de Laplace.
- Probabilidade condicionada. Sucesos independentes.
- Probas compostas.
- Probabilidade total.
- Probabilidades “a posteriori”. Fórmula de Bayes.

Distribucións de probabilidade

- Distribucións estatísticas.
- Distribucións de probabilidade de variable discreta.
- A distribución binomial.
- Distribucións de probabilidade de variable continua.
- A distribución normal.
- A distribución binomial aproxímase á normal.

7. SECUENCIACIÓN.

2º BACH – CC
1ª AVALIACIÓN
I. ALXEBRA Álgebra de matrices. Determinantes. Sistemas de ecuacións.
II. XEOMETRÍA Vectores no espazo. Puntos, rectas e planos no espazo.
2ª AVALIACIÓN
II. XEOMETRÍA Problemas métricos.

III. ANÁLISE

Límites de funcións. Continuidade.
 Derivadas.
 Aplicacións das derivadas.
 Representación de funcións.
 Cálculo de primitivas.
 A integral definida.

3ª AVALIACIÓN**III. PROBABILIDADE**

Azar e probabilidade.
 Distribucións de probabilidade.

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A ensinanza secuenciarase partindo de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outros máis complexos. Empregaranse estratexias expositivas para ensinar feitos e conceptos que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas. Esta exposición será clara, formulando as interaccións entre contidos propios da materia e os doutras disciplinas, sen esquecer vincular estes con contextos reais.

Faranse actividades relacionadas coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo á súa vez a adquisición de conceptos, dado que poñen ao alumnado en situacións que fomentan a súa reflexión, o emprego das súas ideas e conceptos e o desenvolvemento do razoamento lóxico. Ademais son útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores. Estas actividades traballaranse individualmente ou en pequenos grupos.

Fomentarase a participación de todos os alumnos e de todas as alumnas, dinamizando as sesións co intercambio verbal e colectivo de ideas e tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades e a capacidade de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido, ademais de favorecer o pensamento autónomo, crítico e rigoroso. Neste sentido, logo de traballar cada actividade, un alumno ou unha alumna presentará no encerado a súa resolución e o resto do grupo comprobará se a resolución é correcta, axudando na corrección dos erros que poidan detectar.

Fomentarase a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá. A realización polo alumnado de actividades ou traballos complementarios de aplicación ou indagación, posibilitarán o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe. Neste sentido realizaranse actividades TIC.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

- Visitas a empresas e organismos relacionados cos contidos da materia.
- Asistencia a charlas, exposicións e conferencias de interese.
- Participación en convocatorias de actividades organizadas por institucións públicas ou privadas, que estén relacionadas coas Matemáticas

- Celebración, en colaboración con todos os Departamentos interesados, da **Semana da Ciencia**.

10. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN.

Os alumnos terán ó menos dúas probas escritas por avaliación. Si ningunha das notas baixa de 4 farase a nota media delas o que suporá o 90% da nota da avaliación. Valorarase ademais o esforzo feito na clase, a presentación dos exercicios, a participación, etc... que suporá o 10% restante.

Haberá recuperacións na primeira e na segunda avaliacións. Si a nota da recuperación sigue sendo menor que 5 a avaliación non queda recuperada e será esta a nota que se terá en conta cara a avaliación final. Si a nota da recuperación é maior que 5 considerarase a avaliación aprobada.

Ó final do curso haberá unha proba de recuperación de avaliacións pendentes, pódese empregar esa proba para facer a recuperación da terceira avaliación ou facer unha proba independente, pero "en ningún caso" se poderá recuperar a asignatura completa nese exame final.

Aqueles alumnos que perderan a escolaridade por faltas de asistencia a clase sen xustificar ou que copiaran nalgún exame terán dereito a presentarse a dita proba, previa entrega do caderno e dos traballos do curso.

Si a nota dalgunha das avaliacións é maior que 4 e non chega a 5 o profesor correspondente pode decidir, según o comportamento e a actitude do alumno ó longo do curso, si este debe repetir esa parte no exame final ou si se compensa co resto das notas.

É obrigatorio presentarse ós exames programados ó longo do curso. Se algún alumno non asiste a algún exame, tanto de avaliación como de recuperación, debe traer un xustificante médico se foi por enfermidade para que teña dereito a que o profesor lle repita o exame. Si a causa non é médica os pais do alumno ou os seus representantes legais deberán poñerse en contacto directamente co profesor da asignatura antes da realización da proba. Considerarase abandono manifesto da asignatura a non presentación do alumno a algunha recuperación extra, sexa tanto a de xuño coma a de setembro.

11. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais e recursos que se empregarán son:

- Libro de anaya de matemáticas II
- Caderno de actividades do alumno ou da alumna e material escolar básico.
- Calculadora científica.
- Revistas científicas e xornais.
- Biblioteca do Centro.
- Encerado clásico e encerado dixital.
- Ordenador e páxinas web relacionadas.
- Calquera outro material que o profesor estime oportuno nun momento dado.

12. MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN.

O nivel do alumnado pode non ser homoxéneo. Algúns alumnos ou algunhas alumnas poden necesitar unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, ter dificultades específicas de aprendizaxe, TDHA, altas capacidades intelectuais, incorporarse tarde ao sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar. O profesor ou a profesora fará o posible para todos os alumnos e todas as alumnas acaden o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional e, en todo caso, os obxectivos e competencias establecidas con carácter

xeral para todo o alumnado.

Para formular as medidas de atención á diversidade e inclusión recollerase toda a información posible sobre grupo de alumnos e de alumnas a través da avaliación inicial, directamente no trato con eles e con elas e preguntándolle ao correspondente titor ou á correspondente titora do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...). Debemos ter coñecemento do grupo como conxunto, ademais de información sobre aspectos individuais do alumnado. Identificadas as necesidades e fortalezas que apreciaran, teranse en conta na planificación de estratexias metodolóxicas, na utilización de recursos, nas formas e instrumentos de avaliación e na xestión da aula.

As medidas de reforzo educativo serán elaboradas e levadas a cabo no contexto escolar polo profesor ou pola profesora que imparte a materia e os destinatarios serán aqueles alumnos e aquelas alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensinanza-aprendizaxe. Tamén se terán previstas tarefas para que realicen os alumnos e as alumnas que vaian por diante do grupo nas actividades que estean a realizar.

De ser necesarias, faranse adaptacións curriculares que son modificacións que afectan a elementos prescritivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas adaptacións teñen como destinatarios os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais, con altas capacidades e os que teñen dificultades graves de visión, audición ou motricidade. A realización das adaptacións faraa a profesora ou o profesor que imparta a materia coa colaboración do departamento e os profesionais de orientación psicopedagóxica. Necesítase a orientación da inspección educativa e terá a duración mínima de un curso.

Farase un seguimento continuado dos progresos deste alumnado, avaliando estes progresos ao final de cada avaliación co fin de informar ao titor ou á titora e ao resto de docentes que traballen no grupo nas reunión da xunta de avaliación.

13. AVALIACIÓN INICIAL.

Faráse unha proba escrita inicial sobre os contidos de 1º de Bacharelato Se o alumnado amosa habilidades pasarase ao tema 1. Polo contrario, se os resultados desta proba non son satisfactorios, será necesario traballar estes contidos nas primeiras semanas do curso.

A avaliación inicial non será só esta proba que se fai ao comezo, senón que estará integrada na metodoloxía diaria. Consistirá nun diálogo inicial cos alumnos e coas alumnas antes de cada explicación nova para detectar as ideas e coñecementos previos. Considérase máis positivo este proceder posto que permite que o profesor ou a profesora poida dirixir o proceso de aprendizaxe partindo dos resultados deste diálogo e corrixir erros que se evidencien. Este diálogo motiva ao alumnado a pensar e participar e serve para que teña curiosidade por contrastar o que eles e elas pensaban que era correcto ou por coñecer aquilo que non coñecen.

14. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

A avaliación extraordinaria de setembro será unha nova convocatoria que consistirá en unha única proba escrita sobre os estándares traballados no curso.

A proba de setembro dará como resultado a cualificación de 0 a 10 que cada alumno ou alumna conseguirá nesta convocatoria.

15. MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos / as que teñan matemáticas pendentes de 1º de bacharelato, terán dous exámenes, eliminatorios, uno el 15/01/2020, y otro el 01/04/2020. En caso de aprobar os dous exámenes, terán a asignatura pendente aprobada; terán un examen no mes de maio e outro en setembro para recuperar o que no hayan aprobado nesos dous exámenes. Tamén se inclúen clases de reforzo os mércores pola tarde.

16. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Co fin de promover a reflexión docente e a autoavaliación da práctica docente empregaranse ferramentas para a avaliación do proceso de ensino ao rematar cada trimestre para recoller as melloras que se realizarán no seguinte.

Nesta primeira fase de aplicación da LOMCE só faremos un seguimento entre a planificación temporal e a real para coñecer en que medida cumprimos o previsto e se chegamos a traballar todos os estándares. Ademais, será de utilidade analizar as causas das posibles desviacións que se atopen e propoñer medidas para corrixir estas desviacións.

Hai que ter en conta que na análise das causas das desviacións podemos atopar outras cuestións que poden ter afectado e que se engadirán no futuro á ferramenta para a avaliación do proceso de ensino.

ANÁLISE DAS CAUSAS DAS DESVIACIÓNS

MEDIDAS DE CORRECCIÓN

PROPOSTA DE INDICADORES PARA ENGADIR A ESTA AVALIACIÓN**17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.**

Ao rematar o curso faremos unha revisión da programación en función dos resultados académicos.

En primeiro lugar, debemos estudar os resultados académicos acadados polo noso alumnado e avalialos con catro niveis de logro. A continuación, analizaremos as causas deses resultados tratando de detectar os puntos da programación que se deben revisar, se fose o caso.

Finalmente, decidiremos as medidas que tomaremos para mellorar eses resultados indicando que aspectos da programación se cambiarán. Pode suceder que as medidas correctoras non afecten á programación didáctica senón á programación de aula, caso no que se indicará e concretará como se vai modificar a práctica docente e a metodoloxía.

Traballaremos este apartado completando a táboa que segue:

	ALUMNADO TOTAL	NÚMERO APROBAN	NÚMERO SUSPENDEN	PORCENTAXE APROBAN
RESULTADOS				
CUALIFICACIÓN DOS RESULTADOS		Nivel 4: Logro excelente		
		Nivel 3: Logro bo		
		Nivel 2: Logro suficiente		
		Nivel 1: Logro insuficiente		
ANÁLISE DE RESULTADOS				
MEDIDAS CORRECTORAS				

18. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Contribución ao plan anual de lectura

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita trabállanse como competencia durante todo o curso. Como contribución ao plan anual de lectura pódese destacar:

- Lectura e comentarios de noticias matemáticas que aparezan nos medios de comunicación para que o alumnado faga un resumo e comentario e, así, poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura.
- Lectura dalgún libro sobre descubrimentos científicos relacionados cas matemáticas.
- Realización de traballos propostos no que as fontes sexan libros ou revistas da biblioteca do centro.

Contribución ao plan de convivencia

Ao tempo que se traballan as competencias traballarase:

- **Educación moral e cívica:** fomentando o respecto polas persoas, sexa cal sexa a súa discapacidade, procedencia, condición social, sexual, racial ou relixiosa, valorando o pluralismo e a diversidade. Valorar a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a democracia, o respecto aos dereitos humanos.
- **Educación para a paz:** promoverase a aprendizaxe da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Traballarase a actitude fronte aos conflitos, véndoos como algo natural que, ben entendidos, axudan á convivencia e a madurez. Fomentarase o rexeitamento da violencia terrorista, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- **Educación para igualdade de oportunidades de ambos xéneros:** fomentando o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- **Educación medioambiental:** potenciando o aproveitamento e a reciclaxe dos materiais e o aforro enerxético. Compreendendo como os coñecementos adquiridos permiten gozar do medio natural, dándolle o seu xusto valor e participando na súa conservación e mellora.
- **Educación para a saúde:** fomentando a atención e o respecto polas normas de uso de ferramentas, máquinas e aparellos. Contribuíndo ao respecto pola orde e limpeza do posto de traballo. Adquirindo coñecementos sobre o funcionamento do organismo humano para desenvolver e afianzar hábitos de coidado e hixiene corporal e mental.
- **Educación do consumidor:** potenciarase o consumo moderado e responsable de materiais e recursos.
- **Seguridade viaria:** promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes na utilización das vías, en calidade de peóns, de viaxeiros e viaxeiras en bicicletas ou en vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- **Espírito emprendedor:** afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo ou en unha mesma e o sentido crítico.
- **Valores:** fomentaranse na clase mediante a actividade diaria na que se promoverá a cooperación (traballo en grupo), a autoestima (traballo individual), a comunicación (debate de opinións), a adquisición de técnicas para a resolución de conflitos (discusión razoada de casos). Ademais co coñecemento, práctica e aceptación das normas do centro contribuirase á participación democrática na vida do centro.

Contribución ao plan TIC

As actividades TIC de cada un dos temas serven para traballar ademais de outras competencias, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación na pescuda de información en páxinas web e na realización e presentación de traballos empregando as TIC.

Curso: 2019/20	2º BACH - CCSS
Profesorado:	José Adolfo Reza Carril
Idioma:	Castelán.

1. Obxectivos xerais de Bacharelato.
2. Obxectivos da área de Matemáticas 2º Bach-CCSS.
3. Descritores.
4. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.
5. Cadro de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.
6. Contidos mínimos.
7. Secuenciación.
8. Metodoloxía didáctica.
9. Actividades complementarias.
10. Procedementos para a avaliación.
11. Recursos didácticos.
12. Medidas de atención á diversidade e inclusión.
13. Avaliación inicial.
14. Avaliación extraordinaria.
15. Materias pendentes.
16. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas.
18. Concreción dos elementos transversais.

1. OBXECTIVOS XERAIS DE BACHARELATO

O Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada por valores tales como os dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes, e en particular a violencia contra a muller e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores de súa evolución. Participar de forma solidaria no

desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

2. OBXECTIVOS DA ÁREA DE MATEMÁTICAS DE 2º BACH-CCSS

A medida que as matemáticas foron ensanchando e diversificando o seu obxecto e a súa perspectiva, creceu a súa valoración como un instrumento indispensable para interpretar a realidade, así como unha forma de expresión de distintos fenómenos sociais, científicos e técnicos. Convértense así nun imprescindible vehículo de expresión e adquiren un carácter interdisciplinario que debe impregnar o seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Mirar a realidade social nas súas diversas manifestacións económicas, artísticas, humanísticas, políticas, etc., desde unha perspectiva matemática e acometer desde ela os problemas que considera, implica desenvolver a capacidade de simplificar e abstraer para facilitar a comprensión; a habilidade para analizar datos, entresacar os elementos fundamentais do discurso e obter conclusións razoables; rigor nas argumentacións pero, sobre todo, autonomía para establecer hipóteses e contrastalas, e para deseñar diferentes estratexias de resolución ou extrapolar os resultados obtidos a situacións análogas.

Para logralo, resulta tan importante a creatividade como manter unha disposición aberta e positiva cara ás matemáticas que permita percibilas como unha ferramenta útil á hora de interpretar con obxectividade o mundo que nos rodea. Unha perspectiva que adquire o seu verdadeiro significado dentro dunha dinámica de resolución de problemas que debe caracterizar de principio a fin o proceso de ensinanza-aprendizaxe desta materia.

Neste contexto, a forte abstracción simbólica, o rigor sintáctico e a esixencia probatoria que definen o saber matemático, deben ter nesta materia unha relativa presenza. Pola súa banda, as ferramentas tecnolóxicas ofrecen a posibilidade de evitar tediosos cálculos que pouco ou nada achegan ao tratamento da información, permitindo abordar con rapidez e fiabilidade os cambiantes procesos sociais mediante a modificación de determinados parámetros e condicións iniciais. Non por iso debe deixar de traballarse a fluidez e a precisión no cálculo manual simple, onde os estudantes adoitan cometer frecuentes erros que lles poden levar a falsos resultados ou inducilos a confusión nas conclusións.

Tanto desde un punto de vista histórico coma desde a perspectiva do seu papel na sociedade actual, poucas materias se prestan coma esta a tomar conciencia de que as matemáticas son parte integrante da nosa cultura. Por iso, as actividades que se consideren deben favorecer a posibilidade de aplicar as ferramentas matemáticas á análise de fenómenos de especial relevancia social, tales como a diversidade cultural, a saúde, o consumo, a coeducación, a convivencia pacífica ou o respecto ao ambiente.

Converter a sociedade da información en sociedade do coñecemento require capacidade de busca selectiva e intelixente da información e extraer dela os seus aspectos máis relevantes, pero supón ademais saber dar sentido a esa busca. Por iso, sen menoscabo da súa importancia instrumental, hai que resaltar tamén o valor formativo das matemáticas en aspectos tan importantes como a busca da beleza e a harmonía, o estímulo da creatividade ou o desenvolvemento daquelas capacidades persoais

e sociais que contribúan a formar cidadáns autónomos, seguros de si mesmos, decididos, curiosos e emprendedores, capaces de afrontar os retos con imaxinación e abordar os problemas con garantías de éxito.

O amplo espectro de estudos aos que dá acceso o bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais obriga a formular un currículo da materia que non se circunscriba exclusivamente ao campo da economía ou a socioloxía, dando continuidade aos contidos do ensino obrigatorio. Por iso, e cun criterio exclusivamente propedéutico, a materia, dividida en dous cursos, estrutúrase en torno a tres eixes: Aritmética e Álgebra, Análise, e Probabilidade e Estatística. Os contidos do primeiro curso adquiren a dobre función de fundamentar os principais conceptos da análise funcional e ofrecer unha base sólida á economía e á interpretación de fenómenos sociais nos que interveñen dúas variables. No segundo curso establécense de forma definitiva as achegas da materia a este bacharelato sobre a base do que será o seu posterior desenvolvemento na Universidade ou nos ciclos formativos da Formación Profesional. A estatística inferencial ou a culminación no cálculo infinitesimal das achegas da análise funcional son un bo exemplo diso.

A resolución de problemas ten carácter transversal e será obxecto de estudo relacionado e integrado no resto dos contidos. As estratexias que se desenvolven constitúen unha parte esencial da educación matemática e activan as competencias necesarias para aplicar os coñecementos e habilidades adquiridas en contextos reais. A resolución de problemas debe servir para que o alumnado desenvolva unha visión ampla e científica da realidade, para estimular a creatividade e a valoración das ideas alleas, a habilidade para expresar as ideas propias con argumentos adecuados e o recoñecemento dos posibles erros cometidos.

Por último, é importante presentar a matemática como unha ciencia viva e non como unha colección de regras fixas e inmutables. Detrás dos contidos que se estudan hai un longo camiño conceptual, un construto intelectual de enorme magnitude, que foi evolucionando a través da historia ata chegar ás formulacións que agora manexamos.

O ensino das Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Aplicar a situacións diversas os contidos matemáticos para analizar, interpretar e valorar fenómenos sociais, co obxecto de comprender os retos que formula a sociedade actual.
- Adoptar actitudes propias da actividade matemática como a visión analítica ou a necesidade de verificación. Asumir a precisión como un criterio subordinado ao contexto, as apreciacións intuitivas como un argumento que contrastar e a apertura a novas ideas como un reto.
- Elaborar xuízos e formar criterios propios sobre fenómenos sociais e económicos, utilizando tratamentos matemáticos. Expresar e interpretar datos e mensaxes, argumentando con precisión e rigor e aceptando discrepancias e puntos de vista diferentes como un factor de enriquecemento.
- Formular hipóteses, deseñar, utilizar e contrastar estratexias diversas para a resolución de problemas que permitan enfrontarse a situacións novas con autonomía, eficacia, confianza en si mesmo e creatividade.
- Utilizar un discurso racional como método para abordar os problemas: xustificar procedementos, encadear unha correcta liña argumental, achegar rigor aos razoamentos e detectar inconsistencias lóxicas.
- Facer uso de variados recursos, incluídos os informáticos, na busca selectiva e o tratamento da información gráfica, estatística e alxébrica nas súas categorías financeira, humanística ou doutra índole, interpretando con corrección e profundidade os resultados obtidos dese tratamento.
- Adquirir e manexar con fluidez un vocabulario específico de termos e notacións matemáticos. Incorporar con naturalidade a linguaxe técnica e gráfica a situacións susceptibles de ser tratadas matematicamente.
- Utilizar o coñecemento matemático para interpretar e comprender a realidade, establecendo relacións entre as matemáticas e o ámbito social, cultural ou económico e apreciando o seu lugar, actual e histórico, como parte da nosa cultura.

3. DESCRITORES		
COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCT)	Coidado do ámbito natural e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i> para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.

	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou de materias diversas.
COMPETENCIA DIXITAL (CD)	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e facer publicidade de información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURALS(CEC)	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR(SIEP)	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Darlle prioridade á consecución de obxectivos de grupo sobre intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.

	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
APRENDER A APRENDER(CAA)	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

4. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

- 1.º Comunicación lingüística.
- 2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- 3.º Competencia dixital.
- 4.º Aprender a aprender.
- 5.º Competencias sociais e cívicas.
- 6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- 7.º Conciencia e expresións culturais.

No proxecto de Matemáticas aplicadas ás CCSSII, tal e como suxire a lei, potenciouse o desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía; ademais, para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, incluíronse actividades de aprendizaxe integradas que permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para valoralos, utilizaranse os estándares de aprendizaxe avaliados,

como elementos de maior concreción, observables e medibles, poñírense en relación coas competencias clave, permitindo graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

A materia de Matemáticas aplic. CCSS II utiliza unha terminoloxía formal que permitirá ao alumnado incorporar esta linguaxe ao seu vocabulario, e utilízalo nos momentos adecuados coa suficiente propiedade. Así mesmo, a comunicación dos resultados das actividades e/ou problemas e outros traballos que realicen favorece o desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**.

A **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** son as competencias fundamentais da materia. Para desenvolver esta competencia, o alumnado aplicará estratexias para definir problemas, resolvelos, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións, analizar resultados, etc. Estas competencias son, polo tanto, as máis traballadas na materia.

A **competencia dixital** fomenta a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais, ademais de permitir que o alumnado se familiarice cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nas que se presenta a información científica (datos estatísticos, representacións gráficas, modelos xeométricos...). A utilización das tecnoloxías da información e a comunicación na aprendizaxe das ciencias para comunicarse, solicitar información, retroalimentala, simular e visualizar situacións, para a obtención e o tratamento de datos, etc., é un recurso útil no campo das matemáticas que contribúe a mostrar unha visión actualizada da actividade científica.

A adquisición da **competencia para aprender a aprender** fundaméntase nesta materia no carácter instrumental de moitos dos coñecementos científicos. Ao mesmo tempo, operar con modelos teóricos fomenta a imaxinación, a análise, os dotes de observación, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico, o que favorece a aprendizaxe autónoma. Ademais, ao ser unha materia progresiva, o alumnado adquire a capacidade de relacionar os contidos aprendidos durante anteriores etapas co que vai ver no presente curso e no próximo.

Esta materia favorece o traballo en grupo, onde se fomenta o desenvolvemento de actitudes como a cooperación, a solidariedade e o respecto cara ás opinións dos demais, o que contribúe á adquisición das **competencias sociais e cívicas**. Así mesmo, o coñecemento científico é unha parte fundamental da cultura cidadá que sensibiliza dos posibles riscos da ciencia e a tecnoloxía e permite formarse unha opinión fundamentada en feitos e datos reais sobre o avance científico e tecnolóxico.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** é básico á hora de levar a cabo o método científico de forma rigorosa e eficaz, seguindo a consecución de pasos desde a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións. É necesaria a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas e a revisión permanente de resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

A achega matemática faise presente en multitude de producións artísticas, así como as súas estratexias e procesos mentais fomentan a **conciencia e expresión cultural** das sociedades. Igualmente o alumno, mediante o traballo matemático poderá comprender diversas manifestacións artísticas sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras

5. CADRO DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas			
<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Planificación e expresión verbal do proceso de resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Expresar verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.1.1. Expresa verbalmente, de xeito razoado, o proceso seguido na resolución dun problema, coa 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	problema.	precisión e o rigor adecuados.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Estratexias e procedementos postos en práctica: <ul style="list-style-type: none"> — Relación con outros problemas coñecidos. — Modificación de variables. — Suposición do problema resolto. ▪ B1.3. Análise dos resultados obtidos: revisión das operacións utilizadas, coherencia das solucións coa situación, revisión sistemática do proceso, procura doutros xeitos de resolución e identificación de problemas parecidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.2.1. Analiza e comprende o enunciado que cumpre resolver (datos, relacións entre os datos, condicións, coñecementos matemáticos necesarios, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.2.2. Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas que cumpre resolver, contrastando a súa validez e valorando a súa utilidade e a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.2.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso seguido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Elaboración e presentación oral e/ou escrita de informes científicos sobre o proceso seguido na resolución dun problema, utilizando as ferramentas tecnolóxicas axeitadas. ▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: <ul style="list-style-type: none"> • Recollida ordenada e a organización de datos. • Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos. • Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico. • Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas. • Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos. • Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Elaborar un informe científico escrito que sirva para comunicar as ideas matemáticas xurdidas na resolución dun problema, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.3.1. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos adecuados ao contexto e á situación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.3.2. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.3.3. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema, situación para resolver ou propiedade ou teorema que cumpre demostrar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Planificar adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.4.1. Coñece e describe a estrutura do proceso de elaboración dunha investigación matemática (problema de investigación, estado da cuestión, obxectivos, hipótese, metodoloxía, resultados, conclusións, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.4.2. Planifica adecuadamente o proceso de investigación, tendo en conta o contexto en que se desenvolve e o problema de investigación formulado. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Practicar estratexias para a xeración de investigacións matemáticas, a partir de a resolución dun problema e o afondamento posterior, da xeneralización de propiedades e leis matemáticas, e do afondamento nalgún momento da historia das matemáticas, concretando todo iso en contextos numéricos, alxébricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.5.1. Afonda na resolución dalgúns problemas formulando novas preguntas, xeneralizando a situación ou os resultados, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.5.2. Procura conexións entre contextos da realidade e do mundo das matemáticas (historia da humanidade e historia das matemáticas; arte e matemáticas; ciencias sociais e matemáticas, etc.) 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. B1.8. Elaboración e presentación dun informe científico sobre o procedemento, os resultados e as conclusións do proceso de investigación desenvolvido. B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Elaborar un informe científico escrito que recolla o proceso de investigación realizado, coa precisión e o rigor adecuados. 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.6.1. Consulta as fontes de información adecuadas ao problema de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.6.2. Usa a linguaxe, a notación e os símbolos matemáticos axeitados ao contexto do problema de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.6.3. Utiliza argumentos, xustificacións, explicacións e razoamentos explícitos e coherentes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.6.4. Emprega as ferramentas tecnolóxicas adecuadas ao tipo de problema de investigación, tanto na procura de solucións coma para mellorar a eficacia na comunicación das ideas matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.6.5. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, así como dominio do tema de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.6.6. Reflexiona sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o nivel de resolución do problema de investigación e de consecución de obxectivos, formula posibles continuacións da investigación, analiza os puntos fortes e débiles do proceso, e fai explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Desenvolver procesos de matematización en contextos da realidade cotiá (numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos ou probabilísticos) a partir da identificación de problemas en situacións problemáticas da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.7.1. Identifica situacións problemáticas da realidade susceptibles de conter problemas de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.7.2. Establece conexións entre o problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel, e os coñecementos matemáticos necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.7.3. Usa, elabora ou constrúe modelos matemáticos axeitados que permitan a resolución do problema ou dos problemas dentro do campo das matemáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.7.4. Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B1.7.5. Realiza simulacións e predicións, en contexto real, para valorar a adecuación e as limitacións dos modelos, e propón melloras que aumenten a súa eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Valorar a modelización matemática como un recurso para resolver problemas da realidade cotiá, avaliando a eficacia e as limitacións dos modelos utilizados ou construídos. 	<ul style="list-style-type: none"> 2B1.8.1. Reflexiona sobre o proceso e obtén conclusións sobre os logros conseguidos, resultados mellorables, impresións persoais do proceso, etc.v, e valorando outras opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Planificación e realización de proxectos e investigacións matemáticas a partir de contextos da realidade ou do mundo das matemáticas, de xeito individual e en equipo. ▪ B1.7. Práctica de procesos de matematización e modelización, en contextos da realidade. ▪ B1.9. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.9.1. Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esfuerzo, perseveranza, flexibilidade e aceptación da crítica razoada, convivencia coa incerteza, tolerancia da frustración, autoanálise continuo, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.9.2. Formúlase a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao nivel educativo e á dificultade da situación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.9.3. Desenvolve actitudes de curiosidade e indagación, xunto con hábitos de formular e formularse preguntas e procurar respostas axeitadas, revisar de forma crítica os resultados encontrados; etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS1B1.9.4. Desenvolve habilidades sociais de cooperación e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.10.1. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, de investigación, de matematización ou de modelización, e valora as consecuencias destas e a conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Conianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes axeitadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Reflexionar sobre as decisións tomadas, valorando a súa eficacia, e aprender diso para situacións similares futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.11.1. Reflexiona sobre os procesos desenvolvidos, tomando conciencia das súas estruturas, valorando a potencia, a sinxeleza e a beleza das ideas e dos métodos utilizados, e aprender diso para situacións futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para: Recollida ordenada e a organización de datos. Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Empregar as ferramentas tecnolóxicas adecuadas, de xeito autónomo, realizando cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, facendo representacións gráficas, recreando situacións matemáticas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B1.12.1. Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>estadísticos.</p> <p>Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <p>Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</p> <p>Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.</p> <p>Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</p>	<p>mediante simulacións ou analizando con sentido crítico situacións diversas que axuden á comprensión de conceptos matemáticos ou á resolución de problemas.</p>	<p>▪ MACS2B1.12.2. Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas complexas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
		<p>▪ MACS2B1.12.3. Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas, mediante a utilización de medios tecnolóxicos</p>	<p>▪ CMCCT</p>
		<p>▪ MACS2B1.12.4. Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
		<p>▪ MACSB1.12.5. Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficas estatísticas, extraer información e elaborar conclusións.</p>	<p>▪ CMCCT</p>
<p>▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para:</p> <p>Recollida ordenada e a organización de datos.</p> <p>Elaboración e creación de representacións gráficas de datos numéricos, funcionais ou estatísticos.</p> <p>Facilitación da comprensión de conceptos e propiedades xeométricas ou funcionais, e realización de cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico.</p> <p>Deseño de simulacións e elaboración de predicións sobre situacións matemáticas diversas.</p> <p>Elaboración de informes e documentos sobre os procesos levados a cabo e as conclusións e os resultados obtidos.</p> <p>Consulta, comunicación e compartición, en ámbitos apropiados, da información e as ideas matemáticas.</p>	<p>▪ B1.13. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de maneira habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información salientable en internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes e compartíndoos en ámbitos apropiados para facilitar a interacción.</p>	<p>▪ MACS2B1.13.1. Elabora documentos dixitais propios (de texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable, coa ferramenta tecnolóxica axeitada, e compárteos para a súa discusión ou difusión.</p>	<p>▪ CD</p>
		<p>▪ MACS2B1.13.2. Utiliza os recursos creados para apoiar a exposición oral dos contidos traballados na aula.</p>	<p>▪ CCL</p>
		<p>▪ MACS2B1.13.3. Usa axeitadamente os medios tecnolóxicos para estruturar e mellorar o seu proceso de aprendizaxe, recollendo a información das actividades, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo, e establecendo pautas de mellora.</p>	<p>▪ CD</p> <p>▪ CAA</p>
Bloque 2. Números e álgebra			

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas. Clasificación de matrices. ▪ B2.2. Operacións con matrices. ▪ B2.3. Rango dunha matriz. ▪ B2.4. Matriz inversa. ▪ B2.5. Método de Gauss. ▪ B2.6. Determinantes ata orde 3. ▪ B2.7. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas en contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Organizar información procedente de situacións do ámbito social utilizando a linguaxe matricial, e aplicar as operacións con matrices como instrumento para o tratamento da devandita información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B2.1.1. Dispón en forma de matriz información procedente do ámbito social para poder resolver problemas con maior eficacia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B2.1.2. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas e para representar sistemas de ecuacións lineais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B2.1.3. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual e co apoio de medios tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Representación matricial dun sistema de ecuacións lineais: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais (ata tres ecuacións con tres incógnitas). Método de Gauss. ▪ B2.9. Resolución de problemas das ciencias sociais e da economía. ▪ B2.10. Inecuacións lineais cunha ou dúas incógnitas. Sistemas de inecuacións. Resolución gráfica e alxébrica. ▪ B2.11. Programación lineal bidimensional. Rexión factible. Determinación e interpretación das solucións óptimas. ▪ B2.12. Aplicación da programación lineal á resolución de problemas sociais, económicos e demográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resovelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, sistemas de ecuacións, inecuacións e programación lineal bidimensional), interpretando criticamente o significado das solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B2.2.1. Formula alxébricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real e o sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo nos casos que sexa posible e aplica para resolver problemas en contextos reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B2.2.2. Aplica as técnicas gráficas de programación lineal bidimensional para resolver problemas de optimización de funcións lineais que están suxeitas a restricións, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
Bloque 3. Análise			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Continuidade: tipos. Estudo da continuidade en funcións elementais e definidas a anacos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Analizar e interpretar fenómenos habituais das ciencias sociais de xeito obxectivo traducindo a información á linguaxe das funcións, e describilo mediante o estudo cualitativo e cuantitativo das súas propiedades máis características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B3.1.1. Modeliza con axuda de funcións problemas formulados nas ciencias sociais e descríbeseos mediante o estudo da continuidade, tendencias, ramas infinitas, corte cos eixes, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B3.1.2. Calcula as asíntotas de funcións sinxelas racionais, exponenciais e logarítmicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato			
Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.1.3. Estuda a continuidade nun punto dunha función elemental ou definida a anacos utilizando o concepto de límite. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Aplicacións das derivadas ao estudo de funcións polinómicas, racionais e irracionais sinxelas, exponenciais e logarítmicas. B3.3. Problemas de optimización relacionados coas ciencias sociais e a economía. B3.4. Estudo e representación gráfica de funcións polinómicas, racionais, irracionais, expónenciais e logarítmicas sinxelas a partir das súas propiedades locais e globais. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Utilizar o cálculo de derivadas para obter conclusións acerca do comportamento dunha función, para resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter económico ou social e extraer conclusións do fenómeno analizado. 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.2.1. Representa funcións e obtén a expresión alxébrica a partir de datos relativos ás súas propiedades locais ou globais, e extrae conclusións en problemas derivados de situacións reais. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.2.2. Formula problemas de optimización sobre fenómenos relacionados coas ciencias sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Concepto de primitiva. Integral indefinida. Cálculo de primitivas: propiedades básicas. Integrais inmediatas. B3.6. Cálculo de áreas: integral definida. Regra de Barrow. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Aplicar o cálculo de integrais na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables, utilizando técnicas de integración inmediata. 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.3.1. Aplica a regra de Barrow ao cálculo de integrais definidas de funcións elementais inmediatas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B3.3.2. Aplica o concepto de integral definida para calcular a área de recintos planos delimitados por unha ou dúas curvas. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
Bloque 4. Estatística e Probabilidade			
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Afondamento na teoría da probabilidade. Axiomática de Kolmogorov. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. B4.2. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos. B4.3. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais, e verosimilitude dun suceso. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento persoais, diagramas de árbore ou táboas de continxencia, a axiomática da probabilidade e o teorema da probabilidade total, e aplica o teorema de Bayes para modificar a probabilidade asignada a un suceso (probabilidade inicial) a partir da información obtida mediante a experimentación (probabilidade final), empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.1.2. Calcula probabilidades de sucesos a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.1.4. Resolve unha situación relacionada coa toma de decisións en condicións de incerteza en función da probabilidade das distintas opcións. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Poboación e mostra. Métodos de selección dunha mostra. Tamaño e representatividade dunha mostra. ▪ B4.5. Estatística paramétrica. Parámetros dunha poboación e estatísticos obtidos a partir dunha mostra. Estimación puntual. ▪ B4.6. Media e desviación típica da media mostral e da proporción mostral. Distribución da media mostral nunha poboación normal. Distribución da media mostral e da proporción mostral no caso de mostras grandes. ▪ B4.7. Estimación por intervalos de confianza. Relación entre confianza, erro e tamaño mostral. ▪ B4.8. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida. ▪ B4.9. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución de modelo descoñecido e para a proporción no caso de mostras grandes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Describir procedementos estatísticos que permiten estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados, calculando o tamaño mostral necesario e construíndo o intervalo de confianza para a media dunha poboación normal con desviación típica coñecida e para a media e proporción poboacional, cando o tamaño mostral é suficientemente grande. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B4.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B4.2.2. Calcula estimadores puntuais para a media, varianza, desviación típica e proporción poboacionais, e aplica a problemas reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B4.2.3. Calcula probabilidades asociadas á distribución da media mostral e da proporción mostral, aproximándoas pola distribución normal de parámetros axeitados a cada situación, e aplica a problemas de situacións reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B4.2.4. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B4.2.5. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostras grandes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B4.2.6. Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplica en situacións reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.10. Identificación das fases e das tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Presentar de forma ordenada información estatística utilizando vocabulario e representacións adecuadas, e analizar de xeito crítico e argumentado informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, na publicidade e noutros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións.	<ul style="list-style-type: none"> MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC

6. CONTIDOS MÍNIMOS.

I. NUMEROS E ÁLXEBRA

Sistemas de ecuacións. Método de Gauss

- Sistemas de ecuacións lineais.
- Posibles solucións dun sistema de ecuacións lineais.
- Sistemas graduados.
- Método de Gauss.
- Resolución de sistemas de ecuacións.

Álgebra de matrices

- Nomenclatura. Definicións.
- Operacións con matrices.
- Propiedades das operacións con matrices.
- Matrices cadradas.
- Cálculo da inversa dunha matriz por Gauss.
- Rango dunha matriz.
- Forma matricial dun sistema de ecuacións.

Cálculo de determinantes.

- Determinantes de orde dous.
- Determinantes de orde tres.
- Comprobación de se unha matriz é ou non invertible.

Programación lineal

- En que consiste a programación lineal? Algúns exemplos.
- Programación lineal para dúas variables. Enunciado xeral.

II. ANÁLISE

Límites de funcións. Continuidade

- Idea gráfica dos límites de funcións.
- Sinxelas operacións con límites.
- Indeterminacións.
- Comparación de infinitos. Aplicación aos límites cando $x \rightarrow \pm\infty$.
- Cálculo de límites cando $x \rightarrow \pm\infty$
- Límite dunha función nun punto. Continuidade.

Derivadas. Técnicas de derivación

- Derivada dunha función nun punto.
- Función derivada.
- Regras de derivación.

Aplicacións das derivadas

- Recta tanxente a unha curva.
- Crecemento e decrecemento dunha función nun punto.
- Máximos e mínimos relativos dunha función.
- Información extraída da segunda derivada.
- Optimización de funcións.

Representación de funcións

- Elementos fundamentais para a construción de curvas.
- Representación de funcións polinómicas.
- Representación de funcións racionais.
- Representación de funcións logarítmicas e exponenciais.

Integrais

- Primitivas. Regras básicas para o seu cálculo.
- Área baixo unha curva. Integral definida dunha función.
- Función “área baixo unha curva”.
- Cálculo da área entre unha curva e o eixe X .
- Cálculo da área comprendida entre dúas curvas.

III. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE**Azar e probabilidade**

- Experiencias aleatorias. Sucesos.
- Frecuencia e probabilidade.
- Lei de Laplace.
- Probabilidade condicionada. Sucesos independentes.
- Probas compostas.
- Probabilidade total.
- Probabilidades “a posteriori”. Fórmula de Bayes.

As mostras estatísticas

- O papel das mostras.
- Como deben ser as mostras?
- Tipos de mostraxes aleatorias.
- Técnicas para obter unha mostra aleatoria dunha poboación finita.
- Mostras e estimadores.

Inferencia estatística. Estimación da media

- Distribución normal. Repaso de técnicas básicas.
- Intervalos característicos.
- Distribución das medias mostrais.
- En que consiste a estatística inferencial?

- Intervalo de confianza para a media.
- Relación entre nivel de confianza, erro admisible e tamaño da mostra.

Inferencia estatística. Estimación dunha proporción

- Distribución binomial. Repaso de técnicas básicas para a mostraxe.
- Distribución das proporcións mostrais.
- Intervalo de confianza para unha proporción ou unha probabilidade.

7. SECUENCIACIÓN.

2º BACH – CCSS
1ª AVALIACIÓN
I. NÚMEROS E ÁLXEBA Sistemas de ecuacións. Método de Gauss. Álgebra de matrices. Resolución de sistemas mediante determinantes. Programación lineal.
2ª AVALIACIÓN
II. ANÁLISE Límites de funcións. Continuidade. Derivadas. Técnicas de derivación. Aplicacións das derivadas. Representación de función. Integrais.
3ª AVALIACIÓN
III. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE Azar e probabilidade. As mostras estatísticas. Inferencia estatística. Estimación da media. Inferencia estatística. Estimación dunha proporción.

8. METODOLOXÍA DIDÁCTICA.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A ensinanza secuenciarase partindo de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outros máis complexos. Empregaranse estratexias expositivas para ensinar feitos e conceptos que dificilmente o alumnado pode alcanzar só con axudas indirectas. Esta exposición será clara, formulando as interaccións entre contidos propios da materia e os doutras disciplinas, sen esquecer vincular estes con contextos reais.

Faranse actividades relacionadas coa aprendizaxe de procedementos, aínda que estes levan consigo á súa vez a adquisición de conceptos, dado que poñen ao alumnado en situacións que fomentan a súa reflexión, o emprego das súas ideas e conceptos e o desenvolvemento do razoamento lóxico. Ademais son útiles para a aprendizaxe e o desenvolvemento de hábitos, actitudes e valores. Estas actividades traballaranse individualmente ou en pequenos grupos.

Fomentarase a participación de todos os alumnos e de todas as alumnas, dinamizando as sesións co intercambio verbal e colectivo de ideas e tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades e a capacidade de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido, ademais de favorecer o pensamento autónomo, crítico e rigoroso. Neste sentido, logo de traballar cada actividade, un alumno ou unha alumna presentará no encerado a súa resolución e o resto do grupo comprobará se a resolución é correcta, axudando na corrección dos erros que poidan detectar.

Fomentarase a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá. A realización polo alumnado de actividades ou traballos complementarios de aplicación ou indagación, posibilitarán o engarzamento dos novos coñecementos cos que xa posúe. Neste sentido realizaranse actividades TIC.

9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Visitas a empresas e organismos relacionados cos contidos da materia.

Asistencia a charlas, exposicións e conferencias de interese.

Participación en convocatorias de actividades organizadas por institucións públicas ou privadas, que estén relacionadas coas Matemáticas.

Celebración, en colaboración con todos os Departamentos interesados, da **Semana da Ciencia**.

10. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN.

Os alumnos terán ó menos dúas probas escritas por avaliación. Si ningunha das notas baixa de 4 farase a nota media delas o que suporá o 90% da nota da avaliación. Valorarase ademais o esforzo feito na clase, a presentación dos exercicios, a participación, comportamento, etc... que suporá o 10% restante. Hai que ter en conta ademais que para que a avaliación sexa positiva é imprescindible a presentación do cuaderno de traballo completo.

Haberá recuperacións na primeira e na segunda avaliacións. Si a nota da recuperación sigue sendo menor que 5 a avaliación non queda recuperada e será esta a nota que se terá en conta cara a avaliación final. Si a nota da recuperación é maior que 5 considerarase a avaliación aprobada.

Ó final do curso haberá unha proba de recuperación de avaliacións pendentes, pódese empregar esa proba para facer a recuperación da terceira avaliación ou facer unha proba independente pero "en ningún caso" se poderá recuperar a asignatura completa nese exame final.

Aqueles alumnos que perderan a escolaridade por faltas de asistencia a clase sen xustificar ou que copiaran nalgún exame terán dereito a presentarse a dita proba, previa entrega do caderno e dos traballos do curso.

Si a nota dalgunha das avaliacións é maior que 4 e non chega a 5 o profesor correspondente pode decidir según o comportamento e a actitude do alumno ó longo do curso si este debe repetir esa parte no exame final ou si se compensa co resto das notas.

É obrigatorio presentarse ós exames programados ó longo do curso. Se algún alumno non asiste a algún exame, tanto de avaliación como de recuperación, debe traer un xustificante médico se foi por enfermidade para que teña dereito a que o profesor lle repita o exame. Si a causa non é médica os pais do alumno ou os seus representantes legais deberán poñerse en contacto directamente co profesor da asignatura antes da realización da proba. Considerarase abandono manifesto da asignatura a non presentación do alumno a algunha recuperación extra, sexa tanto a de xuño coma a de setembro.

11. RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais e recursos que se empregarán son:

- Libro de Anaya de matemát. Aplic. CCSS II
- Caderno de actividades do alumno ou da alumna e material escolar básico.
- Calculadora científica.
- Revistas científicas e xornais.
- Biblioteca do Centro.
- Encerado clásico e encerado dixital.
- Ordenador e páxinas web relacionadas.
- Calquera outro material que o profesor estime oportuno nun momento dado.

12. MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN.

O nivel do alumnado pode non ser homoxéneo. Algúns alumnos ou algunhas alumnas poden necesitar unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, ter dificultades específicas de aprendizaxe, TDHA, altas capacidades intelectuais, incorporarse tarde ao sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar. O profesor ou a profesora fará o posible para todos os alumnos e todas as alumnas acaden o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional e, en todo caso, os obxectivos e competencias establecidas con carácter xeral para todo o alumnado.

Para formular as medidas de atención á diversidade e inclusión recollerase toda a información posible sobre grupo de alumnos e de alumnas a través da avaliación inicial, directamente no trato con eles e con elas e preguntándolle ao correspondente titor ou á correspondente titora do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...). Debemos ter coñecemento do grupo como conxunto, ademais de información sobre aspectos individuais do alumnado. Identificadas as necesidades e fortalezas que apreciaran, teranse en conta na planificación de estratexias metodolóxicas, na utilización de recursos, nas formas e instrumentos de avaliación e na xestión da aula.

As medidas de reforzo educativo serán elaboradas e levadas a cabo no contexto escolar polo profesor ou pola profesora que imparte a materia e os destinatarios serán aqueles alumnos e aquelas alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensinanza-aprendizaxe. Tamén se terán previstas tarefas para que realicen os alumnos e as alumnas que vaian por diante do grupo nas actividades que estean a realizar.

De ser necesarias, faranse adaptacións curriculares que son modificacións que afectan a elementos prescritivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas adaptacións teñen como destinatarios os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais, con altas capacidades e os que teñen dificultades graves de visión, audición ou motricidade. A realización das adaptacións faraa a profesora ou o profesor que imparta a materia coa colaboración do departamento e os profesionais de orientación psicopedagóxica. Necesítase a orientación da inspección educativa e terá a duración mínima de un curso. Farase un seguimento continuado dos progresos deste alumnado, avaliando estes progresos ao final de cada avaliación co fin de informar ao titor ou á titora e ao resto de docentes que traballen no grupo nas reunión da xunta de avaliación.

13. AVALIACIÓN INICIAL.

Faráse unha proba escrita inicial sobre os contidos de 1º de Bacharelato Se o alumnado amosa habilidades pasarase ao tema 1. Polo contrario, se os resultados desta proba non son satisfactorios, será necesario traballar estes contidos nas primeiras semanas do curso

A avaliación inicial non será só esta proba que se fai ao comezo, senón que estará integrada na metodoloxía diaria. Consistirá nun diálogo inicial cos alumnos e coas alumnas antes de cada explicación nova para detectar as ideas e coñecementos previos. Considérase máis positivo este proceder posto que permite que o profesor ou a profesora poida dirixir o proceso de aprendizaxe partindo dos resultados deste diálogo e corraxir erros que se evidencien. Este diálogo motiva ao alumnado a pensar e participar e serve para que teña curiosidade por contrastar o que eles e elas pensaban que era correcto ou por coñecer aquilo que non coñecen.

14. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

A avaliación extraordinaria de setembro será unha nova convocatoria que consistirá en unha única proba escrita sobre os estándares traballados no curso.

A proba de setembro dará como resultado a cualificación de 0 a 10 que cada alumno ou alumna conseguirá nesta convocatoria.

15. MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos / as que teñan matemáticas pendentes de 1º de bacharelato, terán dous exámenes, eliminatorios, uno el 15/01/2020, y otro el 01/04/2020. En caso de aprobar os dous exámenes, terán a asignatura pendente aprobada; terán un examen no mes de maio e outro en setembro para recuperar o que no hayan aprobado nesos dous exámenes. Tamén se inclúen clases de reforzo os mércores pola tarde.

16. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Co fin de promover a reflexión docente e a autoavaliación da práctica docente empregaranse ferramentas para a avaliación do proceso de ensino ao rematar cada trimestre para recoller as melloras que se realizarán no seguinte.

Nesta primeira fase de aplicación da LOMCE só faremos un seguimento entre a planificación temporal e a real para coñecer en que medida cumprimos o previsto e se chegamos a traballar todos os estándares. Ademais, será de utilidade analizar as causas das posibles desviacións que se atopen e propoñer medidas para corraxir estas desviacións.

Hai que ter en conta que na análise das causas das desviacións podemos atopar outras cuestións que poden ter afectado e que se engadirán no futuro á ferramenta para a avaliación do proceso de ensino.

ANÁLISE DAS CAUSAS DAS DESVIACIÓNS

MEDIDAS DE CORRECCIÓN

PROPOSTA DE INDICADORES PARA ENGADIR A ESTA AVALIACIÓN

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Ao rematar o curso faremos unha revisión da programación en función dos resultados académicos.

En primeiro lugar, debemos estudar os resultados académicos acadados polo noso alumnado e avalialos con catro niveis de logro. A continuación, analizaremos as causas deses resultados tratando de detectar os puntos da programación que se deben revisar, se fose o caso.

Finalmente, decidiremos as medidas que tomaremos para mellorar eses resultados indicando que aspectos da programación se cambiarán. Pode suceder que as medidas correctoras non afecten á programación didáctica senón á programación de aula, caso no que se indicará e concretará como se vai modificar a práctica docente e a metodoloxía.

Traballaremos este apartado completando a táboa que segue:

	ALUMNADO TOTAL	NÚMERO APROBAN	NÚMERO SUSPENDEN	PORCENTAXE APROBAN
RESULTADOS				
CUALIFICACIÓN DOS RESULTADOS		Nivel 4: Logro excelente		
		Nivel 3: Logro bo		
		Nivel 2: Logro suficiente		

	Nivel 1: Logro insuficiente
ANÁLISE DE RESULTADOS	
MEDIDAS CORRECTORAS	

18. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Contribución ao plan anual de lectura

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita trabállanse como competencia durante todo o curso. Como contribución ao plan anual de lectura pódese destacar:

- Lectura e comentarios de noticias matemáticas que aparezan nos medios de comunicación para que o alumnado faga un resumo e comentario e, así, poder avaliar a ortografía, redacción, presentación e lectura.
- Lectura dalgún libro sobre descubrimentos científicos relacionados cas matemáticas.
- Realización de traballos propostos no que as fontes sexan libros ou revistas da biblioteca do centro.

Contribución ao plan de convivencia

Ao tempo que se traballan as competencias traballarase:

- **Educación moral e cívica:** fomentando o respecto polas persoas, sexa cal sexa a súa discapacidade, procedencia, condición social, sexual, racial ou relixiosa, valorando o pluralismo e a diversidade. Valorar a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a democracia, o respecto aos dereitos humanos.
- **Educación para a paz:** promoverase a aprendizaxe da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Traballarase a actitude fronte aos conflitos, véndoos como algo natural que, ben entendidos, axudan á convivencia e a madurez. Fomentarase o rexeitamento da violencia terrorista, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- **Educación para igualdade de oportunidades de ambos xéneros:** fomentando o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- **Educación medioambiental:** potenciando o aproveitamento e a reciclaxe dos materiais e o aforro enerxético. Compreendendo como os coñecementos adquiridos permiten gozar do medio natural, dándolle o seu xusto valor e participando na súa conservación e mellora.
- **Educación para a saúde:** fomentando a atención e o respecto polas normas de uso de ferramentas, máquinas e aparellos. Contribuíndo ao respecto pola orde e limpeza do posto de

traballo. Adquirindo coñecementos sobre o funcionamento do organismo humano para desenvolver e afianzar hábitos de coidado e hixiene corporal e mental.

- **Educación do consumidor:** potenciarase o consumo moderado e responsable de materiais e recursos.
- **Seguridade viaria:** promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes na utilización das vías, en calidade de peóns, de viaxeiros e viaxeiras en bicicletas ou en vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- **Espírito emprendedor:** afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza en un mesmo ou en unha mesma e o sentido crítico.
- **Valores:** fomentaranse na clase mediante a actividade diaria na que se promoverá a cooperación (traballo en grupo), a autoestima (traballo individual), a comunicación (debate de opinións), a adquisición de técnicas para a resolución de conflitos (discusión razoada de casos). Ademais co coñecemento, práctica e aceptación das normas do centro contribuirase á participación democrática na vida do centro.

Contribución ao plan TIC

As actividades TIC de cada un dos temas serven para traballar ademais de outras competencias, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación na pescuda de información en páxinas web e na realización e presentación de traballos empregando as TIC.

I.E.S. ALLARIZ			
CURSO	2º BACHARELATO HUMANIDADES E CIENCIAS	CÓD	BH2A260
ASIGNATURA	MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS		
PROFESOR/A (ES/AS)	José Adolfo Reza Carril		
LIBRO DE TEXTO	<i>Título</i>	no hay libro	
	<i>Autor</i>		
	<i>Editorial</i>		ISB
	<i>Data Autoriz.</i>		Galego <input type="checkbox"/> Castelán

Introducción

Objetivos. Contidos. Criterios. Estándares. Competencias clave.

Temporalización. Grao mínimo de consecución.

Metodoloxía didáctica.

Materiales.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos e instrumentos de avaliación extraordinaria e indicadores.

Puntos 12, 13, 14 e 15.

Concreción dos elementos transversais.

Puntos 17 y 18.

1. INTRODUCCIÓN:

Métodos Estadísticos e Numéricos

As matemáticas proporcionan ferramentas para a creación de modelos no estudo de diferentes fenómenos. En ocasións é posible definir relacións funcionais entre as magnitudes implicadas, obténdose modelos deterministas, pero moitos fenómenos son tan complexos no seu comportamento e interveñen neles tantas magnitudes que precisan modelos estocásticos para un mellor estudo. Faise necesario, xa que logo, complementar a formación científica xeral que o alumnado de bacharelato alcanza a partir doutras materias cunha educación neste pensamento estatístico e probabilístico.

A materia de Métodos Estadísticos e Numéricos contribúe especialmente ao desenvolvemento da competencia matemática, recoñecida como clave pola Unión Europea co nome de "competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía". Esta consiste en formular, transformar e resolver problemas a partir de situacións da vida cotiá, doutras ciencias e das propias matemáticas. Para lograr isto cómpre analizar a situación, identificar o que é verdadeiramente relevante, establecer relacións, facer a modelización e ser quen de representala e comunicala utilizando diferentes linguaxes e rexistros, formular outros problemas, outras preguntas e mesmo atopar outras respostas que aparezan tras a análise, o traballo, a argumentación e a resolución da situación de partida. É necesario utilizar conceptos, propiedades, procedementos e as linguaxes axeitadas para expresar as ideas matemáticas, e resolver os problemas asociados coa situación en cuestión. Estas actividades esixen a argumentación e a análise dos procedementos empregados e as solucións propostas. É dicir, a competencia matemática consiste en adquirir un hábito de pensamento matemático que permita establecer hipóteses e contrastalas, elaborar estratexias de resolución de problemas e axudar na toma de decisións adecuadas, tanto na vida persoal como na súa futura vida profesional.

A habilidade de formular, interpretar e resolver problemas, e de modelizar a realidade, poñen en xogo distintas formas de pensamento: o pensamento converxente, indispensable para estruturar coñecementos de forma lóxica; o pensamento diverxente, que permite incorporar novas solucións ou asociacións non convencionais ao problema investigado; e os pensamentos abstracto, algorítmico e computacional, vinculados á capacidade de abordar un problema automatizando o proceso e procurando solucións transferibles ou xeneralizables. Neste proceso están involucradas todas as competencias: a de comunicación lingüística, ao ler de forma comprensiva os enunciados e comunicar os resultados obtidos; a de aprender a aprender, ao desenvolver a capacidade de abstraer e simplificar; a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao establecer un plan de traballo en revisión e modificación continua, á medida que se vai resolvendo o problema; a competencia dixital, ao tratar adecuadamente a información e, de ser o caso, servir de apoio á resolución do problema, a comprobación da solución e a presentación de resultados; a competencia social e cívica, ao implicar unha actitude aberta ante diferentes enfoques e solucións; e a de conciencia e expresións culturais, na medida en que o proxecto incorpore elementos culturais ou artísticos con base matemática.

Seguindo as recomendacións da Orde ECD/65/2015, para potenciar a motivación da aprendizaxe destas competencias é desexable unha metodoloxía activa e contextualizada, baseada nunha aprendizaxe cooperativa, onde cada persoa poida desenvolver distintos papeis, achegando ou incorporando ideas, asumindo responsabilidades e aceptando erros. Unha metodoloxía baseada na resolución de problemas faise imprescindible para desenvolver capacidades como a comprensión e o emprego de diferentes linguaxes matemáticas, a análise de datos, a formulación, a comprobación e a aceptación ou o rexeitamento de hipóteses, o deseño, o emprego e o contraste de estratexias, a toma de decisións, etc. Ademais, é resolvendo problemas que traten situacións reais onde os conceptos e os métodos estatísticos e numéricos empregados amosan tanto a súa potencia como a súa relevancia.

Os contidos de estatística e probabilidade seleccionados para estes métodos estatísticos e numéricos apóianse nos estudados na educación secundaria obrigatoria e nas Matemáticas do bacharelato, ampliándoos nalgúns casos. Así sucede coas series temporais, coa mostraxe e a estatística inferencial e coa probabilidade condicionada, que ademais proporcionan bases para modelar e resolver unha gama máis ampla de problemas. Así mesmo, os métodos numéricos proporcionan modos de resolución de problemas, que non poderían abordarse de maneira simbólica e para cuxa realización se precisan a calculadora ou programas informáticos. O emprego destas ferramentas tecnolóxicas non só libera tempo de tarefas repetitivas para outras como a reflexión, o razoamento, a toma de decisións e a interpretación dos resultados, etc., senón que é tamén unha axuda no ensino de conceptos e propiedades.

Os contidos están estruturados en seis bloques: "Mostraxe", "Estatística inferencial", "Probabilidade condicionada", "Series temporais", "Programación lineal" e "Métodos numéricos". O coñecemento dos contidos que se propoñen e dalgunhas das múltiples aplicacións que a estatística ten no mundo biolóxico, físico, económico, histórico, xeográfico, social ou político proporcionalles aos/ás estudantes as bases para abordar estudos posteriores. Así mesmo, cos coñecementos adquiridos a través desta materia pódense analizar diversas situacións cotiás ou as informacións que, revestidas dun formalismo estatístico, aparecen nos medios, contribuíndo á formación dos alumnos e das alumnas como cidadáns e cidadás con autonomía e criterio propio, e achegándoos/as ás técnicas necesarias para alcanzar un coñecemento máis profundo da complexidade do mundo.

APARTADOS 3, 4 E 5

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Mostraxe				
1. h 2. i 3. l 4. m	5. B1.1. Fundamentos probabilísticos. Distribucións de probabilidade.	6. B1.1. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros, asignando a	7. MENB1.1.1. Distingue fenómenos aleatorios, discretos ou continuos, que poden modelizarse mediante unha distribución binomial ou normal, e manexa con soltura as	8. CMCCT

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		probabilidade aos sucesos correspondentes e tomando decisións ante situacións que se axusten a unha distribución binomial ou normal, por medio da asignación de probabilidades aos sucesos correspondentes.	correspondentes táboas para asignarlles probabilidades aos sucesos, analizándoos e decidindo a opción máis conveniente.	
9. i 10. l	11. B1.2. Poboación e mostra. 12. B1.3. Mostraxe: tipos. 13. B1.4. Parámetros poboacionais e estatísticos dunha mostra. 14. B1.5. Distribucións dunha mostra.	15. B1.2. Planificar e realizar estudos concretos partindo da elaboración de enquisas, selección da mostra e estudo estatístico dos datos obtidos acerca de determinadas características da poboación estudada para inferir conclusións, asignándolles unha confianza medible.	16. MENB1.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección. 19. MENB1.2.2. Aplica os conceptos relacionados coa mostraxe para obter datos estatísticos dunha poboación e extrae conclusións sobre aspectos determinantes da poboación de partida.	17. CMCCT 18. CSIEE 20. CMCCT
21. a 22. b 23. c 24. d 25. e 26. f 27. g 28. h 29. i 30. l 31. m 32. n 33. ñ 34. o 35. p	36. B1.6. Identificación das fases e tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.	37. B1.3. Presentar e describir ordenadamente información estatística utilizando vocabulario e unhas representacións adecuadas, e analizar de forma crítica e argumentada informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, publicidade e outros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións e analizando, de forma crítica, informes estatísticos presentes nos medios de comunicación e noutros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións na presentación de determinados datos.	38. MENB1.3.1. Analiza de forma crítica e argumentada información estatística presente nos medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá, valorando a incidencia dos medios tecnolóxicos no tratamento e representación gráfica de datos estatísticos que proveñen de diversas fontes.	39. CCL 40. CMCCT 41. CD 42. CSC 43. CCEC
Bloque 2. Estatística inferencial				
44. i 45. l	46. B2.1. Estimación puntual e por intervalos. 47. B2.2. Decisións estatísticas. Hipóteses estatísticas. Contraste de hipóteses. Cálculo das rexións de aceptación e rexeitamento, e formulación da regra de decisión. 48. B2.3. Erros de tipo I e II. Nivel de significación. Potencia dun contraste. Relacións entre σ , μ e o tamaño da mostra.	49. B2.1. Estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados.	50. MENB2.1.1. Obtén estimadores puntuais de diversos parámetros poboacionais e os intervalos de confianza de parámetros poboacionais en problemas contextualizados, partindo das distribucións mostrais correspondentes. 52. MENB2.1.2. Leva a cabo un contraste de hipóteses sobre unha poboación, formula as hipóteses nula e alternativa dun contraste, entende os erros de tipo I e de tipo II, e define o nivel de significación e a potencia do contraste.	51. CMCCT 53. CMCCT 54. CAA
Bloque 3. Probabilidade condicionada				
55. i	57. B3.1. Experimentos simples e compostos.	59. B3.1. Asignar probabilidades a sucesos	60. MENB3.1.1. Aplica as regras do produto, as	61. CMCCT

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato					
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	
56.	i	Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.	aleatorios en experimentos simples e compostos.	probabilidades totais e a regra de Bayes ao cálculo de probabilidades de sucesos.	
		58. B3.2. Regra do produto. Regra das probabilidades totais. Regra de Bayes.			
62.	i	64. B3.3. Cadeas de Markov. Distribucións estacionarias. Cadeas absorbentes.	66. B3.2. Modelar situacións contextualizadas dos mundos científico, tecnolóxico, económico e social, utilizando as cadeas de Markov para estudar a súa evolución, asignándolles probabilidades aos diferentes estados.	67. MENB3.2.1. Identifica fenómenos da vida cotiá que se modelizan mediante cadeas de Markov, distingue os seus estados, represéntaos e calcula as probabilidades correspondentes, utilizando as operacións con matrices ou outros métodos.	68. CMCCT
63.	i	65. B3.4. Clasificación, identificación e cálculo das probabilidades dos estados en cadeas de Markov.			
Bloque 4. Series temporais					
69.	i	71. B4.1. Series de tempo: compoñentes.	74. B4.1. Analizar e interpretar cuantitativa e cualitativamente series cronolóxicas mediante o estudo das compoñentes que aparecen nelas.	75. MENB4.1.1. Describe e interpreta, cualitativa e cuantitativamente, os compoñentes das series de tempo que representan distintos fenómenos científicos ou sociais cando veñen dadas por unha táboa ou por unha gráfica, e calcula e utiliza a curva de tendencia e os índices cíclicos e estacionais como modelos matemáticos que permiten realizar predicións.	76. CCL 77. CMCCT
70.	i	72. B4.2. Curva de tendencia. Determinación de curvas de tendencia por diversos métodos como o axuste por mínimos cadrados.			
		73. B4.3. Índice estacional. Índices cíclicos. Variación irregular.			
Bloque 5. Programación lineal					
78.	i	80. B5.1. Desigualdades. Inecuacións lineais. Problema estándar de programación lineal. Función obxectivo. Solución factible.	83. B5.1. Resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter científico, tecnolóxico, económico e social enunciados na linguaxe natural, traducíndoos á linguaxe alxébrica e utilizando as técnicas de programación lineal, e interpreta as solucións obtidas.	84. MENB5.1.1. Resolve problemas provenientes de diversos campos, utilizando a linguaxe alxébrica con soltura e a programación lineal con dúas variables para obter a solución, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema formulado.	85. CMCCT 86. CAA 87. CSC
79.	i	81. B5.2. Problema dual.			
		82. B5.3. Formulación e resolución de problemas de programación lineal con dúas variables por métodos gráficos e interpretación das solucións obtidas.			
Bloque 6. Métodos numéricos					
88.	i	90. B6.1. Díxitos significativos. Truncamento e arredondamento. Erro acumulado. Erros absoluto e relativo.	95. B6.1. Utilizar as técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoos á linguaxe alxébrica adecuada e estudando as relacións funcionais que interveñen neles.	96. MENB6.1.1. Analiza os problemas e determina o método de cálculo da solución apropiado a cada caso, empregando números aproximados e acoutando o erro cometido, e contrasta o resultado coa situación de partida.	97. CMCCT 98. CSIEE
89.	i	91. B6.2. Converxencia.			
		92. B6.3. Métodos de resolución de ecuacións cunha incógnita.			
		93. B6.4. Métodos de resolución de sistemas lineais.		99. MENB6.1.2. Calcula áreas utilizando métodos numéricos.	100. CMCCT
		94. B6.5. Métodos de cálculo de integrais definidas. Cálculo de superficies.			

Métodos Estadísticos e Numéricos. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
101. i 102. l	103. B6.6. Interpolación polinómica.	104. B6.2. Utilizar táboas e gráficas como instrumento para o estudo de situacións empíricas, axustándoas a unha función, e obter os seus parámetros para adquirir información suplementaria, empregando os métodos de interpolación e extrapolación adecuados.	105. MENB6.2.1. Axusta os datos obtidos a partir dunha situación empírica a unha función e obtén valores descoñecidos, utilizando técnicas de interpolación e extrapolación. 107. MENB6.2.2. Analiza relacións entre variables que non se axusten a ningunha fórmula alxébrica e amosa destreza no manexo de datos numéricos.	106. CMCCT 108. CMCCT

6. Temporalización. Procedementos e instrumentos de avaliación. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN.

TEMPORALIZACIÓN: Debido a que la asignatura cambia de catro horas semanales a duas, o contido varía sustancialmente

PRIMEIRA TRIMESTRE: Probabilidade e normal.

SEGUNDA TRIMESTRE: Binomial e intervalos confianza para a media e proporción.

TERCEIRA TRIMESTRE: Contraste de hipótesis .Programación lineal.

Procedementos:

Despois de terminado cada tema realizarase unha proba escrita.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN

En Probabilidade: calcular a probabilidade total e “a posteriori” dun determinado suceso.

En Normal: manejar las tablas de la normal para cualquier normal $N(\mu, \sigma)$

Intervalos de confianza: obter o intervalo de confianza para a media e a proporción con la desviación típica coñecida.

Contraste de hipóteses: saber aceptar ou rechazar unha hipótese seguindo os catro pasos, tanto si é unilateral ou bilateral.

Programación lineal: Dada unha función obxectivo e as súas restriccións, saber encontrar a solución óptima.

7. **METODOLOXÍA DIDÁCTICA:**

Todas as actividades a realizar deberán seguir unha estratexia metodolóxica acorde co seguinte esquema:

1- Partir do nivel de desenrolo do alumno que virá dado fundamentalmente polos seus coñecementos previos así como polas capacidades propias do período evolutivo no que se atopa. Isto implica a realización de actividades que permitan valorar cal é a situación inicial no proceso de aprendizaxe.

2- Intentar asegura-la construción de aprendizaxes significativos, no sentido que os alumnos sexan capaces de establecer relacións coherentes desde o punto de vista lóxico entre o novo contido e o que xa coñecen. Isto leva necesariamente á realización de actividades de plantexamento de problemas iniciais ós que se poidan enfrentar con certas posibilidades de éxito basándose nos coñecementos que posúen.

3- Débese asegura-la funcionalidade dos novos contidos , de maneira que o alumnos sexa quen de empregalos de maneira satisfactoria noutras situacións e contextos diferentes a aqueles nos que foron aprendidos. Polo tanto as actividades deberán estar dirixidas a conseguir unha memorización comprensiva dos contidos tratados.

4- A intervención do profesor debe ir encamiñada a favorecer que os alumnos adquiren e desenvolvan gradualmente as estratexias de planificación da súa propia actividade na aprendizaxe, e dicir, que aprendan a aprender. Actividades nas que se realicen hipóteses de resolución iniciais basadas en razoamentos intuitivos, empreguen heurísticos, manexen distintas fontes de información etc...potencian esas capacidades.

5- Cara a conseguir unha actitude favorable dos alumnos débese prestar atención na planificación de actividades a aspectos tales como o carácter motivador e próximo dos temas sobre os que versan, a posibilidade de cooperación mediante o traballo en grupo e tódolos recursos pedagóxicos que, en xeral, axuden a mellora-lo autoconcepto e a autoestima.

Estos principios concréntanse nunha actuación didáctica que debe atender sobre todo ós seguintes aspectos:

1- No diseño das actividades relacionadas coa teoría da probabilidade deberá partirse dun enfoque empírico e frecuencial para ir progresivamente acercándose a un nivel de desenvolvemento máis formal dos conceptos e feitos tratados.

2- As situacións presentadas para ser analizadas estatisticamente débense referir ós problemas relacionados coa realidade a ser posible con datos obtidos directamente polos alumnos.

3- A interpretación dos resultados obtidos por métodos estatísticos é un aspecto que ten tanta ou máis importancia que os procedementos seguidos para a súa obtención ou os conceptos teóricos nos que están baseados.

4- Dada a imposibilidade a este nivel de acercarse a certos conceptos da materia desde un punto de vista matemático formal o enfoque irá dirixido a conseguir unha comprensión significativa e funcional dos enunciados teóricos, desde un tratamento eminentemente práctico. Así parece máis conveniente a análise comprensiva do enunciado dun teorema que a súa demostración lóxico-formal.

5- De acordo coa priorización de obxectivos marcada para a materia no apartado 2, o esforzo metodolóxico nos contidos actudiniais deberá centrarse preferentemente na idea da apreciación da importancia dos métodos estatísticos como fonte de coñecemento científico así como o estimable carácter instrumental deles en gran número de disciplinas.

6- A incorporación dos medios tecnolóxicos actuais non dun modo puntual senón integrados permanentemente no traballo diario, parece, dada a importancia que posúen nestes intres, imprescindible. Fronte ós diversos tipos de calculadoras , o ordenador presenta a ventaxa da súa maior facilidade de uso así como un número máis variado de posibilidades en cuanto á programación. Non podemos dedicar unha parte sustancial dos nosos recursos e tempo á aprendizaxe do manexo dunha ferramenta como a calculadora de indudable inferioridade en cuanto a claridade de presentación de datos ou posibilidades de cálculo fronte ó moderno software estatístico existente hoxe en día para os ordenadores.

7- Os contidos relacionados coa aproximación numérica poden ser abordados dun modo satisfactorio empregando unha folla de cálculo electrónica para ordenador. Esta proporciona orde e claridade na disposición dos datos e na súa transformación mediante as operacións pertinentes. Non hay que olvidar cos autores máis clásicos nesta materia xa dispoñían manualmente os datos e operacións correspondentes de maneira análoga a como o fai hoxe un programa dese tipo. Cabe tamén, dentro do posible, empregar un entorno de programación sinxelo, por exemplo, que empregue unha linguaxe de programación de alto nivel, para elaborar pequenos programas que realicen

automáticamente as operacións de tipo reiterativo nas que están baseados moitos métodos de aproximación numérica.

8- As estratexias de resolución de problemas aparecen transversalmente ó longo de todas as unidades didácticas. O seu tratamento debe ser explícito, programando actividades nas que haxa lugar para a reflexión sobre distintos tipos heurísticos que poden ser empregados na resolución do problema plantexado. A realización de esquemas escritos, paralelos á resolución dun problema, onde se describan os pasos seguidos, ensayos fallidos, acercamentos decisivos, etc...deberán ser práctica casi común.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN AUTILIZAR:

- Caderno de clase.
- Fontes documentais: prensa, estatísticas oficiais, textos, ...
- Instrumentos de debuxo: regra, compás (para o tema de programación).
- Calculadora.
- Ordenador. O uso de paquetes estatísticos ou dunha folla de cálculo facilitarán enormemente as operacións, sobre todo nos temas de Intervalos de confianza, Contrastes de hipóteses.

9. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Utiliza-lo método probabilístico para analizar e resolver situacións dos mundos científico, tecnolóxico, económico e social, asignando medidas en termos de probabilidade.

- Tomar decisións ante situacións basadas en datos reais que se axusten a calquera distribución, discreta ou continua estudada, por medio da asignación de probabilidades a acontecementos, empregando as táboas correspondentes.

- Planificar e realizar estudos concretos partindo da elaboración de enquisas, selección da mostra e estudo estatístico dos datos obtidos acerca de determinadas características da poboación estudada para inferir conclusións, asignándolles unha confianza medible.

- Analizar de forma crítica informes estatísticos presentes nos medios de comunicación e outros ámbitos, detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación.

- Analizar cuantitativa e cualitativamente series cronolóxicas mediante o estudo dos seus compoñentes. Facer prediccións en casos concretos empregando a información que proporcionan.

- Resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter científico, tecnolóxico, económico e social enunciados na linguaxe natural traducíndoos á linguaxe alxebraica, empregando as técnicas da programación lineal e interpretando as solucións obtidas no contexto de que se trate.

- Empregar táboas e gráficas como instrumento para o estudo de situacións empíricas, axustándoas a unha función e obte-los seus parámetros para adquirir información suplementaria, empregando os métodos de interpolación e extrapolación necesarios.

- Emprega-las técnicas de cálculo numérico na resolución de problemas contextualizados dos campos científico, tecnolóxico ou económico, traducíndoas á linguaxe alxebraica adecuado e estudiando as relacións funcionais que interveñen neles.

- Empregar adecuadamente as técnicas heurísticas para resolver problemas en campos diversos sendo capaces de dar unha descrición ordeada do proceso seguido para a resolución.

Farase un exame de cada tema que será eliminatorio. A nota da avaliación será a media aritmética das notas obtidas ata ese momento sempre que sexan superiores a 4, en caso contrario a avaliación será negativa.

As recuperacións faranse por avaliacións. Si a nota sigue sendo menor de 5 a avaliación non queda recuperada e será esta a nota que se terá en conta cara a avaliación final. Si a nota da recuperación é maior que 5 considerárase a avaliación aprobada .

Ó final do curso farase un exame para os alumnos que non teñan a asignatura aprobada no que cada alumno repetirá as avaliacións non superadas. Hai que ter en conta que “en ningún caso” se pode recuperar a asignatura completa nese exame final.

Si a nota da avaliación é maior que 4 e non chega a 5 o profesor correspondente pode decidir según o comportamento e a actitude do alumno ó longo do curso si este debe repetilo no exame final ou si se compensa co resto das notas.

Os alumnos que perderan o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia a clase sen xustificar, farán o exame final. O mesmo criterio se lles aplicará ós alumnos que por calquera outra razón que o profesor considere xustificada(por exemplo: copiar nun exame) perdesen o dereito a facer exames parciais.

E obrigatorio presentarse ós exames programados ó longo do curso. Si por algunha causa xustificada o alumno non pode asistir a algún exame deberá presentar ó profesor da asignatura un justificante médico adecuado. Si a causa non é médica os pais do alumno ou os seus representantes legais deberán poñerse en contacto directamente co profesor da asignatura antes da realización da proba.

10. Procedemento de avaliación extraordinaria:

En caso de no alcanzar os estándares ao longo do curso habrá unha proba extraordinaria en el mes de setembro. Para aprobar dicho examen será necesario cumplir los estándares establecidos para esta asignatura.

11. Indicadores:

	INDICADORES	Valoracións	PROPOSTAS DE MEIORA
PROCESO DE	1. Realiza la evaluación inicial al principio de curso para ajustar la programación al nivel de los estudiantes.		
	2. Detecta los conocimientos previos de cada unidad didáctica.		
	3. Revisa, con frecuencia, los trabajos propuestos en el aula y fuera de ella.		

4. Proporciona la información necesaria sobre la resolución de las tareas y cómo puede mejorarlas.		
5. Corrige y explica de forma habitual los trabajos y las actividades de los alumnos y las alumnas, y da pautas para la mejora de sus aprendizajes.		
6. Utiliza suficientes criterios de evaluación que atiendan de manera equilibrada la evaluación de los diferentes contenidos.		
7. Favorece los procesos de autoevaluación y coevaluación.		
8. Propone nuevas actividades que faciliten la adquisición de objetivos cuando estos no han sido alcanzados suficientemente.		
9. Propone nuevas actividades de mayor nivel cuando los objetivos han sido alcanzados con suficiencia.		
10. Utiliza diferentes técnicas de evaluación en función de los contenidos, el nivel de los estudiantes, etc.		
11. Emplea diferentes medios para informar de los resultados a los estudiantes y a los padres.		

12. Organización, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica nesta asignatura

13. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos previos:

Habrá unha proba escrita para saber que coñecementos da binomial e da normal traen de 1º de bacharelato.

14. Deseño avaliación inicial e medidas

No caso de fracaso xeneralizado, repetiránse os exámenes. Tamén se repartirán boletins de exercicios, para mellorar a comprensión dos temas que lles resulten difíciles.

15. Medidas de atención a diversidade:

Nos alumnos podemos observar diferentes capacidades, motivacións e ritmos de aprendizaxe. Uns alumnos/as desenvólvense mellor con actividades que requiran razoamentos deductivos e lóxicos, outros con actividades que supoñan unha experimentación cos obxectos reais, outros coa visualización de imaxes, etc. Así pois, o profesor ou profesora deberá propoñer actividades de diagnóstico, ampliación, recuperación, reforzo e avaliación tendo en conta aspectos coma os seguintes:

1. Detectar os coñecementos previos que cada alumno ten ó comenza-lo tema, propoñendo actividades de reforzo para aqueles alumnos nos que se detecte un retraso significativo. Nestas actividades de reforzo debe priorizarse o enfoque procedimental sobre o traballo con contidos conceptuais.
2. Procurar que os novos contidos que se pretenden ensinar sexan adecuados ó nivel de desenvolvemento cognitivo dos alumnos.
3. Propoñer actividades abertas onde os alumnos poidan alcanzar algunha meta máis ou menos complexa dependendo da súa capacidade.
4. Intentar que a comprensión dun contido por parte do alumno sexa suficiente para facer un mínimo emprego do mesmo e para enlazar os contidos que se relacionan con él.
5. Propoñer actividades de reforzo ou ampliación para alumnos que o necesiten

16. Concreción dos elementos transversais:

EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

Os números, aplicados ás oscilacións dos prezos, a situacións problemáticas relativas a transaccións comerciais, interese bancario,...

Os números para a planificación de presupostos.

Plantexamento de ecuacións para resolver problemas de consumo.

Tratamento estatístico da información relativa ós intereses do consumidor: consumo, evolución dos prezos e mercados, inflación, situacións económicas de empresas ou institucións.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Estudio sobre estatísticas referentes a hábitos de hixiene. Representación gráfica.

Estudio estatístico sobre a incidencia de certas enfermidades comparándoa cos hábitos dos pacientes cos lugares nos que viven, coas condicións hixiénicas xerais, co seu estado físico habitual...

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

Estudio da ley electoral en vigor en España e comparación con outros procedementos de reparto.

Estudio do comportamento cívico dun grupo de cidadáns ante unha certa situación, clasificándoo por grupos de idades, por sexo, etc. Representación gráfica.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

Emprego dos números e as súas operacións para obter resultados, sacar conclusións e analizar de forma crítica fenómenos sociais, distribución de riqueza, etc.

Estudio sobre o aumento de inmigrantes nunha zoa determinada e comportamento do resto dos cidadáns ante este feito.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

Realización de estudos sociais referentes a home/muller (traballo nunha certa actividade, remuneración, etc), e interpretación de posibles discriminacións entre sexos.

Representación gráfica dos estudos realizados.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

Búsqueda de información sobre ecuacións que rixen o crecemento de certas especies animais. Determinación do aumento ou diminución da poboación de ditas especies en certo período de tempo.

Estudios estadísticos sobre os desastres ecolóxicos que tiveron lugar en diferentes zoas.

EDUCACIÓN VIAL

Búsqueda da expresión analítica do movemento dun vehículo que circula a unha certa velocidade. Estudio de posibles incidencias nese movemento e consecuencias que se poden derivar.

Estudio estadístico sobre accidentes de tráfico, establecendo relacións coa idade do conductor do automóvil, época do accidente, lugar, condicións atmosféricas, etc.

17. Actividades complementarias e extraescolares:

Fomento da lectura
 Durante o curso fomentarase a lectura de xornais buscando noticias con números; durante os periodos de vacacións, estimularase aos rapaces a que busquen na biblioteca do centro ou na municipal, libros con contido matemático, diferentes aos que usan durante o curso; por exemplo paradojas matemáticas, acertijos, etc

Uso das TIC
 A parte do uso da calculadora e ordenador nas clases normais, fomentarase o uso das novas tecnoloxías fora das clases, por exemplo, que os rapaces fagan traballos en equipo e que logo utilicen programas, como Messenger, etc, para comunicarse entre eles. Tamen que aprendan a utilizar programas, como follas de calculo, para resolver ecuacións, etc.

18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora:

En este apartado pretendemos promover a reflexión docente y la autoevaluación de la realización y el desarrollo de programaciones didácticas. Para ello, al finalizar cada unidad didáctica se propone una secuencia de preguntas que permitan al docente evaluar el funcionamiento de lo programado en el aula y establecer estrategias de mejora para la propia unidad.

De igual modo, proponemos el uso de una herramienta para la evaluación de la programación didáctica en su conjunto; esta se puede realizar al final de cada trimestre, para así poder recoger las mejoras en el siguiente. Dicha herramienta se describe a continuación:

ASPECTOS A EVALUAR	A DESTACAR...	A MEJORAR...	PROPUESTAS DE MEJORA PERSONAL
Temporalización de las unidades didácticas			

Desarrollo de los objetivos didácticos			
Manejo de los contenidos de la unidad			
Descriptores y desempeños competenciales			
Realización de tareas			
Estrategias metodológicas seleccionadas			
Recursos			
Claridad en los criterios de evaluación			
Uso de diversas herramientas de evaluación			
Portfolio de evidencias de los estándares de aprendizaje			
Atención a la diversidad			
Interdisciplinariedad			

